Public. Diaria -30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

O lucrativo negocio de *Autopistas*
10

Unha acampada xusta
13



Neira Vilas afirma que ainda quedan "moitos Balbinos na aldea"
8-9

Onde están os talibáns?
17

Madrid descubre con Palacios o granito galego
24

BIBLIOTECA XERAL USC SANTIAGO

15 DE NOVEMBRO • 2001 • ANO XXIV • IV XEIRA | FUNDADO EN 1907 | Nº 1.008 • 200 PTA

O 14 de Novembro tiveron lugar as mobilizacións máis grandes dos últimos anos

Galiza, bandeira contra a reforma universitária

ANDRÉS PANARO

Bieito Iglesias

A historia escríbese de noite

Premio de Novela M. García Barros 2001

Unha revista encárgalle ao protagonista de *A historia escríbese de noite* a confección dunha reportaxe sobre o mundo da prostitución en Galicia. Este é o punto de partida desta novela saudosa pero chea de vida e humor.

EDITORIAL GALAXIA

O BNG comeza a renovación polo Parlamento
(Páx. 5)

A Académia aprobará o 17 de Novembro a 'normativa da concórdia'
(Páx. 7)

O 11 de Setembro non ten culpa da crise económica mundial
(Páx. 11)

Unha hora decisiva

O que ven sucedendo nas duas últimas semanas nas universidades galegas non era previsíbel. Nengun analista podia supoñer que fose precisamente aqui onde o movemento contra a LOU se erguese como unha soia voz. De nada valen as descalificacións categóricas do presidente da Xunta, que se nega a recoñecer un clamor, que une por primeira vez en moitos anos, a todos os estamentos universitários: profesores, estudantes e personal non docente. O proxecto do PP pode ter ainda unha volta atrás no Senado, pero o curso 2001/02 pasara de todas as maneiras aos anais do movemento social pola diversidade das mobilizacións, pola unanimidade do acordo e pola extensión xeográfica das mesmas, ameazando con paralisar o ensino universitário nos próximos meses e poñendo ao PP ao borde dunha forte derrota política se finalmente non se decide a devolver ao Congreso o proxecto da LOU na sua actual reformulación. O siléncio da Xunta, cando a autonomia galega pode levar un forte golpe se segue adiante a lei de ordenación universitária, carece de toda responsabilidade.♦

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias.
CONSELLEIRO DELEGADO: Xosé Fernández Puga.
VOGAIS: Xosé Mª Dobarro, Alberte Ansede, Antolin Fernández, Manuel Veiga, Bieto Alonso, Xan Costa, Xan Carballa e Miguel Barros.
SECRETARIO: Xan Piñeiro.

Director: Afonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Bergantiños, César Lorenzo Gil.

EDICIONS ESPECIAIS: Xosé Enrique Acuña.

DESEÑO DE MAQUETA: Xoselo Taboada.

Colaboradores:
MADRID: Manuel Seoane.
BARCELONA: Iria Varela.
PORTUGAL: Gonçalo Nuno.
SANIDADE: Maria Alonso.
CULTURA: Xoán M Estévez, Celso López Pazos, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Óscar Losada, Gonzalo Vilas, Xosé M. Eiré Val, Xosé Mª de Castro Erroteta, Xesus González Gómez, Manuel Rivas, Borobó.
LECER: Eva Montenegro Piñeiro.

Fotografía: Andrés Panaro. Xosé Marra, *Voz Notícias*.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartin, Ana Pillado Vega.

Xefe de Publicidade: Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración: Blanca Costas

Subscripcións: Lola Fernández Puga
subs.anosaterra@terra.es

Vendas: Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración: Rua do Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo. Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica: www.anosaterra.com

Teléfonos:
REDACCION: (986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico: **info@anosaterra.com**
ADMINISTRACION. SUBSCRIPCIONS E PUBLICIDADE: (986) 43 38 30*

Imprenta: E.C. C-3 1958

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN: 0213-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.

Está permitida a reproducción sempre que se citar procedéncia.

Máis de cincuenta mil estudantes nas manifestacións celebradas

As Universidades galegas á frente das protestas contra a LOU

PAULA BERGANTIÑOS - A. ESTÉVEZ

Lonxe de esmorecer, as protestas contra a LOU acadan cada dia maior dimensión. As mobilizacións van continuar afectando a vida académica das tres universidades galegas, que seguirán, unha semana máis, á cabeza das que contra Lei Orgánica de Universidades (LOU) se suceden no Estado. Estudantado, profesorado e traballadores da Universidade de Santiago seguen a protagonizar os actos máis multitudinários e espectaculares, pero os outros cámpus tampouco quedan atrás. No ánimo de todos: forzar a demisión da ministra Pilar del Castillo, e conseguir a paralización dunha lei que consideran "centralizadora, privatizadora e elitista".

Moita cor e moito ruído na xornada do Mércores 14 de Novembro. A comunidade educativa celebraba unha nova protesta histórica polo número de participantes nas manifestacións. Despois dunha semana de mobilizacións, estudantes de ensino medio, profesores e persoal, administrativo e de servizos (PAS), volveron sair a rua para demandar a paralización da LOU, actualmente en trámite no Senado. Coa participación dos estudantes do ensino medio, en Compostela xuntáronse perto de 30.000 manifestantes, en Vigo ao redor de 10.000, e vários milleiros tamén na Coruña (máis de 5.000), Ourense (ao redor de 3.000), Pontevedra e Ferrol. En Lugo, ao redor de 7.000, a maioria estudantes, conseguian formar unha cadea humana ao redor da Muralla.

Acampadas, caceroladas, cortes de tránsito e aulas na rua son xa sinónimos desta mobilización

Nos dias prévios, a universidade que volveu contar cunha axenda máis apretada de actos contra a LOU foi a de Santiago. Estas protestas estiveron promovidas pola *Asemblea de Estudantes* e a *Coordenadora de Profesores Afectados pola LOU*. Caceroladas nocturnas que ateigaron a Praza Roxa e ruas da zona vella e do Ensanche, por duas veces, até a madrugada, peches en case que todas as Faculdades, aulas con profesores na Praza de Praterias todos os dias, cortes de tráfico de máis duas horas e até unha folga de consumo e un "enterro" da Universidade Pública. Un calendário que tivo o seu ponto negro na carga coa que a policia despachou ao estudantado concentrado diante da Finca Simeón, o Luns 11 de Novembro, con motivo da visita dos Duques de Lugo, a Santiago.

Desde que o PP, CIU e Coalición Canária votaron a favor no Congreso da Lei Orgánica de Universidades, Santiago converteuse, cunha folga que semella vai ser indefinida, no motor das mobilizacións, incluso, do Estado. Mália ser a protagonista, non é a única cidade galega na que se pode escoitar polas ruas e a calquer hora berros de "Non a LOU". Desde o 7 de Novembro as protestas nos outros cámpus galegos acadan cada dia, maior dimensión.

Máis de trinta milleiros de persoas percorreron Compostela protestando contra a nova normativa universitária. A. PANARO

Acampada en Lugo

No cámpus de **Lugo**, as aulas fican valeiras desde o dia sete. Nesta cidade, os peches nas Faculdades que se suceden nos outros cámpus, substituíronse por unha protesta máis colorida, visíbel e atrevida para esta época do ano: unha acampada que concentra dúcias de

Pasa á páxina seguinte

Vén da páxina anterior

tendas diante da Biblioteca Intercentros, desde o Luns 12. Para quentar motores e subir o ánimo, os estudantes iniciaron a durmida coa celebración ao serán dun magosto. Xa durante o fin de semana, recolleran ao redor dun millar de sinaturas contra a LOU nas mesas informativas que colocaron no centro da cidade. Tamén houbo aulas na rua. Concretamente na Praza de Santa Maria o Martes 13 co director da Escola de Maxisterio, Uxio Otero.

Algo semellante fixeron en **Vigo** o mesmo dia, cunha aula maxistral que impartiu na Praza da Constitución o escritor e profesor de Secundária, Méndez Ferrin ante un público formado maioritariamente por universitários, ainda que tamén por unha morea de curiosos se uniron de xeito espontáneo. Pero a xornada de protesta comezara xa pola mañá. O Martes 13 o estudantes preparábanse para a cita do dia seguinte cunha manifestación que discorreu por várias ruas. Partiu do Reitorado e rematou en Urzaiz diante da sede do PP e incluiu duas sentadas que cortaron o tráfico no centro da cidade olívica. Pola noite, e seguindo o exemplo do estudantado de Compostela, os de Vigo protagonizaban tamén unha sonada cacerolada na Praza de España. Os estudantes decidiron ir á folga nunha asemblea multitudinária que se celebrou o Luns 11 na Facultade de Económicas, no Cuvi e que se viña sumar a que xa tomaran o Venres 8 os matriculados en Filoloxia e Tradución.

Collage humano

A medida que se achegaba o Mércores 14 as protestas acaban tamén unha maior repercusión en **Pontevedra** e A Coruña, cámpus nos que os estudantes tamén protagonizaron peches en diferentes facultades. Entre outras actividades, os viciños de Pontevedra puideron ver unha manifestación o Martes 13, na que os participantes formaban cos seus corpos e sillas un collage coa frase "LOU Non" na Ferreria. Os estudantes de Pontevedra preferiron non perder aulas e trocaron a folga por paros diários todas as mañás e xogos na rua durante o fin de semana.

Os universitários da cidade do Lérez convidaron –o Martes 13 no peche que celebraba na Facultade de Ciéncias Sociais– a un grupo de representantes dos CAF de Compostela para que lles explicaran como está a funcionar o movimento estudiantil na capital de Galiza. Esa noite decidiron seguir o modelo de asembleas por Faculdade e unha Coordenadora de Cámpus. A primeira Asemblea Xeral celébrana o Xoves 15 ás dez da mañá na Praza da Ferreria.

As caceroladas protagonizadas por estudantes tamén chaman á atención dos viciños que pasean polas ruas máis céntricas de **Coruña** desde o Luns 11, dia no que o estudantado comezou a secundar unha folga que en princípio durará até o Luns 19. Celébranse asembleas case que todos os dias e os universitários improvisan novos actos de protestas. Ali os peches son rotativos. O Luns houbo durmida en Ciéncias da Educación, o Martes en Empresariais e o Mércores en Filoloxia. Tamén colocou mesas informativas en **Ourense** a Coordenadora xeral contra a LOU que agrupa a representates dos diferentes sectores (estudantes, PAS e profesores). Este cámpus foi o primeiro que seguiu os pasos da Universidade de Compostela cun peche na Escola Politécnica o sete de Novembro.♦

Os políticos do PP foron protagonistas de moitas das pancartas da protesta. A. PANARO



A carga policial do Luns 11, punto negro da semana

Orixinais e pacíficos

Un minuto para desaloxar non foi tempo de abondo para que unha morea de estudantes puideran ter fuxido dos paus da policia. Orixinalidade e pacifismo levan impregnado as mobilizacións. Málias isto, o Luns 11 de Novembro a Policia cargou contra eles para desaloxar os arredores dun acto no que coincidian o presidente da Xunta Manuel Fraga, quen xa afirmou que "as leis non se fan na rua", e os Duques de Lugo.

Ás 12:00 horas, perto da Finca Simeón, no bairro de Vista Alegre, máis de 2.000 estudantes agardan pola sua chegada. Os axentes das forzas antidistúrbios receben unha chamada de teléfono e colócanse os cascos. Un grupo reducido de manifestantes comeza a tirar obxectos e os seus compañeiros deciden sentarse para desvincularse da acción e demonstrar que a sua é unha protesta "sen malas intencións". Non serviu de nada. A orde estaba dada e tirados no chan comezaron a receber porrazos e pelotazos da Policia. O resultado: un mozo foi evacuado en ambuláncia cunha brecha na cabeza e outros tres tiveron que receber asisténcia hospitalária.

As feridas dos estudantes escocen, pero escocen mais despois de escoitar as palabras do Delegado do Governo, Arsenio Fernández de Mesa cando nega a carga e di que só houbo disparos de fogueo para separar os alunos e que as autoridades puideran entrar. "Dixéronos que nun minuto tiñamos que desaloxar, pero non nos deron tempo a movernos, En canto tratamos de sentarnos para demonstrar que non queriamos facer dano a ninguén empezaron a mallar en nós", conta un dos representantes estudiantis.

O deputado do BNG no Congreso, Carlos Aymerich solicitou por esta razón a comparecéncia do Ministro do Interior, Mariano Raxoi. Unha comisión de estudantes vai ser a encarregada de coordenar as denúncias ao Valedor do Povo pola carga policial sufrida o pasado Luns, pedir a demisión formal do subdelegado do Governo e apresentar unha instáncia formal ao Consello de Ministros cunha série de probas documentais coas que queren demonstrar que a Policia cargou de maneira desproporcionada. Tamén o PSOE, os CAF, NOS-UP e a Coordenadora de Profesores Afectados pola LOU condenaron a actuación. A concelleira do BNG en Santiago, Encarna Otero, que estaba presente no acto institucional, tamén sinalou que en ningún momento percebeu nada que puidera motivar esta acción. Na manifestación do Mércores 14 en Compostela, eran numerosas as pancartas nas que se podian ler lemas do tipo "a forza non está nas porras", "PP fascista ainda que soltes os cans non nos vas facer calar, violentos non seremos pero a LOU mataremos ".♦

A Universidade bótalle un pulso ao PP

Só un mes despois do PP gañar as eleicións autonómicas por maioria absoluta, Galiza lidera a contestación á política guvernamental. A LOU apreséntase como ramo dunha clara orientación ideolóxica regresiva no social (privatizadora dos servizos públicos, recuperadora dos previléxios da alta burguesia) e unificadora das diferéncias nacionais. Fronte a ela, cunhas mobilizacións sen precedentes nen parangón peninsular, atópanse os rectores, catedráticos, profesores, bolseiros, estudantes universitários e do ensino médio e personal funcionário das universidades.

Esta mobilización masiva é contestada polo presidente en funcións da Xunta coas mesmas palabras que usaba nos comunicados do Ministério de Información e Turismo: "son produto de instigadores". Non explica hoxe Fraga Iribarne quen son eses "instigadores" que, xa daquelas, tiñan toda a culpa das protestas universitárias. Fraga tamén afirma unha e outra vez que as leis non se "fan nas ruas". Pero o Governo central non só se negou a escoitar aos estamentos unversitários na etapa de redacción, senón que cando o Conselo de Rectores se pronunciou contra da LOU foron descalificados e insultados. Entre outros epítetos utilizados aparece o de "progres trasnoitados", que evidéncia un claro intento de "cámbio" para tempos pretéritos.

O autismo do Governo e a sua teima en impoñer unha política antisocial e antinacionalista coa forza da sua maioria absoluta, implica que a única resposta da sociedade sexa a mobilización. Unha mobilización protagonizada polo universidade galega que denota unha enorme vitalidade (que moi poucos eran quen de albiscar) tanto pola participación númerica coma polas formas de protesta escollidas.

As clases maxistraias na rua, as caceroladas, as manifestacións con candeas, as visitas ao cimentério, mesturáronse coas manifestacións, cos peches, coas acampadas... O uso das novas tecnoloxias da información coas vellas pancartas. As novas consignas con slógans que xa semellaban aparcados no repertório estudantil para sempre. Un deles sobresae entre todos: "ensino público". Un ensino público engulido pola gaivota azul do PP que todo o traga.

O PP non dá soportado esta contestación tan ampla e diversificada e, á vez, tan intelixente. A cárrega policial do 12 de Novembro é unha mostra desa intransixéncia e de como tratan de impoñer, pola forza bruta, outra dinámica máis acorde cos seus intereses. Fronte a esta violéncia provocadora, os estudantes responderon sentando onde non podian ser reprimidos máis que cun asañamento manifesto (táctica que xa puxo en marha numerosas veces o movimento antiglobalizador).

Polo demais, o movimento universitário denúncia a preséncia de infiltrados policiais que teñen como obxectivo desbaratar as protestas xustificando as cárregas policiais (é esta unha constante nas mobilizacións en todo o Estado nestes últimos dous anos, significativamente en Barcelona e Madrid). Pora voltar ao esperpento, o Delegado do Governo, Fernández de Mesa explica que a causa das feridas que tiveron lugar durante as cárregas policiais foron as pedras que lanzaban os próprios manifestantes. Pedras que, seguindo unha extraña lei física con vixencia na ditadura, permiten que estas impacten nas cabezas dos manifestantes.♦

A NOSA TERRA

O profesorado da Universidade de Santiago continua en folga

Unha semana de vertixe nos cámpus galegos

Antes do éxito de convocatória da manifestación e folga estatal do Mércores 14 de Novembro, estudantes, profesores e PAS xa adiantaban que de non mudar a decisión politica do PP, seguiran argallando actividades de protesta. En todos os cámpus se traballaba ao peche desta edición cun novo calendário de mobilizacións. En Lugo e Santiago, o profesorado tomou a decisión de non acudir ás aulas até o 22 de Novembro. O Xoves 15 os senadores galegos reuniranse cos tres reitores para explicarlles as suas demandas. O do BNG, Anxo Quintana, comprometeuse a recoller as reclamas de todos os sectores.

No cámpus de Ourense, nunha asemblea celebrada o Martes 13, os estudantes xa decidiron que continuarán coa folga, cando menos, até o Luns 19. A Coordenadora Xeral contra a LOU, que agrupa representantes dos diferentes sectores –profesores, estudantes e PAS– no cámpus das Burgas vai seguir coa recollida sinaturas en contra da LOU con mesas desde as que informan aos cidadáns na rua. Nesta cidade seguirán o exemplo dos compañeiros de Compostela e o Xoves 15 tratarán de colapsar o Servizo Galego de Colocación ao demandar da Administración un posto de traballo. Ese mesmo dia celebraran un magosto con xogos e actos reivindicativos. O Venres 16 aproveitarán as doazóns de sangue para volver a concentrarse e o Domingo 18 daranlle publicidade a sua protesta apuntándose e participando na tradicional carreira de San Martiño que se celebra na cidade. Antes da Asemblea do Luns 19 na que decidirán se continuan coa folga, non descartan tampouco facerlle un xuizo á LOU.

Vigo acolleu unha manifestación de máis de dez milleiros de universitários. Na fotografia da direita o escritor Méndez Ferrin durante a leición maxistral que impartiu na Praza da Constitución. A.N.T.

O próprio Mércores 14 os estudantes de Vigo continuaban con actos para chamar a atención de Pilar Del Castillo e comezaban a protagonizar un peche na Escola de Peritos. Ao dia seguinte deciden en asembleas de Facultdade e Escola os novos actos de protesta, do mesmo xeito que o fixeron en Lugo os universitários, o Mércores 14. Tamén en Pontevedra ese mesmo dia os estudantes decidirán sobre o seu futuro en Asemblea Xeral na Praza da Ferreria, pero xa adiantan que haberá caceroladas, donacións de sangue masivas, e colas nas oficinas do INEM. Actividades similares realizaranse tamén na Coruña, onde se celebran asembleas case que todos os dias e un peche rotativo.

Nalguns cámpus as protestas chegaron á oficina do INEM onde os estudantes se anotaran como desempregados

En Santiago os actos tamén continuaron o proprio Mércores 14 pola tarde. Os estudantes acudiron a Praza do Obradoiro para, con fichas de clase, co nome e a foto, construir no chan o lema, "Non á LOU". Para o Xoves 15 decidiron concentrarse diante da oficina central do Banco Central Hispano e tentar colapsala. O obxectivo: protestar contra a entrada de capital e control privado na universidade pública. Pola noite folga de consumo novamente e actividades nos peches das faculdades. O Venres 16 tratarán de colapsar o rexistro da Xunta con instáncias contra a LOU.

A Asemblea de Estudantes volverá xuntarse o Xoves 15 ao serán na Quintana para decidir se continuan, igual que o profesorado, coa folga. Asimesmo, unha Comisión de Emendas formada por membros desta Asemblea ten previsto promover un referendum en nome da USC para aprobar un texto alternativo que constitua unha emenda á totalidade da contra a LOU.♦

Os estudantes queren amosar a sua importáncia económica en Compostela

Un convite a non consumir

"Mire, teño todo por vender". A tendeira amosa á xornalista un caixón de froita e outro de bolsas de leite. E é que os estudantes decidiron levar a cabo unha folga de consumo o Luns 11 para amosar que do seu gasto depende boa parte da cidade de Compostela. Na primeira das convocatórias, moitos estabelecementos decidiron pechar pola falta de clientela, e o Xoves 15 todo semella indicar, que a "movida estudiantil" vai quedar deserta.

A oposición á LOU impregna a cidade e todos fan o imposíbel para informar. Autocolantes na roupa e no mobiliário urbano, pancartas que colgan das fiestras dos pisos e que visten as facultdades... Cada centro ten representantes nunha Coordenadora que funciona a nível de Cámpus e a Asemblea Xeral reúnese periodicamente na Quintana, onde xunta a milleiros de estudantes. Teñen meios de comunicación próprios, axendas que pode un atopar nos lugares máis insospeitados, o voceiro *Asemblea* ou a páxina WWW.geocities.com/asamblea-compostela.

Honras fúnebres

Outra das actividades máis surprendentes que se celebraron en Santiago, foi o enterro da Universidade Pública en Bonaval, na noite do Martes 13. Ringleiras de centos de xente nova, con círios prendidos, prantos e coroas, acompañaron o cadaleito desde a Igrexa até o camposanto onde se realizou un ofício relixioso. Ali mesmo apareceu unha figura sobrecolledora, un personaxe sinistro que portaba unha gadaña e que declarou ser a LOU, "principal causante da desaparición da Universidade Pública".

A movida estudantil de Santiago quedará deserta o Xoves 15

Teatro e cantos como "Pilar ten piedade" déronlle o "último adeus" e despois de que fixera aparición, tamén, un espantallo de muller cunha cinta na que se podia "Pilar del Castillo. Miss Universidade Pública", o "párroco" propuxo que os congregados gardaran un minuto de siléncia pola "finada". Na esquela podiase ler: "A Universidade Pública finada a mans de Pilar del Castillo sen estar confortada polo auxílio democrático. A Comunidade Universitária, PAS profesores, alunos, pregamos unha manifestación para foder o descanso da maioria absoluta do PP".♦

GALIZA
15 DE NOVEMBRO DE 2001 • Nº 1.008

Bautista Alvarez deixará a Mesa do Parlamento
e os deputados abandonarán o cárrego de concelleiros

O BNG comeza a sua renovación

A.EIRÉ

As bases viñan demandando un cámbio nas distintas asembleas comarcais e o grupo parlamentário do BNG decidiu dar o primeiro paso xa antes de rematar a análise dos resutlados eleitorais. Pode considerarse unicamente un xesto. Pero é un xesto significativo: Bautista Álvarez deixaralle o seu posto na Mesa a Salomé Álvarez e os deputados terán que optar entre ser parlamentários ou concelleiros.

Bautista Álvarez

Bautista Álvarez semellaba feito para un cárrego na Mesa do Parlamento. Rigoroso, sistemático, picalleiro até exasperar aos seus próprios compañeiros, non optará ao cárrego. O seu lugar na vicepresidéncia segunda será ocupado por Salomé Alvarez. O cámbio é todo un xesto da decisión de renovación do BNG. Deixa o seu posto un histórico do nacionalismo como Bautista Álvarez, presidente e fundador da UPG, que será ocupado por unha muller independente.

A renovación comeza polo grupo parlamentário que, nas distintas asembleas comarcais para analisar o resultado, foi posto como unha das eivas que contribuiron ao estancamento eleitoral. Tanto polo seu funcionamento, como polo seu imobilismo, como por non incluir a máis mulleres.

Tamén realizarán cámbios os nacionalistas na portavocia parlamentária. Xosé Manuel Beiras seguirá a ser o seu voceiro, con Suárez Canal, até de agora coordenador do grupo (cárrego que seguirá a ocupar) como voceiro suplente. Pilar Garcia Negro e Francisco Trigo seguirán os outros voceiros.

A outra decisión significativa adoptada pola permanente do BNG e polos próprios parlamentários é que os parlamentários que simultanean na actualidade esta función coa de concelleiros, deberá de optar antes de Febreiro por un dos dous cárregos, "para optimizar o traballo parlamentario".

Esta decisión aféctalle á deputada Salomé Álvarez, que xa renunciou ao seu posto de concelleira en Pontevedra, a Eduardo Gutiérrez e Rodríguez Peña, que deixará de ser concelleiros de Ribadeo e Ourense respectivamente, e a Henrique Tello. O concelleiro coruñés afirma que ainda non ten a decisión tomada, pero semella que abandonará a sua portavocia no axuntamento coruñés para continuar á fronte dos temas educativos no Horreo.

Este intento de comezar cun maior reparto de xogo, evitando a dualidade de cárregos institucionais, que os nacionalistas xa aprobaran hai seis anos na Asemblea Nacional do Ferrol, sen que se puxese en práctica por motivos organizativos, levará tamén consigo unha reorganización nos órganos de dirección para que non sexan copados maioritáriamente polos cárregos institucionais. A idea da actual dirección nacionalista é darlle máis xogo ás organziacións sectoriais e de base "para ter un contacto máis directo coa sociedade".

A renúncia de Guitierrez, Peña e, posibelmente, de Tello, leva implícito que o BNG deberá de nomear outros tantos cabeceira de lista en Ribadeo, Ourense e A Coruña.♦

Arelas de cámbio

Nunca tantos militantes participaron nas asembleas comarcais do BNG, como nas que ven de celebrar para analisar os resultados eleitorais. Mesmo moitos simpatizantes se deron de alta para poder estar no debate, segundo recoñecen fontes da organización. Tamén estaban case todos os membros do Consello Nacional na reunión que celebrarón o 10 de Novembro. Tantos que non chegaban as cadeiras.

O máximo órgano nacionalista entre asembleas escoitou as analises realizadas polas distintas comarcas e, mália a rematar a xuntanza ás 3 da tarde, deixaron a medias o traballo, que terá que continuar nunha nova xuntanza a celebrar o 24 de Novembro.

Segundo vários dos participantes, nas intervencións respirábase maioritáriamente "arelas de cámbio". Cámbios como a renúncia dos concelleiros que alguns agardaban se producisen xa nesa mesma reunión. Os cámbios, como un claro xesto de que a dirección se está a mover, chegaron só catro dias despois no gurpo parlaentário.

Os outros, os máis importantes, terán que agardar a Asemblea Nacional, con data a designar o próximo dia 24. Daquelas abordarán as "eivas organizativas e os vícios e lagañas existentes" que viñan pospoñendo nas últimas tres asembleas. Cunha organización en ascenso contínuo, nen a dirección nen as bases de decantaban por realizar uns cámbios que moitos apontaban pero que viñan adiando.

Agora semella que se decidiron a apeitar con eles. Sobre todo as bases, segundo alguns dos responsábeis comarcais consultados por *A Nosa Terra* sobre o desenvolvimento da asembleas. En moitos membros da dirección do BNG existe a sensación de que os militantes se fustrarian se na próxima asemblea se realiza só unha lavarutaxe sen entrar no fondo, que "non é de persoas, senón de política", afirman. "Primeiro defínese a política a realizar, despois escólle ás millores persoas para levala a cabo", insisten. ♦

A NOSA TERRA

Botellas incendiárias na Cidade da Cultura

Dezasete artefactos con oitenta e cinco litros de gasolina foron colocados nos camións da empresa *Fergo,* que realiza obras no monte Gaiás en Compostela onde se vai construir a Cidade da Cultura. O Luns 12 os traballadores localizaron nos seus veículos botellas preparadas para estoupar cando arrancaran os camións. Mália estaren aparcados outros veículos de traballadores autónomos, os artefactos só foron colocados nos camions de Fergo, polo que a policia non descarta liortas empresariais ou laborais como móbiles. Hai oito meses que comezaron as obras no monte Gaiás.♦

O concello de Castroverde denúncia a Deputación por recorte de axudas

Segundo explica o alcalde de Castroverde, o socialista Xosé Maria Arias, a indemnización que correspondia a este município polo dano dos temporais foi recortada en catro millóns de pesetas (24.040,48 euros) pola Deputación de Lugo. As axudas estaban xa aprobadas pola Xunta e polo ministério de Administracións Públicas. Arias, xunto ao portavoz provincial do PSOE, Manuel Martínez, anunciaba que ian recurrir á via xudicial. Este concello lugués apresentou na subdelegación do Governo unha memória de danos por unha contia de case 28 millóns de pesetas (168.283,39 euros). Ao ser admitido o informe, correspondíalles unha axuda da metade, 14 millóns de pesetas (84.141,69 euros). No seu papel de mediadora, a Deputación teria recortado en vinte millóns a proposta, quedando rebaixada a subvención en catro. Arias sinala que levan requerido unha resposta da institucion provincial pero que só receberon siléncio. Asimesmo descartan que se tratara dun erro na tramitación da axuda.♦

Unanimidade para o plano especial do castro de Elviña

No pleno do Luns 12 de Novembro no concello da Coruña debatiuse ao redor do plano especial para o castro de Elviña. Houbo unanimidade na corporación para protexer este património dentro da cidade e para comezar as actuacións especiais no xacemento arqueolóxico unha vez que a Xunta de luz verde. O concelleiro de Urbanismo, Salvador Fernández Moreda defendeuse das acusacións do BNG de actuar tarde. Sobre o xacemento sinalou o edil nacionalista Henrique Tello que "foi vítima dun abandono institucional incríbel durante moitos anos, nos que incluso se chegou a instalar unha torreta de alta tensión na cima do castro". Os nacionalistas, o mesmo que os *populares*, apoiaron de todos xeitos o plano.♦

Un ano en defensa dos rios

Coordenar a unha morea de colectivos e funcionários e darlle a dimensión que merece aos efeitos das minicentrais nos rios do país son os principais logros conqueridos pola Coordenadora Galega en Defensa dos Rios despois de un ano de existéncia. Valoran positivamente o traballo realizado, visíbel através das concentracións semanais en Compostela que informaban aos cidadáns do impacto dos encoros na riqueza biolóxica dos rios. Seguirán mobilizándose todos os meses; en Decembro no rio Lérez, en Xaneiro no baixo Ulla, en Touro, en Febreiro, no alto Ulla, e en Maio na Estrada.♦

O Governo non sabe se Pontevedra terá enlace coa A-52

"A cidade de Pontevedra está unida á A-52 directamente pola estrada N-550 e indirectamente mediante a autoestrada A-9 e unha tramo da autovia N-120 até o núcleo do Porriño onde enlaza coa A-52". Esta é a resposta do Governo a unha pergunta de Guillerme Vázquez, deputado do BNG, que se interesaba polos estúdios previos para a realización dunha via que comunique Pontevedra coa A-52. Segundo ao Governo o estudio de mobilidade está practicamente rematado e se contemplan "diversas solucións".♦

Setenta e duas horas nun contenedor de Zara

Chegaron ao polígono de Sabón, en Arteixo, tras setenta e duas horas metidos nun contenedor que partira de Marrocos. Foron cinco os imigrantes descubertos o Martes 13 de Novembro por un garda de seguridade do grupo Inditex, de cuxa factoria marroqui saiu o camión. Se non solicitan asilo, os cinco mozos, posibelmente cidadáns de Marrocos, serán expulsados tras un prazo de 48 horas.♦

OPINIÓN

¿ESTÁ O BNG NUN DILEMA?

XOAN CARLOS CARREIRA PÉREZ

Hai ano e medio aproximadamente, escribín dous artigos neste semanario apontando a posibilidade de que o BNG se estivese estancando e se puidera producir un fracaso eleitoral. Por desgracia atinei. Estes días estiven agardando ler e escoitar as valoracións posteleitorais. O que levo oído e lido limítase a constatar un feito (fixemos mal as previsións) e indicar, ademais das causas externas (nas que todos/as coincidimos) a posibilidade dun certo anquilosamento que non é máis que a constatación doutro feito.

Sen embargo, non me cadrou escoitar ou ler explicacións das causas que fixeron que o BNG como colectivo errase nas previsións cando (a xulgar polos comentarios que teño escoitado pasadas as eleicións) eran substancialmente diferentes non xa das miñas senón das de bastante xente (certo que aquelas persoas que afirman que agardaban resultados parecidos aos reais ou non son afiliados/as activos organicamente ou nen tan sequer o son).

Na miña opinión, o fallo nas previsións eleitorais unicamente sería preocupante se se cometera por algunha destas dúas razóns: pechar os ollos á realidade e a crítica (matando ao mensaxeiro se é preciso) ou por estar máis preocupados/as da "cuestión interna" que da traballar unidos cara o futuro.

Non me considero capacitado para analizar se é así, en todo caso agardo que as previsións fallaran por erros sen maior relevancia se non se volven repetir. Ao meu entender efectivamente se produciron erros na interpretación da realidade. Hai ano e medio expresaba o meu temor ao estancamento do BNG, en base a unha serie de apreciacións que daquela non explicitei demasiado por lóxica prudencia, pero que agora paréceme que pode ter interese facelas públicas.

■ **O ESPELLISMO DAS ELEICIONS MUNICIPAIS.** Chegar á alcaldía de tres cidades e ao goberno doutras dúas creou unha sensación de éxito que, no meu entender, non era posible deducir dunha análise rigorosa dos datos. Máis ben, pola contra, estes amosaban unha insuficiente base social de apoio. As organizacións coma a nosa, acostuman a obter os mellores resultados naquelas eleicións máis próximas nas que a "introducción social" pode combater mellor o que a propaganda mediatiza. Pero velaí que neste caso perdíamos o 25% dos votos a respecto das autonómicas e eramos superados polo PSOE que amosaba ter unha maior introdución social.

Os resultados nos concellos pequenos evidenciaban estancamento e nas cidades, con ser bos, tampouco eran brillantes e nalgúns casos (Lugo, por poñer o exemplo máis próximo) mesmo podería considerarse un pequeno fracaso se temos en conta que se deron nun ambiente de euforia nacionalista e de máximo deterioro do PSOE. A pesares de todo creouse o espellismo dun BNG en ascenso imparable.

■ **A "SUBA INSUFICIENTE" DAS ELEICIONS XERAIS.** Os resultados das eleicións xerais interpretáronse coma unha "suba insuficiente" (¿Non houbo daquela erro nas previsións e no enfoque da campaña?) e cometeuse un novo erro interpretativo xa que naquelas alturas, segundo a opinión que expresei neste semanario, podíase apreciar xa o estancamento do BNG.

Cando un se para nun camiño non chega cunha foto fixa para saber cara onde vai, senón que compre ver o antes e o despois. A foto fixa das xerais amosaba a un BNG moi por riba de convocatorias anteriores, mais a foto en movemento amosaríanos un BNG cara abaixo. As medidas a adoptar non serian as mesmas de términos decatado que estabamos a perder apoios nun contexto que seguía a ser altamente favorable para a obtención do grupo parlamentar (desfeita do PSOE-IU e BNG gobernante nas cidades)

■ **A VALORACION DO VOTO DA MOCIDADE.** Na miña opinión o BNG non conecta axeitadamente coa mocidade hoxe en día. Os rapaces e rapazas máis progresistas son abstencionistas (falo en xeral sen cuestionar o progresismo dos/as votantes do BNG). O problema non está tanto en que o BNG non ilusione coma antes (cousa que é verdade) senón en que as organizacións nacionalistas da mocidade non teñen introdución real entre esta e, perdoade se esaxero, creo que ata sofren un certo rexeitamento entre aqueles sectores para os que o progresismo social, a participación e a democracia é algo vital e non un "revestimento" de oportunidade política. Neste senso, a análise de que a xente nova vota maioritariamente BNG en certa maneira veuse abaixo no 21-O pero, ogallá me equivoque, aínda pode ter unha caída máis estrepitosa.

■ **A INTERPRETACION POLITICA DAS ELEICIONS SINDICAIS.** Unha interpretación política das eleicións sindicais amosaríanos que nelas tamén apareceron síntomas de estancamento, pero eu non coñezo que se fixeran análises ao respecto. Como vedes, non creo que o problema destas eleicións fose debido a que non se visualizase a posibilidade de acadar o goberno da Xunta. Máis ben creo que unha parte dos/as votantes do BNG abstivéronse (¿estamos seguros de que realmente foron todos/as á abstención?) porque non visualizaron o que ía facer o BNG no Goberno. Estou de acordo con quen pensa que existe unha maioría social que quere un cambio transformador pero a práctica do BNG non transmite a confianza nen a posibilidade real de conseguilo. Noutra ocasión xa teño dito que aínda que esto poida estar claro na Direción ou nalgunha persoas, non o está no conxunto da afiliación. A práctica diaria do BNG parece bandear entre dous extremos (permitídeme que esaxere para tipificalos).

Por unha banda están aquelas persoas ou colectivos que dan a impresión de facer política para "acumular" forzas á espera de que a vangarda tome o poder e dende alí marque o camiño correcto a toda a poboación. Teñen interiorizado que aquí e agora non hai nada que facer e nada fan. Iso si, chaman continuamente ao rearme ideolóxico e seguen prometendo o paraíso cando dispoñamos do poder. A sensación que se transmite neste caso é de incapacidade ou hipocrisía política que xera desencanto .

Outras persoas ou colectivos dan a impresión de tentar percorrer un camiño que outros (coma o PSOE) xa percorreron antes na xestión e na práctica da oposición. Neste caso, pódense acadar uns cantos votos "centristas" mais desmobilízase socialmente e transmítese a sensación de que nada vai cambear.

Nen nun caso nen no outro se resposta ás necesidades sociais nen ás expectativas de cambio que debe visualizarse como real e posible aquí e agora, concretando propostas e, se é necesario, abrindo de novo camiños na xestión e na práctica política diaria.

Hai ano e medio sostiña a tese de que o estancamento do B.N.G. era debido a problemas estructurais e non tácticos nen coxunturais. Non vou insistir nela e remítome a resumir estes problemas en tres:

- En primeiro lugar, digámolo sen medo, o BNG ten un problema ideolóxico. Non se trata de volver debater sobre o noso carácter nacionalistas ou de esquerdas (en sentido amplo) senón de saber qué significa isto aquí e agora e concretar os obxectivos no prazo que se poden albiscar en política (¿ Poñamos por caso o primeiro cuarto do século XXI ?)

- En segundo lugar o BNG ten un problema político que consiste en penetrar na base social do PP , tendendo pontes cara ela, sen perder a súa base progresista.

- En terceiro lugar o BNG ten un problema de participación real e efectiva, tanto interna como externa, entendida esta como o papel que deben xogar os distintos sectores sociais na definición da súa política e non só coma meros receptores dela.

Tratase en definitiva de dar o paso dun BNG de espírito tan só rebelde a un BNG de espírito revolucionario. O primeiro pode ser opositor, mesmo radical pero non necesariamente revolucionario. O segundo implica traballar por un cambio que sexa transformador, pero tamén viable e real dende xa.

En resumidas contas, na miña opinión o problema non está en Xosé Manuel Beiras (¿Por qué as críticas agora, despois dun fracaso eleitoral?). nen nunha reafirmación ideolóxica abstracta (aínda que sexa necesaria a ideoloxía), nen na renovación de persoas (aínda que sexa necesaria tamén). A renovación, se se produce, debe ter uns obxectivos concretos porque, se non se inicia unha nova etapa no nacionalismo, ¿qué sentido teñen os relevos nunha Direción, que no seu conxunto, coas súas virtudes e defectos, ten conducido de maneira atinada (e por veces brillante) ao nacionalismo galego no último cuarto do século?♦

Xosé Lois

HORA DE CONTAR CON TODOS

XOSÉ M. GONZALEZ

Se desposuímo-la palabra de todo dramatismo, paréceme preciso afirmar que o movemento nacionalista galego está en crise. Esta afecta ante todo ó seu máximo expoñente político, o BNG, e cara afora, xusto é dicilo, dá a impresión de estarse a abordar con serenidade e, esperémolo, tamén con siso.

Todo proceso destas características esixe un debate, e o do nacionalismo arestora pode definir de vez se a crise vai ser, como opinou un dirixente do BNG, de crecemento ou se vai conducir a un devalar político e electoral que outros esperan arelantes. Coido que o sentido das cousas se definirá en pouco, moi pouco tempo.

O esencial neste momento, desde o meu punto de vista, non é recupera-lo electorado perdido (ou dimisionario), nin concorrer con opcións de goberno a uns hipotéticos comicios anticipados, con todo o importante que isto resultaría. É prioritario redefini-lo discurso –non parece dubidoso que isto se fará– e conseguir que teña máis proxección e influencia social. Das forzas relevantes no país, é seguramente o Bloque a que peor interlocución ten coa sociedade, e iso non se debe só ó factor mediático. O discurso ideolóxico non se conceptualiza -ou verbaliza- adecuadamente e hai unha gran escaseza de transmisores: a afiliación é pouca. O BNG ten máis afiliados, iso é verdade, ca votantes outros grupos, pero hai unha gran desproporción –para mal– entre o número de carnés repartidos e o de apoiantes electorais. Urxe que iso cambie, e para ben.

Ignoro se é moi difícil apuntarse ó Bloque. Ignoro se para estar afiliado se esixe un gran nivel de coherencia ideolóxica e apoio público sen reservas ás posicións oficiais da fronte. Sempre será útil –inestimable, diría eu– que haxa xente preocupada por manter un rigor e evitala desvirtuación dun movemento que sofre e vai sufri-la hostilidade e maila presión do sistema dominante. Pero é momento de abrirse, de contemplar moi diversos niveis de compromiso e vinculación. De facer que iso, se cadra xa posible na teoría, se faga práctica, práctica visible, e redunde na multiplicación de axentes políticos de base.

Os actuais votantes ó nacionalismo son varios centos de miles de galegos. Deles, hai moitos que non están afiliados nin seguramente nunca se afiliarán. Así e todo, o BNG debería contar con eles na hora da reflexión e a redefinición. Recollendo de cadaquén o que poida ou queira ofrecer.

Moitos fomos militantes nacionalistas, e coido que arestora somos algo máis ca votantes. Entendo que o BNG nos debería dar voz neste momento, baixando a solicitala se é preciso. O estar na sociedade, no traballo, na casa e na rúa, sen perspectica militante pero si ideolóxica, debía facer que a organización estimase os nosos puntos de vista.

"Non creo que conten connosco". Dicíamo outro deses hai uns días, coa perspectiva e desde a experiencia destes últimos anos. O difícil que resulta que un do Bloque se pare a falar contigo de política parece darlle a razón. Pola miña banda, vou esperar a ver se lla quitan. Non penso que sexa o único.♦

Na mesma xornada proporanse novos nomes para as vacantes e lerá o discurso de entrada Xosé Neira Vilas

A Académia aprobará o dia 17 de Novembro a nova normativa

CARME VIDAL

A sesión extraordinária do próximo dia 17 de Novembro rematará coa votación na que os académicos aprobarán a normativa de consenso da AS-PG, ILG e as tres Universidades. Todo indica que o debate será rápido e que a maioria dos numerários da institución teñen xa tomada a decisión de votar favorabelmente. Será, con toda posibilidade, o último plenário con Francisco Fernández del Riego como presidente antes de que cese o dia 29 de Novembro.

A. PANARO

O dia 17 a Académia pode tomar unha das suas máis importantes decisións dos últimos anos. Na foto os académicos Francisco Fernández Rei, Xosé Lois Franco Grande e Antón Santamarina

Distintas fontes aseguran que o Sábado 17 a sesión prevista para as 18:00 horas rematará coa votación sobre a nova normativa. Sexa cal fora nese momento a composición do plenário, todas as contas din que a proposta terá o beneplácito da Académia sen grandes oposicións. Mesmo alguns académicos que mostraban certas reticéncias sobre a comenéncia de modificar a normativa, daban por feito nos últimos dias que a Académia non oporia ningunha resisténcia á sua aprobación.

Por segunda vez os académicos participarán dunha xornada maratoniana. Desde que o pasado dia 27 de Outubro se reuniron por vez primeira co texto do acordo normativo na man, todos foron comentários que pulsaban o sentir dos membros da institución. Se na pasada convocatória os académicos xustificaron a prórroga da decisión por falta de tempo, nesta ocasión reduciuse a sesión a duas horas, as xustas que quedan entre a sesión ordinária na que se nominará polo menos a un novo académico e a extraordinária na que ingresará Xosé Neira Vilas.

As tres xuntanzas que a Académia celebrará nesa xornada teñen ademais unha significación especial. Ven marcada polo anúncio do presidente Francisco Fernández del Riego de que cesará no cargo o dia 29 de Novembro. Os próprios académicos terian esta data na cabeza para zanxar o tema nese dia e non prolongalo para o periodo de interinaxes que agora se abre no que asumirá a presidéncia o actual secretário, Constantino Garcia. O feito de que na mesma xornada se introduzan duas sesións máis dá a medida de que a tal altura cada un dos membros ten xa a decisión tomada sobre o sentido da votación.

Foi tamén o próprio presidente o que indicou na anterior xuntanza que os académicos emitirán un voto secreto no plenário. No caso dos resultados seren satisfactórios, a proposta elaborada por membros do Instituto da Língua Galega e as tres Universidades convocados pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega convertirase nun texto próprio que a Académia remitirá ao governo da Xunta.

Se na vontade de Del Riego está deixar zanxada a aprobación da normativa de consenso tamén paira o seu contento por deixar unha Académia completa na que os membros nominados leran os seus discursos de entrada e na que as vacantes fosen cubertas. Explica ese anceio do presidente o feito que neste mesmo Sábado 17 de Novembro se inclua a celebración dunha asamblea ordinária duas horas antes do debate encol da normativa co fin de facer novas propostas de académicos.

Tres nomes, tres vacantes

Será a primeira xornada como académica de Xohana Torres, despois do ingreso o pasado 27 de Outubro, a sesión de entrada de Xosé Neira Vilas e o nomeamento de, cando menos, un novo académico. Cando queda por ler o seu discurso de entrada a filóloga Rosário Álvarez, tres son as vacantes que quedan por cobrir para as bancadas do edifício da rua Tabernas.

Un acordo tomado polos académicos a iniciativa da xunta rectora aprobara que os lugares baleiros se irian cubrindo a razón dun novo nome por cada sesión ordinária. Neste momento tres son os postos libres e un o que, segundo ese compromiso, se decidirá o próximo Sábado. Sen embargo, dado o apurado do tempo, alguns académicos indicaron a posibilidade de que, na mesma xuntanza se poñan vários nomes sobre a mesa.

A punto pois de cubrir por completo os asentos da Académia os candidatos van tomando corpo e, cando as posibilidades se reducen, as apostas tórnanse máis concretas. O científico e membro do Consello da Cultura Galega, Francisco Diaz-Fierros e os escritores Camilo Gonsar –seudónimo de Camilo González Suarez-Llanos– e Manuel Maria —nome literário de Manuel Maria Fernández Teixeiro— son sen dúbida os nomes que máis soan para ingresar na institución presidida por Del Riego. O amplo abano que se barallaba hai apenas un ano foi quedando en menos e diversas razóns reducen os círculos arredor destas tres figuras, algunha delas apoiada con firmeza polo empeño persoal dalgun académico.

Cando ás oito do serán o salón noble do edifício da rua Tabernas se abra para recibir a Xosé Neira Vilas na institución, saberase xa o nome dalgun novo académico pero coñecerase tamén se os numerários decidiron apoiar a normativa de consenso da AS-PG, o ILG e as tres Universidades, sen dúbida o tema que máis atención fixo recair na Académia nos últimos anos. ♦

No encontro da AS-PG e a Universidade de Vigo apresentaranse tres informes sobre a lingua e a proposta de acordo normativo

O congreso internacional *Linguas non normalizadas: Presente e futuro* analisa a situación do galego no ensino

Os dias 15, 16 e 17 de Novembro celébrase en Pontevedra o Congreso Internacional *Linguas non normalizadas: Presente e futuro,* organizado pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e a Universidade de Vigo. O encontro inscríbese no proxecto Galbreus da AS-PG, único destas características que a Unión Europea patrocina para Galiza. No marco do congreso apresentaranse tres informes sobre a situación da lingua galega e faranse públicos os termos do acordo normativo promovido pola AS-PG e sobre o que a Académia Galega decidirá o próximo dia 17 de Novembro.

O sociólogo e profesor da Universidade de Valencia, Rafael Ninyoles, o sociolingüista e especialista en Semiótica, Sebastià Serrano, o profesor da Universidade de Aberystwyth, Ned Thomas ou o xurista, experto en temas sociolingüísticos, Yann Chouc, membro do equipo internacional que redactaron a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos son alguns dos participantes no congreso que se inscrebe no proxecto *As linguas minoritarias no ámbito do ensino. Análise da situación en Galicia, Cataluña, País Basco e Bretaña,* patrocinado pola Comisión Europea dentro do programa que esta institución artellou para a promoción e protección de linguas e culturas minoritarias. O proxecto ten como obxectivos, entre outros, coñecer o grao de implantación no ensino das linguas galega, vasca e bretoa asi como ofrecer propostas que permitan subsanar as dificultades que interfiren tanto no proceso de aprendizaxe como no uso social das linguas en cuestión. O encontro será o acto central deste proxecto europeu pero emárcase dentro doutra serie de actuacións entre as que destacan a exposición didáctica que percorrerá os centros de ensino de Galiza, Euskadi e Bretaña e a apertura dunha páxina web con información da situación das tres linguas.

Entre os obxectivos marcados pola AS-PG e a Universidade de Vigo para a celebración do congreso destacan o coñecemento do grao de implantación das linguas minoritarias, a valoración das actitudes e as propostas para conseguir subsanar as dificultades que interfiren tanto na aprendizaxe como no uso social das linguas.

No Congreso apresentaranse tres informes sobre a situación da lingua. O profesor da Universidade da Coruña, Xosé Ramón Freixeiro Mato será o encargado de dar conta do estudo elaborado pola AS-PG en centros escolares de Galiza, Euskadi e Bretaña emarcado tamén no Proxecto Galbreus. Será o escritor e profesor Agustín Fernández Paz o que achegue ás conclusións da investigación sobre a lingua levada a cabo polo Consello da Cultura Galega. Un terceiro estudo afondará nos resultados do inquérito elaborado pola AS-PG e a CIG-Ensino sobre o cumprimento da normativa a respeito do galego no ensino.

O Sábado dia 17 faranse públicos os termos nos que está redactado o acordo normativo asinado polo Instituto da Lingua Galega (ILG) e as Universidades e sobre o que esa tarde decidirá a Academia Galega en sesión extraordinaria. O acordo será presentado por un representante da AS-PG, outro do ILG e outro das Universidades. ♦

A converxéncia eterna

Así chama Xaquín Álvarez Corbacho en LA VOZ DE GALICIA á converxéncia da Galiza con España e o resto da UE. "En 1991 as diferenzas entre o PIB per cápita eran as seguintes: UE 100, España 77, Galiza 63; en 1998, segundo o último informe do Consello Económico e Social da Galiza, recén publicado, esas cifras son UE 100, España 81, Galiza 64. En termos relativos seguimos praticamente onde estabamos, a pesar da dimensión alcista do ciclo e das bondades proclamadas durante na *década prodixiosa*. A situación explícase sobre tres razóns: Galiza é ainda espazo periférico; a iniciativa empresarial ainda é insuficiente e existe unha cultura da subven-ción que amata ou non estimula a anovación. Podemos engadir ainda a auto-complacéncia oficial que se alimenta de atrancos múltiples á libre circulación do pensamento crítico. Na Galiza falla normalidade cívica, humildade para corrixir o que facemos mal, intelixéncia para afinarmos ideas e carraxe para nos rebelar contra as torpezas e as inxustizas". ♦

A esquerda marcial de Norteamérica

"Despois do atentado do 11 de setembro xa sabemos quen e quen na esquerda norteamericana", comenta Michael Kelly no xornal WASHINGTON POST. "A meirande parte dos liberais e esquerdistas que non andan na política para enredar, identificáronse co governo e co povo ou, o que é o mesmo, cos partidários de darlle a sua oportunidade á guerra. Pola contra, a resposta dos marxinais de David Brooks, por exemplo, foi a de acubillarse no seu recanto de oprimidos e vítimas onde tan ricamente viven dende hai anos. Dende este agocho, contemplan o atentado do 11 de setembro coma unha bagatela comparado cos crimes do Império. Esta división da esquerda está a producir dous excelentes efeitos colaterais. O primeiro é iniciar a construcción dunha esquerda responsábel. O segundo é meter en via morta o movimento anti-globalización. Os custes humanos da mundialización deran lugar a unha coalición fráxil que prometia o soño eterno da esquerda: traballadores do mundo, unídevos. Por un momento, os sindicalistas manifestáranse de ganchete cos anarquistas de salón e cos do non. Iso rematou. Os traballadores non van desfilar de braceiro cos queima-bandeiras senón que van formar parte do exército que está a preparse para matar a xente que matou aos nosos irmáns sindicalistas da policia e os bombeiros de Nova York". ♦

Torres secretas

James Petras explica no xornal informático REBELION, unha utilidade das Torres Xemeas de Nova York á que a penas se deu publicidade: "As Torres Xemeas non eran só o símbolo de poder económico. O periódico inglés *The Guardian* de 2 de Novembro de 2001 conta que era un centro da CIA e dos servizos secretos. No soto, a 20 metros baixo terra, habia centos de armas, incluidos rifles de asalto, bloques de cocaina e automóbeis camuflados coma taxis usados en operacións secretas. A CIA utilizaba a tapadeira das Torres Xemeas coma un centro operacional e loxístico no soto, o que puña en perigo irresponsabelmente aos civís que traballaban nas oficinas enriba. O soto do edifício das Torres Xemeas tamén era un dos maiores depósitos do mundo e entre os inquilinos do complexo inmobiliário estaban moitas das empresas financeiras que controlan a economia internacional, entre elas Morgan e Lynch. Noutras palabras: que non se tratou dun ataque discriminado contra Norteamérica senon dun ataque político contra un importante obxectivo militar financeiro que é primordial para o império dos Estados Unidos. Pode que a cifra total de vítimas de Nova York non exceda de 1.500 cidadáns norteamericanos. Segundo funcionários de Nova York, foran 4.964. A pergunta é se a morte de 1.500 cidadáns norteamericanos xustifica unha guerra que xa provocou o éxodo de tres millóns de afganos e a morte de vários millares de civis polas bombas, a fame e os andácios". ♦

ALEXANDER ZUDIN/OBSAIA GAZETA (RUSIA)

Xosé Neira Vilas

"Ainda hai moitos *Balbinos* na aldea"

XAN CARBALLA

O VINDEIRO 17 INGRESA NA ACADÉMIA XOSÉ NEIRA VILAS. REGRESADO DE CUBA HAI UNS ANOS, ACARIÑA NA SUA ALDEA NATAL DE GRES, XUNTO A SUA COMPAÑEIRA ANISIA MIRANDA, A REALIDADE DUN PROXECTO DE DIFUSION DA CULTURA, DESDE A FUNDACION QUE LEVA O SEU NOME. UNHA BIBLIOTECA CON MAIS DE 9.000 VOLUMES, UN PEQUENO MUSEU ETNOGRAFICO E UN AUDITORIO, SERVE PARA IRRADIAR CULTURA NUNHA BISBARRA QUE AMA AO CRIADOR DE *MEMORIAS DUN NENO LABREGO*.

Hai vários anos que regresou de Cuba, que representou esta nova vida despois de tanto tempo na emigración?

Vivin doce anos na Arxentina e trinteun en Cuba. Corenta e tres anos é moito tempo e no comezo resulta difícil a reinserción. Desde 1972 vin aqui unhas catorce veces, con Anísia, e entres esas viaxes e máis o contacto permanente con amigos, parentes, colegas, e a relación epistolar con editoriais e institucións culturais, estaba informado sobre o acontecer do país. Por outra banda, desde que "descubrin" Galiza, no comezo da década dos cincuenta, en Buenos Aires, en contacto con grandes mestres da nosa cultura (Seoane, Dieste, Lorenzo Varela, Alonso Ríos, Suárez Picallo,...), desenvolvin un constante activismo, que podo denominar patriótico, ao longo de catro décadas. Parafraseando a Castelao vivin "Sempre en Galiza". Cando se vive tantos anos lonxe xa un non é dun só lugar. Eu son esencialmente galego, pero tamén son algo arxentino e bastante cubano.

En 1992 Anísia e eu, xa xubilados ambos, radicámonos aqui, onde seguimos traballando. Nos primeiros anos visitamos dúcias de escolas e institutos, e mantivemos colóquios con milleiros de estudiantes. Era unha boa maneira de pulsar o país. Ademais, conferéncias, congresos, xornalismo, creación literária. Comparto a idea de Chaplin de que o traballo é a mellor medicina para orientar a existéncia... cando é un traballo que nos agrada. Nos últimos tempos temos unha ocupación adicional: atender o Centro Cultural de Gres, o único do seu tipo en toda Galiza no rural. Ainda que só fose polos nenos e as nenas que veñen á bibliotea xa estaria xustificada esta dedicación.

Publica nestes anos algunha obra de criación e, sobretodo, materiais xornalísticos sobre a emigración. Como influiu na sua obra criativa o regreso?

Alterno a criación literária co traballo testemuñal, xornalístico, principalmente tratando de revelar aspectos, feitos e personaxes singulares da nosa diáspora. Nas catro décadas que estiven fóra adiqueime a investigar a nosa preséncia en América. O regreso non influiu maiormente no meu labor. Quero dicer, proxectos que comecei en América seguimos ou sígoos aqui. De todos xeitos, é innegábel que o contacto cotiá coa xente do país, o dia a dia, pode cambiar alguns enfoques, incidir sobre certos matices á hora de escreber.

***Memorias dun neno labrego* segue a ser un dos grandes éxitos de venda do libro galego. O libro recrea a vida na aldea, como variou esa vida hoxe? Á luz da actualidade pódese comprender mesma maneira aquel traballo? Que din os nenos de hoxe cando dialoga sobre a obra con eles?**

Os rapaces de hoxe viven de xeito moi distinto aos dos anos corenta, poño por caso. Pero ás veces sorpréndeme atopar ainda nas nosas aldeas alguns Balbinos, alguns Lelos... mellor alimentados, mellor vestidos, con asisténcia médica, con auga corrente na casa, asistindo a mellores escolas, pero perduran certos signos, certas claves, certos costumes, certa maneira de ver a vida. Moitos rapaces de arestora seguen identificándose co que acontece nas "Memórias" e coas suas personaxes. Comprobámolo nas escolas que visitamos, e poida que non só os rapaces senón tamén os adultos que viviron a mesma peripécia do Balbino. O curioso é que corenta anos despois da primeira edición este libriño segue editándose e vendéndose. Isto pertence ao que poderiamos chamarlle socioloxia da literatura. Como autor non podo dicer máis nada.

> 'Comparto a idea de Chaplin de que o traballo é a mellor medicina para orientar a existéncia... cando o traballo nos gosta'

> 'Sorpréndeme atopar ainda nas nosas aldeas alguns Balbinos, mellor alimentados, mellor vestidos, con asisténcia médica, con auga corrente na casa, asistindo a mellores escolas'

> 'A televisión non é un obstáculo para quen ama a leitura'

Como valora a situación da literatura galega por unha banda e do libro galego por outra? Cre que pode sobrevivir ben á presión dominante do castelán?

Coido que a nosa literatura vive un momento de esplendor (dito sexa sen chauvinismo) sobre todo a narrativa. En canto ao libro publícase moito máis do que se vende e do que se le. Contodo, pouco a pouco, estimo que se vai mellorando apartir da preséncia ainda escasa, do galego no ensino. Na biblioteca pública de Grees vemos que os adolescentes peden aqui alguns libros para facer traballos escolares e logo veñen pedindo máis; quedan como leitores aditos á língua que falan. Isto é só anécdota, pero resulta sintomático. Os rapaces len moito nesta comarca, e len en galego porque arredor do noventa por cento do noso fondo bibliográfico está en galego; vanse dando pasos. É desexábel que isto vaia a máis. Son optimista. A pesares dos atrancos diveros, e dos prexuizos e de que estamos perdendo falantes, e da presencia do castelán, a nosa língua seguirá adiante, sobrevivirá.

Quilómetros para ler

Puxeron en marcha a Fundación, cal é o balance destes anos e que plans de futuro teñen?

Criamos o Centro Cultural de Gres e brindamos un servizo que vai tendo os seus froitos. Era unha necesidade se temos en conta que en moitos quilómetros non hai nengunha casa de cultura. Temos unha biblioteca pública, que abre de luns a sábado, con 8.600 volumes, e



XAN CARBALLA

cunha sala de lectura para nenos e adolescentes e outra para adultos; contamos cun museu etnográfico, cunhas 240 pezas e trebellos da comarca, e unha sala de concertos e exposicións nas que se oferecen actividades culturais moi diversas. Inicialmente, o principal era a biblioteca, á que concorren cada dia máis leitores, sobre todo rapazas e rapaces, que fan aqui os seus deberes escolares e levan libros para a casa. Veñen dende 7, 10 e máis quilómetros. Veñen ás veces en grupos, a pé ou en bicicleta. Non lles poñemos límite de tempo para devolvelos nen de cantidade de obras. Criamos a nível de toda Galiza o Prémio Estornela de teatro destinado aos nenos, e o Prémio de Poesia Arume, para poetas que escreban con destino a nenos e nenas. Houbo ampla participación. Seguiremos alternando cada ano ambos Prémios. Temos outros proxectos que irán madurecendo. Imaxinación non nos falta. Tiñamos algunhas dúbidas no comezo, pero Anísia atendeu persoalmente a Biblioteca os primeiros dezaoito meses e logrou interesar aos pequenos leitores que hoxe veñen case a diário. Aqueles primeiros e moitos máis.

Oleiros está cheo de Bibliotecas públicas, vostede e Anísia tamén instalaron aqui unha Biblioteca como eixo.

Ambas experiéncias están impregnadas de Cuba, a gratuidade, o acceso de todos á cultura, estes centros como eixo da vida social. Cuba ten moito que ensinarlle ao mundo.

O seu traballo dirixiuse moitas veces aos nenos, mesmo nas experiéncias cubanas, cal é a recepción que teñen? Cal é a conexión cos máis novos e que se precisa nunha civilización marcada pola cultura urbana e televisiva?

Eu publicara en Buenos Aires *Memorias dun neno labrego* (que non é un libro para nenos, ainda que é un neno o protagonista) pero foi en Cuba onde me acheguei ao mundo infantil, influído por Anísia, que dedicou case todo o seu amplo facer literário a nenas e nenos. Ela foi coordenadora nacional de edicións de libros para nenos e máis tarde foi cofundadora e xefa de redacción das revistas *Zunzún* e *Bijirita*. Escrebin daquela vários libros para os nenos galegos. Pasei en 1983 a traballar como xefe de redacción de *Zunzún* (nun momento en que Anísia preferia ser só redactora) e escribin algo tamén para os nenos cubanos. Foi unha fermosa experiéncia. Anísia tivo un camiño á inversa, ou sexa que puxo en galego vários dos seus libros editados en Cuba, e tiveron moi boa acollida entre rapazas e rapaces de Galiza. Traballar cos nenos e para os nenos é moi gratificante. Calquera tema vale, sempre que se trate axeitadamente e se deixe de ter aos cativos como "tolos ananos". Á nena ou ao neno que lle gosta ler non lle estorba a televisión como médio, nen importa demasiado se vive no rural ou nunha cidade. Certo que hai uns temas máis atractivos que outros, de acordo co mundo no que o neno se move, pero basicamente o que se require é calidade, tenrura e respeito polo pequeno leitor.

A Académia ideouse en Cuba e a entrada na Academia o próximo dia 17 enlaza na sua persoa, outravolta, a Cuba e a Galiza? Cal vai ser o discurso de ingreso?

Certamente o meu ingreso na Académia tráeme a evocación de Cuba, onde se fundou, en 1905, a Asociación Iniciadora, por iniciativa do emigrante ferrolán Xosé Fontenla e co apoio de Curros Enríquez, que presidiu a primeira directiva. Moitos paisanos foron sensíbeis ante o feito e asociáronse. Dende a Habana, sostívose economicamente a Academia durante moitos anos. Anísia e eu entregamos nun acto presidido por Fernández del Riego, o ano pasado, os orixianais de 135 cartas que documentan ese vencello entre Galiza e Cuba, coas firmas de Murguía, Carré Aldao, Fontenla Leal, Curros, Vilar Ponte, Salvador Golpe.... Esas cartas foron incluídas no meu libro *Manuel Murguía e os galegos da Habana* (Ediciós do Castro)

Ainda que o debate se produza antes da sua entrada, a Académia pode decidir nestes dias sobre un novo consenso normativo. Ten unha posición definida a ese respeito?

Non coñezo o texto do proxecto da nova normativa, e polo tanto non podo opinar sobre o tema. O consenso era necesário. Debemos todos marchar polo mesmo vieiro, sen gurras, sen discrepáncias, pois trátase de algo tan importante como é a fala do noso povo. Na Galiza abundan os filólogos e o sentido comun para chegar a un acordo válido para todos. Talvez requira un debate máis amplo, o que demoraria un algo a sua implantación. Non sei. Mentres se discuta, e se analice e se debata quer dicer que a língua está viva. ♦

Un Museu para a emigración

Segue a manter un vínculo especial coa divulgación da emigración e o exílio galegos. Ten falado dun Museu da Emigración, como concebe ese proxecto?

Hai un museu da emigración en Asturies e outro nas Canárias. É impostergábel criar o noso. Estimo que nel ten que haber un fondo documental, referéncias, estatísticas, libros e publicacións periódicas feitas na diáspora, baules e maletas, maquetas de barcos, pasaportes... para que enumerar todo o que poderia ocupar tal museu? É moito o que pode e debe conter. Sobre que poñer nel. O que importa agora é botalo a andar. Estamos en débeda cos emigrantes, que fixeron unha obra que forma parte da nosa história. De América, como é sabido, chegounbos o Himno, a bandeira, A Academia, trescentas escolas esperexidas na xeografia de Galiza entre 1904 e 1930, e moitas cousas máis. As novas xeracións deben coñecer todo isto. Persoalmente, ademais de teimar coa idea do museu, vou contando todo o que vivin e investiguei nas catro décadas de transterrado. Pouqiño a pouco, modestamente, pero tratando de que feitos de verdadeira transcendéncia, que nalgun momento repercutiron na Galiza territorial, que non queden no esquezo. Cómpre resgatar a nosa memória histórica, en todas as ordes, e unha dimensión non pequena é a da emigración. ♦

No entanto, *Autopistas* rebaixou o prezo entre Xeréz e Cadiz nun 50%

A Xunta non cumpre os seus dous compromisos de gratuidade para a Ponte de Rande

G. LUCA

A gratuidade da ponte de Rande depende de dous compromisos da Xunta, asinados en Febreiro de 1999 e Xaneiro de 2001 considerados de execución inminente. Pero os acordos non se cumpriron. No entanto, o Governo central anunciou o aumento das tarifas para o traxecto Vigo-A Coruña a partir do 1 de Xaneiro e o presidente da *Empresa Nacional de Autopistas* (*ENA*) declarou que o paso pola autoestrada pública galega era o máis barato de todo o Estado.

O primeiro acordo, apresentado pola Xunta coma *documento institucional* o 10 de febreiro de 1999, comprometia ao Governo Autonómico diante dos concellos que cruza a autoestrada para reclamar ao governo Aznar un 50% de rebaixa da A-9 entre Vigo e Pontevedra e a gratuidade dos pasos interurbanos de Rande e A Barcala.

Xenerosamente publicitada na televisión e nas primeiras páxinas dos diários, a xestión da Xunta non se deu executado. O Governo de Santiago calificouna de medida urxente. Porén, en resposta a unha pergunta no Congreso do deputado do BNG Guillerme Vázquez, o Governo central sinalou seis meses despois que non tiña recebido nengunha clase de solicitude da Xunta para modificar os impostos de paso pola A-9 nen a sua forma de cobro.

Proceso de intencións

En Xaneiro de 2001, a Xunta fixo público un novo acordo, definido igual que o seu precedente coma *documento institucional*. Recusando calquera explicación sobre os resultados do compromiso anterior, o conselleiro de Obras Públicas anunciou un *protocolo de intencións* para un acordo entre a Xunta e as deputacións de A Coruña e Pontevedra. na redacción do documento dado a coñecer aos meios, o portádego da A-9 na área metropolitana de Vigo seria pagado a conta dos orzamentos da Xunta e da Deputacion de Pontevedra por un valor de 7.000 millóns de pesetas en dez anos. O acordo non especificab se os fondos para o treito Coruña-Barcala sairán tamén da Xunta e da Deputación da Coruña ou dunha só institución.

A Plataforma Antipeaxe de Rande sinalou a contradición de os viciños de Vilaboa, Marín e Pontevedra non apareceren entre os beneficiários do acordo. O conselleiro de Obras Públicas botou man da retórica de Tirso de Molina para evitar que lle confundisen as peaxes: "Nen por riba do meu cadáver será suprimida a peaxe de Vialboa".

Este segundo compromiso, que viña dar resposta a impaciéncia polo incumprimento do anterior, tamén non se realizou. Como a peaxe para cruzar Rande pesa como un gravoso imposto sobre a povoación da Ria de Vigo, que carece doutras vias de comunicación dentro da área metropolitana, a Xunta estaba obrigada a responder á demanda expresada en sucesivas mobilizacións. "Este *protocolo de intencións* foi expresamente eleitoralista -sinala Manuel Méndez, voceiro de Plataforma Antipeaxe-, e de tal maneira non estaba previsto, que cando quixeron sancionalo nun pleno da Deputación de Pontevedra houberon de retiralo decontado. Non está aprobado e non é xusto porque agrávia a concellos coma o de Vilaboa ao que o conselleiro quer cobrar un imposto por ter recusado a empacadora de *Sogama*".

A proposta de finanzar dende a Xunta e a Deputación a franquícia das comunicacións interurbanas é tamén paradóxica, porque obriga a establecer unha complicada xerarquia de beneficiários segundo frecuéncias, procedéncia e empadroamento. Sobre todo, porque finanza usos directos con impostos indirectos, cun regresivo critério de administración de fondos públicos.

Mentres o conselleiro Cuiña anunciaba unha barroca contabilidade que deberá soletrear quen está empadroado en Cangas e quen de Vigo, o Boletín Oficial do Estado de 10 de marzo pasado publicaba un Decreto polo que se reducia un 50% a tarifa de autoestrada entre Xeréz e Cádiz, vintesete quilómetros que custan ao usuário 140 pesetas (5,14 pesetas quilómetro) mentres Vigo e Pontevedra teñen unha tarifa básica de 350 para 22 quilómetros (16 pesetas quilómetro). "O agrávio comprativo é ainda maior porque entre Xeréz e Cádiz hai duas autovias gratuitas, amáis da autoestrada de pago -recorda Manuel Méndez- mentres as comunicacións metropolitanas da A-9 carecen de vias de escape. Isto significa que a alcaldesa de Cádiz e presidenta do PP andaluz, ten máis autoridade en Madrid que Fraga".

Da redacción do demorado protocolo da Xunta para a liberación selectiva da peaxe de Rande, fíltrase que o agravio seria ainda maior se temos en conta que os usuários do Morrazo poderian cruzar a Ria por unha via especial, polo sistema de portádego dinámico que xa se aplican nas auto-estradas de Portugal. Os outros deberán facer cola e pagar segundo a sua procedéncia e frecuéncia de uso. Por riba das críticas dos concellos de Pontevedra, Vigo e Redondela, os usuários refírense á vinganza selectiva da Xunta segundo o espectro de votos.

A explicación do conselleiro de Política Territorial, no sentido de que o prezo da construcción do treito de Pontevedra a Vigo foi alto e debe resarcirse en consecuéncia cun portádego alto, indica descoñecemento de que a construción da A-9 foi na realidade unha estafa multimillonária que consisteu na creba da concesionária para cobrar a garantia do Estado.

O critério de Xosé Cuiña non se separa do de José Miguel Ortí Bordás, presidente da *Empresa Nacional de Autopistas* e ex-vicesecretário do partido único de *Falange*, que declarou en comisión no Congreso o pasado outubro, en resposta a unha pergunta do PSOE, que a peaxe entre Vigo e Pontevedra era a máis barata de toda a rede do Estado. "Ortí Bordás sabe que non di a verdade, pero non é a primeira vez o fai -comenta Manuel Méndez- Con 30.000 peaxes diárias, o treito Vigo Pontevedra é a galiña dos ovos de ouro de toda a rede pública de autoestradas. Por riba está plenamente amortizado. Esta é a razón de que agora pretendan privatizalo".

A débeda dos constructores privados da A-9 foi pagada coa garantia do Estado a un prezo que multiplicaba tres veces os dos pregos de condicións técnicas. A censura de prensa impedira no seu dia que o roubo trascendese á opinión pública. O libro *El Escándalo de las Autopistas* de Bernardo Diaz Nosty referiase con documentación precisa ao timo consumado coa colaboración do Estado. Fracasaron todos os intentos de levar diante dos tribunais de xustiza a Diaz Nosty por calumnias e inxurias, xa que a información procedia de fontes irrecusábeis e do proceso resultaria unha maior difusión do escándalo. Os beneficiários da estafa compraron case toda a edición do libro.

A obra que nacera dunha magna estafa hai 25 anos, serve hoxe á autonomia do PP para ensaiar unha fiscalidade selectiva que grave aos concellos nos que governa a oposición. O sistema caciquil daria asi un salto cualitativo ao lexitimar o uso patrimonial da Xunta para gravar as comunicacións na área metropolitana de Vigo segundo o comportamento do voto. A peaxe de Rande pesa como un elevado imposto (unhas 160.000 pesetas anuais para os usuários da tarifa menor) sobre a povoación da Ria de Vigo que carece doutras vias dentro da área. ♦

O enxeñeiro galego, escolla de Caixa Galicia e o Banco Pastor

Vitoriano Reinoso, novo presidente de Unión Fenosa

O enxeñeiro Vitoriano Reinoso asumiu a presidéncia do Consello de administración de Unión Fenosa. Na sua escolla, en substitución de José María Amusátegui, pesou moito a influéncia da banca galega e a experiéncia de Reinoso na compañia.

A ratificación no cargo de Reinoso ponlle fin a unha crise de dirección na compañia eléctrica galego-madrileña que se remonta ao verán. Ademais, o novo presidente deberá servir de ponte entre Caixa Galicia (que ten o 6,7 por cento do capital) e o Banco Pastor (co 4,9 por cento) co accionista maioritário, o banco Santander, que posue actualmente o 11,9 por cento da empresa.

A saída de Amusátegi, logo de oito anos á fronte da corporación, débese ás suas grandes diferéncias co presidente do Santander, Emilio Botín. Amusátegi foi responsábel da fusión do Banco Hispanoamericano co Central, primeiro, e despois co Santander. Mais Botín non estivo nunca de acordo co papel que os seus novos asociados tiñan dentro do novo grupo bancário. No labor de grandes cámbios, que procuraron un control do capital por parte dos sócios máis relacionados con Botín, o banqueiro preferiu desfacerse de lastre, caso de Amusátegi.

Reinoso cumpre todos os requisitos para se converter nunha peza do gusto de Botín, pero tamén dos intereses galegos na compañia. Ligado a Unión Fenosa desde 1973 (con 25 anos de idade), o negreirense ocupou diversos cargos. Até agora, mantiña unha vicepresidéncia no consello. Nalgun momento, pediu veladamente a construción dunha planta nuclear en Galiza. Incluso, desde dentro do Partido Popular de Galiza, se barallou o seu nome para loitar pola sucesión de Manuel Fraga.

Para moitos analistas económicos, a chegada de Reinoso á cúpula de Unión Fenosa servirá de garantia para os investidores galegos dos movimentos do Santander de cara a unha fusión con Endesa. Desde hai dous anos, todas as grandes indústiras eléctricas españolas intentaron facer movimentos aproximativos entre si para dominar a maior cota de mercado de cara á liberalización do subministro. Sonada foi a oferta pública de accións (opa) lanzada sobre Hidrocantábrico, que acabou por fracasar. ♦

A globalización neoliberal é culpábel do actual estado de recesión

A orixe da crise económica mundial é anterior ao 11 de Setembro

RAMON MACEIRAS

Moitos soen falar hoxe tranquilamente da "crise económica mundial ocasionada polos actos terroristas que tiveron lugar nos Estados Unidos o 11 de Setembro e pola guerra contra Afganistán desatada o dia 7 de Outubro". Esa afirmación carece de fundamento nengun. A crise viña desatando-se xa incontenibelmente.

A crise económica non é consecuéncia dos ataques do 11 de Setembro e da guerra contra Afganistán. Isto só poderia afirmarse por ignorância ou por interese de ocultar a sua verdadeira causa. A crise é consecuéncia do irreversíbel fracaso dunha concepción económica e política imposta ao mundo: o neoliberalismo e a globalización neoliberal. O acto terrorista e a guerra non orixinan senón que fan moito mais grave a crise. O que viña avanzando aceleradamente, precipíta-se de forma abrupta.

A crise asiática

En Xullo de 1997, estala a primeira grande crise do mundo neoliberal globalizado. Os tigres asiáticos derrubáron-se. O Xapón non puido ainda recuperar-se e o mundo sofre ainda as consecuéncias. Desde estas páxinas de *A Nosa Terra* vimos reseñando semana tras semana a crónica desta recesión anunciada.

En agosto de 1998, apresenta-se a chamada crise rusa que, a pesar do seu insignificante aporte ao Produto Interno Bruto (PIB) mundial de a penas o 2 por cento, estremeceu e fixo baixar en cuestión de horas centos de pontos ás bolsas de valores dos Estados Unidos.

En Xaneiro de 1999, só 5 meses despois, produce-se a crise do Brasil. Os esforzos mancomunados do Grupo dos Sete, o FMI e o Banco Mundial tiveron que empeñar-se a fondo para impedir que a crise se estendese por toda Sulamérica, asestando un golpe demoledor ás bolsas de valores dos Estados Unidos.

Entón tiña que pasar o inevitábel: a crise chegou aos Estados Unidos, ao princípio a penas imperceptibelmente. Desde meados do ano 2000 comezaron a observarse os primeiros síntomas, cunha diminución sostida do ritmo da produción industrial.

No segundo trimestre do ano 2000 o PIB atinxira unha medra de 5,7 por cento; no terceiro trimestre medrou soamente o 1,3 por cento. Desde outubro do 2000 comezou a caer a produción do sector industrial.

Non obstante, a fins do ano 2000, os pontos de vista oficiais sobre as perspeitivas e os prognósticos da economia mundial eran ainda abondo optimistas. A realidade comezou pronto a mostrar-se francamente adversa.

Desde princípios do 2001, o FMI, o Banco Mundial, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvimento Económico (OCDE), a Comisión Europea, asi como instituicións privadas, víron-se na necesidade de axustar á baixa as suas previsions de medra para o 2001 nas distintas rexións.

O FMI prognosticou en Maio un 3,2 por cento de medra global no ano 2001. Para os Estados Unidos en particular a proxección de medra nese mes era de 1,5 por cento e para a zona do euro era do 2,4 por cento. O Xapón atravesaba a sua cuarta recesión en 10 anos e prognosticába-se un decrecimento de menos 0,5 por cento no ano.

O Director Xerente do FMI, Horst Kohler, en discurso pronunciado en Xenebra ante o Consello Económico e Social das Nacións Unidas (ECOSOC), o 16 de Xullo do 2001, sinalou: "A medra económica está a perder o ritmo en todo o mundo. Isto pode resultar incómodo para as economias avanzadas (os países desenvolvidos e ricos), pero será unha verdadeira fonte de dificuldades para moitos países con mercados emerxentes e en desenvolvimento (os paises pobres e subdesenvolvidos) e un retroceso na loita contra a pobreza."

A produción caeu na maioria dos paises do Suleste Asiático, con excepción de China, e en América Latina. Segundo o Banco Mundial, a medra do Suleste Asiático, que despois da sua impresionante caída en 1997 comezaba a recuperar-se, pasaria do 7,6 por cento no 2000 ao 4,5 por cento este ano, e o continente latinoamericano medraria un 2 por cento, a metade da medra do 2000.

Outras institucións tamén facian prognósticos. A revista *The Economist* estimaba en Abril que a medra mundial no 2001 seria de tan só o 2,7 por cento, o que contrastaba co resultado atinxido no ano 2000 do 4,6 por cento, mentres que o troco comercial no mundo medraria nun 3,5 por cento, comparado con un 13,4 por cento no 2000.

Para a zona euro, a OCDE, no seu informe semestral divulgado a princípios de Maio do 2001, estimaba que a Unión Europea medraria un 2,6 por cento, o que supuña un recorte de 0,5 pontos á sua proxección inicial.

Empregados dunha empresa francesa a piques de pechasr, protestan na rua. A situación repétese en moitos lugares.

A recesión global

O 10 de setembro, só un dia antes dos sucesos en Nova York e Washington, o FMI revisou o curso das predicións de medra da economia mundial e a dos Estados Unidos, Europa e Xapón da seguinte forma:**Economia mundial:** Outono de 2000: 4,2%; Marzo 2001: 3,4%; Primavera 2001: 3,2%; Setembro do 2001: 2,7. Ia caer progresivamente desde o 4,2 a 2,7 en menos dun ano.

Medra dos Estados Unidos: Outono de 2000: 3,2%; Marzo 2001: 1,7%; Primavera 2001: 1,5%; Setembro do 2001: 1,5%. O mesmo, de 3,2 a 1,5 en igual período.

Medra de Xapón: Outono de 2000: 1,8%; Marzo 2001: 1,0%; Primavera 2001: 0,6%; Setembro do 2001: 0,2%. Os números son elocuentes.

Medra da Zona euro: Outono de 2000: 3,4%; Marzo 2001: 2,7%; Primavera 2001: 2,4%; Setembro do 2001: 1,9%.

Situación do emprego

A finais de 2000, a taxa de desemprego nos Estados Unidos era só de 3,9 por cento. Como evoluiu no 2001? Febreiro: 4,2%; Marzo: 4,3%; Abril: 4,5%; Maio: 4,4%; Xuño: 4,5%; Xullo: 4,5%; Agosto: 4,9%.

O 2 de novembro publicou-se a cifra oficial de setembro, que é do 5,4%. En só un mes se perderon 415 mil empregos. É a maior redución neta de empregos desde Maio de 1980, hai 21 anos.

Como precedente importante hai que ter en conta que, nos últimos cincuenta anos, cando a taxa de paro atinxiu o 5,1 por cento, cadrou o início dun período recesivo.

En Agosto, a produción industrial decaeu 0,6 pontos porcentuais con relación ao atinxido en Xullo. Nos últimos doce meses a produción industrial sofrera unha contracción de ao redor do 5 por cento, até o 76,4%. Co dado de Agosto, xa sumaban once meses consecutivos de contracción. A cifra rexistrada en Agosto está moi cercana ao nível mais baixo atinxido desde 1983.

No mes de agosto do 2001 produciu-se un déficit de 80 mil millóns de dólares no orzamento. Nese mesmo mes, os congresistas demócratas xa sinalaban que as previsións apontaban a que o governo teria que utilizar parte do diñeiro da seguranza social para financiar os gastos correntes.

Durante o segundo trimestre do 2001 as importacións norteamericanas contraéron-se en 13.900 millóns de dólares, mentres o baixo nível de atividade no resto do mundo propiciou unha redución das exportacións de 9.100 millóns de dólares.O valor das accións dos principais índices da bolsa durante o ano 2001 decreceu da seguinte forma: as do Dow Jones: 18,06%; Nasdaq: 66,42%; Standard & Poor's (S&P): 28,48%. Isto equivale á perda de millóns de millóns de dólares en menos dun ano.♦

As empresas europeas, en constante redución de emprego

A produción industrial na zona europea mostrou un contínuo descenso no primeiro semestre do ano 2001. Esta diminución obriga ás empresas a reducir persoal e, á sua vez, reduce o consumo, criando-se asi un círculo vicioso depresivo. O investimento e o consumo deprimíronse, acentuándo-se a tendéncia cara á recesión.O Comisário europeo de Asuntos Monetários declarou que a economia de Europa medrará só un 1,5 por cento este ano, e os seis institutos de investigación económica mais prestixiosos de Alemaña reduciron ao 0,7 por cento e 1,3 por cento a medra deste país para este ano e o próximo respeitivamente, ao anunciar que a economia alemana está ao borde da recesión, o cal ten un forte impacto negativo para Europa, por canto Alemaña está considerada a sua "locomotora económica". **O Xapón**O PIB real do primeiro trimestre do 2001 no Xapón caeu máis profundamente do esperado, ao mostrar un descenso do 0,2 por cento contra a expectativa do 0,1 por cento, mentres que no segundo trimestre se contraeu nun 0,8 por cento adicional.

A produción industrial iniciou en Marzo un descenso que en Agosto xa atinxia un 11,7 por cento. Este fenómeno de seis meses consecutivos de declive da produción industrial non se manifestaba na economia xaponesa desde o período de Decembro de 1991 a Maio de 1992 e situa a produción industrial ao nível mais baixo dos últimos sete anos, o que significa unha crise pior cá financeira de 1997-1998, segundo analistas xaponeses.O superávit comercial do Xapón decreceu un 48 por cento en Xullo deste ano. Como medida de defensa, as empresas reducen planteis, polo que a taxa de paro tamén aumentou, para atinxir o máximo histórico do 5 por cento en Agosto deste ano, algo nunca visto no Xapón.

América Latina

En agosto, a Comisión Económica para América Latina e o Caribe (CEPAL) informaba de que a rexión medraria só un 2 por cento no 2001, a penas a metade da expansión do pasado ano (4 por cento), retractándose asi da sua anterior proxección, divulgada en Maio, onde consideraban un aumento do PIB de entre 2,7 por cento e 3 por cento.

Segundo explican, esto é debido ao debilitamento mundial e á inestabilidade dalguns países chave da rexión: o Peru e o Uruguai mostrarán un crecimento nulo; o Brasil foi afectado por unha escaseza de abastecimento enerxético que xa golpeou a sua atividade produtiva e unha devaluación da moeda de aproximadamente o 40 por cento neste ano; e Chile freou a sua reactivación. No caso de México, preve-se un débil crecimento económico do 0,13 por cento este ano e de 1,74 por cento para 2002. O governo, orixinalmente, proxectou un crecimento do 4,5 por cento do PIB para o 2001, pero xa o revisou á baixa en várias ocasións pola diminución do ritmo da economía mundial, e en especial dos Estados Unidos. A situación da Arxentina é a mais grave pola profunda caída da economía e pola situación de inestabilidade política e social. A CEPAL considera que o desemprego na rexión ascenderá como mínimo ao 8,5 por cento. ♦

A cara menos amábel do sector do automóbil

Linco é unha empresa auxiliar de *Componentes de Vehículos de Galicia* que, á sua vez, traballa para a factoria de Citroën en Vigo. Pero os salários de Linco son un 50% máis baixos que os de C.V.G, segundo denunciaron os traballadores. Esta foi unha das razóns que motivou a convocatória de folga o Martes 6 de Novembro para protestar porque o plantel de Lincos forme parte dos lugares máis baixos da pirámide do sector do automóbil.

"Con salários netos que rondan as 90.000 pesetas e coa obriga de traballar a ritmos maiores que os impostos na empresa principal, a dirección de *Linco* mandou várias cartas de fin de contrato a traballadores carretilleiros que tiveron o atrevemento de pedir milloras nos salários, ademais de protección na manipulación de produtos químicos, etc, contratos que na maioria dos casos teñen un carácter claramente fraudulento e abusivo, incluninndo clausulas totalmente ilegais", asinaba Tano Geuura, da CIG no Porriño.

Xa hai máis de un ano que un grupo de traballadoras de *Serco* tamén auxiliar de C.V.G foron despedidas tras apresentarse en candidaturas ás eleicións sindicais. No caso de *Linco*, na central nacionalista subliñan o "aproveitamento" que os empresários fan da mocidade. "Ofarécesenos anúncios con descontos de até seisecentas mil pesetas en veículos que foron feitos, nunha parte importante, por traballadores mal pagados, co posto de traballo totalmente en precário e cunhas condicións de seguridade e saude que están moi lonxe das mesmas condicións dos traballadores que pertencen á marca que se visualiza, neste caso Citroën".

Comentan tamén que as cifras do negócio automobilístico agachan a cara menos "brillante" deste sector, a parte soterrada "onde a sobreexplotación de milleiros de homes e mulleres permite á pirámide completa lucir un bos benefícios".♦

A espectacularidade das feridas dun siareiro acelerou a reacción contra a policia. MIGUEL RIOPA

As claques galega e basca están confraternizadas desde hai anos

Foi a carga policial a que provocou os incidentes no Celta-Athletic

C.L.

A carga policial durante o partido Celta- Athletic trouxo máis problemas ca solucións. A lea tivo como protagonistas os axentes, por unha banda, e os siareiros bascos e galegos, pola outra. A intervención das forzas uniformadas supuxo vários feridos e a destrución de várias cadeiras. Ainda non está claro por que se quixo enturbiar un encontro no que ambas afeizóns comparten bancada e viaxan xuntas, xustamente o ideal para evitar desordes, segundo todas as instáncias deportivas.

"Os Celta-Athletic, ao igual cós partidos contra a Real Sociedad ou o Alavés nunca son declarados de alto risco", explicou o xefe de seguridade do Celta, Fernando González. Este feito serve para entender que as peñas dos Celtarras e Herri Norte Taldea estivesen xuntas na bancada de Fundo. "Normalmente, estes siareiros biscaínos chegan a Vigo dous dias antes da celebración do encontro e confraternizan cos siareiros de aqui. Sempre se dá un bon ambiente e non hai razón para supoñer que isto vaia cambiar", afirmou González.

Entón, como xustifica a Policia Nacional a sua intervención para "calmar os ánimos"? A explicación do responsábel policial, Alberto Fernández, atribue a carga a graves incidentes entre bancadas que podia acabar nunha pelexa. Segundo a sua versión, alguns siareiros de Fundo arrincaron algunhas cadeiras e guindáronas contra a bancada de Marcador, xusto enriba. Ante isto, a brigada policial antidistúrbios, composta por a penas 12 membros, cargou.

Mais Fernando González asegura que os feitos sucederon doutro xeito. "Logo da discusión entre Mostovoi e Javi González por un balón que o ruso non lles cedeu aos bascos logo de tirala fora para que atendesen un lesionado, alguns afeizoados de Marcador insultaron os xogadores bilbaínos. Aí foi cando un dos seguidores bascos que estaban embaixo arrincou unha cadeira e interveu a policia". Deste pensar son vários sócios de Fundo.

A intervención da policia non arranxou nada. A primeira carga dispersou as duas peñas pero feriu na cabeza un dos siareiros. Este, lonxe de fuxir, reclamoulles aos axentes pola ferida. A requesta deste home, coa cabeza cuberta de sangue provocou a resposta dalguns dos afeizoados, que conseguiron illar un dos axentes e batéronlle. Os seus compañeiros intentaron unha segunda carga pero fracasaron. Nese momento, empezaron a voar as cadeiras, mentres moitos afeizoados da bancada, alleos ás peñas devanditas, tiñan que agocharse nos bordos para evitaren "danos colaterais".

> 'Durante o segundo tempo, non houbo nengun incidente, e ao final do partido, bascos e galegos sairon xuntos

Conscientes de que eran inferiores numericamente e de que a sua intervención só producira problemas, abandonaron a bancada, nunha retirada moi aplaudida por un amplo sector da afeizón céltica. O encontro estaba no descanso e parecia que se ian calmando, progresivamente, os ánimos.

Todo o mundo en Balaídos, incluídos os siareiros implicados, esperaba a chegada de reforzos para intentar unha nova carga. En palabras de Alberto Fernández, efectivamente chegou á zona unha nova brigada pero preferiuse non volver cargar.

De feito, durante o segundo tempo, non houbo nengun incidente e ao final do partido, bascos e galegos saíron xuntos, a pesar dos últimos minutos finais, nos que o Celta se deixou remontar un partido que tiña gañado. Toda a rábia da terceira derrota consecutiva da equipa de Víctor Fernández focalizouse no adestrador, que tivo que escoitar os primeiros asubios desta tempada.

Fernando González exixiu das autoridades policiais que se cámbie o sistema de seguridade. "Non é normal que se atenda un recinto de máis de 20.000 persoas cunha dúcia de axentes", dixo. "Só espero que non seamos nós responsabilizados duns feitos que escapan totalmente dos nosos cometidos".♦

Manifféstanse na Coruña contra a guerra

A praza de Ourense da cidade da Coruña acolleu o Venres 8 de Novembro unha manifestación contra a guerra. A *Plataforma Cidadá contra a Guerra* e o *Movemento contra a Guerra e a Globalización* protestaban dese xeito cos bombardeos a Afganistán. Asimesmo tamén aproveitaron para lembrar a falta de democrácia da Organización Mundial do Comércio, que celebraba o cúmio no emirato árabe de Qatar.♦

Encontros libertários en Compostela

Os insubmisos Carlos Sánchez Crestar, Joseph Gamine e Alberto Naya contarán a sua experiéncia no marco das *IX Xornadas Libertárias* de Compostela que se celebran entre os dias 19 e 23 deste mes. Será só un dos actos dun programa que ao redor do tema da inmigración e os grandes movementos de povoación que fuxen das guerras que amaña o capitalismo nos seus países, da represión que exercen os governos ou da fame que asola as suas terras". O Ateneu Libertário organiza en colaboración coa CNT unha xornadas que se desenvolven nos locais sindicais da rua República do Salvador. Proxectarase un video sobre a figura de Buenaventura Durruti e os anarquistas expoñerán a visión do momento social e económico tras as recentes manifestacións contra a globalización económica.♦

Albariño en California

A adega californiana Qupé ven de introducir no mercado o primeiro varietal de Albariño producido nos Estados Unidos. Ainda que algunhas adegas estiveran experimentado desde que a denominación Rias Baixas chegou aos centros comerciais estadounidenses, esta é a primeira que o comercializa. A uva procede do condado de Santa Bárbara, perto de Los Angeles, cun clima moi diferente ao galego. Esta pode ser a razón de que, segundo os catadores, o sabor non fai doado identificar este viño, que se comercializa co nome de *Verdad Albariño*, cun caldo galego. A produción vendeuse principalmente aos restaurantes máis prestixiosos de Nova York. As adegas Qupé son propriedade de Bob Lindquist, que se adica fundamentalmente ás varietais do Ródano.♦

"Toma un café e contámosche que se decide en Qatar"

Acampada 'contra a mercadoria do mundo'

A. ESTEVEZ

Estaban colocando a primeira piqueta das tendas e xa alguns viciños da Alameda de Vigo chamaban extrañados por teléfono á policia. "Uns rapaces están colocando tendas de campaña nas Alameda!". Baixo o lema "O mundo non é unha mercadoria", erixiuse un campamento no centro da cidade do Venres 2 ao Domingo 11 de Novembro. Fixo moito frio durante as últimas xornadas pero o aturaron para informar de que se estaba a cocer no cúmio da Organización Mundial do Comercio (OMC), que se celebrou no emirato de Qatar.

"Marcharon a un lugar no que é imposíbel chegar, no que non estan permitidas as manifestacións e non te conceden visado de turista, para non poder confrontar as suas ideas coas nosas", sinala Paco Lamilla, un dos participantes na acampada mentres expresa o desexo de que alguén chegara "ainda que sexa en submarino" ao cúmio de Qatar para poñer o contrapunto. "Se ti es minimante honesto e dis que es demócrata, celebras un cúmio nun lugar no que se respeitan nen minimamente direitos básico?", pergúntase Xavier Rodríguez para respostarse a si mesmo. "Que se lle vai pedir a unha organización como a OMC cuxos estatutos teñen un artigo que da como decisións consensuadas as tomadas polos que esten presentes nese momento? Claro, é mellor tomar decisións mundiais entre catro, que convidar aos países do Sul a que teñan tamén capacidade de decidir".

Na sua maioria foron estudantes universitários que, tras adicarlle unhas horas á ineludibel vida cotiá, participaron intensamente na acampada. Grandes potas de comida para todos e un cartaz na porta: "pasa a tomar un cafe". Porque, recalcan os organizadores, que esta iniciativa, da *Rede Cidadá pola Abolición da Débeda Externa* e da ATTAC-Galiza coincidente con outras semellantes noutros lugares do planeta, tiña un carácter eminentemente informativo. Foi a única acampada no Estado, sen contar as actividades realizadas en Barcelona. " A xente pasa por aqui e pergunta porque lle chaman a atención as tendas. Explicámoslle que hai outra versión da realidade. Hai anos celebrouse unha acampada neste mesmo lugar reclamando o 0,7% do PIB para o Terceiro Mundo e os cidadáns sentian a reclamación como máis próxima. A OMC soa lonxe, ainda que as repercusións lles afecten directamente", sinala Xavier Rodríguez.

A acampada tiña un carácter informativo sobre as concsecuéncias do Cúmio de Qatar. Mália o frio, as tendas estiveron instaladas máis de unha semana. Na foto suprior paco lamilla e Xavier Rodríguez.

Contacontos, magosto, teatro e diversas conferéncias para amenizar a semana. Aos participantes da acampada góstalles recalcar que son moitos os pensadores, profesores e economistas os que adican os seus esforzos a reflexionar sobre os efeitos da globalización económica. "Non non dicimos que non por dicer, hai moitos traballos que avalan as nosas denúncias. A contaminación, a escravitude infantil e as presions das farmacéuticas sobre os países pobres, son consentidas e amparadas pola OMC", sinalan Paco Lamilla e Xavier Rodríguez.

Unha linguaxe en positivo

Din que lles une a xustiza sobre as diferéncias ideolóxicas que podan ter os participantes do campamento; se por algo se caracteriza o movimento xurdido tras Seattle é que, en Europa, acolle desde socialdemocratas até libertários pasando por unha morea de persoas sen adscrición partidária. "Consideramos que organizacións políticas e sindicatos están de acordo nestas reivindicacións. Nos non estamos contra a globalización se se refira tamén á sanidade, recursos ou tecnoloxia. Pero si só buscan a globalización económica, temos que estar de frente", sinalan.

"Ademais de estar traballando para levar adiante iniciativas coma esta, temos que coidar a nosa linguaxe. Non nos gusta que se nos tache de antiglobalizadores, termo acuñado polos meios de comunicación, porque só se resaltan os aspectos dos que estamos en contra. Este é un movimento con propostas", din.

Levantaron campamento o Domingo, alguns xa marcharon o Sábado, tras os actos de despedida porque ia moito frio. "A nivel persoal sempre pensas que realizas moito traballo e que os resultados parecen cativos. Nos temos que pegar unhas letras grandes nun plástico e colgalas das tendas para que sexan vistas, mentres que outros eventos gozan de máis repercusión con menos esforzo. Pero non hai que desanimarse", di Xavier Rodríguez, quen sinala que tras semanas de preséncia constante no concello conseguiron o permiso para acampar no centro da cidade. "Hai uns dias comentaba unha rapaza que pasou por aqui que lle chamaba a atención que a acampada fose en Galiza, porque vían os como pasivos, sobre todo despois dos resultados destas eleicións. Por esa razón, o que resaltaria desta acampada é que podemos afrontar no futuro calquer acción local contra os efeitos da globalización económica sen complexos", subliña Paco Lamilla.♦

Contra a guerra o 1 de Decembro

Máis de trinta organizacións, entre elas sindicatos e partidos, forman a *Coordenadora pola Paz*

Horas antes da caida en Queens dun avión procedente de Boston, apresentábase en Compostela a *Cordenadora Galega pola Paz*. Máis de trinta asociacións e organizacións políticas, sociais e sindicais, constituíron unha plataforma para manifestarse contra a guerra e o terrorismo e solidarizarse coas vítimas, de todos os países, no conflito xurdido tras os atentados do 11 de Setembro. Convocan unha manifestación para o primeiro de Decembro.

"Non se combate o terror coa guerra, senón con paz e xustiza". Con esta máxima, deuse a coñecer a *Coordenadora pola Paz* o Luns 12 de Novembro nunha rolda de prensa na que actuou como portavoz Lois Trigo, da coordenadora de ONGDs, e estiveron presentes Manuel Golpe, de UGT, Carlos Gesto, de CCOO e Manuel Dios, do *Seminário de Educación para a Paz*. Trigo afirmou que a coordenadora espera unha resposta masiva dos galegas á manifestación do 1 de Decembro, que sairá ás doce do mediodia da Alameda de Compostela. Estiman nunhas quince mil as persoas que se manifestarán pola paz.

Intégranse na coordenadora diferentes asociacións: Adega, Mulleres Cristiás, Grupo de Obxección Fiscal, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, Federación de Asociacións de Viciños de Compostela, os CAF, o Sindicato de Estudantes, etc. Tamén toman parte o BNG e o PSOE asi como os sindicatos UGT, CIG, CCOO, Unións Agrárias e Sindicato Labrego.

A coordenadora constitue, segundo explican os seus promotores, unha resposta aos actos de violéncia indiscriminada. Consideran "moralmente inadmisíbel e inxustificábel atacar militarmente a un povo empobrecido e famento polas políticas realizadas polo seu governo". As desigualdades sociais e económicas no mundo xeran actos terroristas, din na coordenadora, que apresentou o seu manifesto en rolda de prensa. Desde Galiza demandarase con esta manifestación o fin dos bombardeos, a aplicación sen restricións do direito internacional e das resolucións das Nacións Unidas referidas a Israel, e o reforzamento das liberdades democráticas e procedementos de diálogo en todos os conflitos.♦

Gustavo Luca de Tena

'Parte da credibilidade de Aznar é a promesa de superar o fascismo de Fraga'

XAN CARBALLA

Cun título que non deixa lugar a dúbidas, "Fraga, retrato de un fascista", o xornalista Gustavo Luca de Tena ven de publicar na editora basca Kaalegorria, un ensaio de investigación sobre a traxectória política de Manuel Fraga, no que percorre os seus comezos nos aledaños do poder franquista, o seu ascenso na Ditadura e a sua posterior adaptación ao réxime democrático, que para o autor responde a unha permanente liña de conduta política autoritária.



Mais que unha biografia, o traballo que agora se edita é unha grande reportaxe sobre un político que percorre médio século adaptándose. Segundo a sua tese cun alma que non troca.

Fraga é quen mellor representa aos franquistas convencidos de que a Ditadura pode continuar cando falte Franco e exprésao con dous aforismos polos que pasará a história: *después de Franco, las instituciones* e *España es diferente*. É un afervoado das ideas de Burke e Ramiro de Maeztu que asignan a cada país un sistema político particular, con tal que non sexa de esquerdas. Trátase dun princípio reaccionário contra a universalización do direito, que reserva a África os protectorados de Europa e a España unha tirania católica e paternalista.

Estes dous lemas foron incesamente repetidos dende o poderoso sistema de propaganda do governo único pero cando desaparece Franco, as famosas institucións do fascismo non duraron nen vintecatro horas. Ainda asi, Fraga proclama que non se arrepende de ter sido ministro do fascismo e confírmao cando funda Alianza Popular en 1977 para *recadar o voto do franquismo sociolóxico*. Cando o resultado dos primeiros sufráxios despois de 42 anos, proba que non existen franquistas voluntários, algo perfeitamente previsíbel, Fraga considera retirarse pero despois séntese tentado pola idea dun *governo de concentración*, un estado de excepción que se estableceria como resposta ao que el chama unha situación emerxente. Inténtao en Vitória e Montejurra en 1976 e proponllo máis adiante a Jorge Verstrynge, secretario xeral de Alianza Popular. Fraga dixo que estas conspiracións sucederon na sua auséncia, o que non é certo. Ainda hoxe resístese a chamar polo seu nome á Ditadura e non se lle coñece nengun texto nen declaración no que defenda a democrácia. O seu xeito de adaptarse aos tempos cambiantes é deixar entender que el non fixo outra cousa que preparar o fascismo para os cámbios históricos, algo así como se lle debésemos a el o cámbio.

Con que critério escolle unha dúcia de elementos e sucesos políticos para caracterizar a figura de Fraga?

Os feitos son obstinados e a escolma de acontecementos nos que Fraga foi protagonista, revelan inquivocamente o seu ideário. A semana tráxica de Gasteiz (Marzo de 1976) non foi algo que se lle escapou das mans ao ministro da Governación: era unha provocación para romper e humillar a oposición á Ditadura. O que pasou é que a sua proposición de formar un gabinete de excepción perdeu fronte aos reformistas de Suárez. A cadea de acontecimentos que seguen proban que non renúncia á sua idea de representar a obra do franquismo, ainda que haxa que cambiar o decorado. Outras aportacións axudan a entender a sua ideoloxia, sobre todo cando se proban as suas afinidades e a sua teima por censurar.

Que aporta de novo este ensaio ás biografias sobre Fraga?

Moitos biógrafos de Fraga (Cabezas, Baón, Vence, Guilmour, Sentís e outros) parten do princípio de que é un home que soubo mudar as suas ideas con moito talento político. Outros, como Vence, ven nel unha dobre personalidade o que o humaniza e desculpa. Aqui o que se argumenta é o contrário: que nunca deixa de ser fascista e que procura pór a democrácia aos pés das suas ideas. Giorgio Améndola avisaba nos anos 20 do século pasado que os fascistas non era alumbrados, como quixo certa propaganda, senón mistificadores, disimuladores, mentirosos. Berlusconi, *il Berlusca*, como o chaman en Verona, é o facha trampón e xesuítico contra o que avisaba Améndola, co poder apoiado na política clientelar e na televisión. Fraga é tan delincuente político coma Berlusconi: di que vai rematar co caciquismo e establecer a modernidade e o que fai é reforzar o sistema clientelar e establecer a censura. Fraga tamén tivera biógrafos críticos coma Cuco Cerecedo ou José Maria Bernáldez. É curioso que non se reeditaran nunca.

Que revelacións novas fai sobre a vinculación de Manuel Fraga cos sucesos represivos de Vitória e Montejurra en 1976?

Anos despois da matanza de Vitória puido reconstruirse a evidéncia de que Fraga estaba no Governo Civil da capital de Araba cando os gardas disparaban sobre a povoación desarmada. O sistema de seguridade armado arredor do edifício, dende o que se dirixia o ataque, non resistiu o paso do tempo e algunhas testemuñas comprometidas falaron de que o ministro da Governación estaba ali. Despois do desastre, na madrugada do 3 de Marzo, marchou en avión a Bonn. Fraga regresa a Gasteiz catro dias despois e proclama que a responsabilidade foi de Adolfo Suárez, que o sustituia no Ministério pero que, ainda así, quer visitar aos feridos para dar a cara. O seu vitimismo é perfeitamente hipócrita e só está pensado para danar a Suárez que é o candidato do Rei. Non se trata dunha testemuña aillada senón dun rosário de contrastes e confidéncias que o situan en Gasteiz o dia da masacre. Fraga di que conserva probas de que estaba en Alemaña pero non quere deixárnolas ver. Os aleméns tampouco están dispostos a acreditar a versión do ministro. O curioso é que dous meses despois sucede a batalla de Montejurra, organizada dende o ministério da Governación e Fraga pretextou outra auséncia. Esta vez a Venezuela.

No libro fala del como *El Hombre*, por algunha razón en particular?

Se cadra é influéncia da escrita de Colómbia e Perú, que buscan un sustantivo universal para poder ver ao biografiado en perspectiva. Valle Inclán utilizaba este recurso na novela americana e dicianlle que facia evanxelismo. Dinque humaniza a figura política de Fraga e, se temos conta o brutal que resulta, igual era necesário.

Unha idea permanente desde hai anos é a di, "de Fraga pódese dicer o que se queira, pero non usou a política para roubar".

Pero estivera sentado nun consello de ministros de Franco no que roubaban a manchea. Se el non roubou, non se sabe ben que clase de virtude será deixar que outros rouben. Fraga interveu en representación do Estado nos Acordos de Madrid de 1975 polo que se vendeu o Sáhara a Marrocos para favorecer intereses transnacionais. Para tapar o escándalo, protexeu o asunto coa declaración de *matéria reservada*, que é o mesmo que declaralo matéria censurada. Comparados con este latrocínio (estamos falando de vender un país), os de *Gescartera* e *Filesa* son calderilla.

A crítica que realiza o libro é demoledora, pero Fraga culmina a sua biografia co éxito político dunha nova maioria absoluta eleitoral.

O número de delincuentes políticos moi votados é enorme. Hitler, Berlusconi e Balaguer poden valer para unha mostra. Por certo que Balaguer é íntimo amigo de Fraga. Por que se escandaliza a prensa do PP con Jorg Haider, máis votado que Fraga e con infinitamente menos delitos políticos cometidos, entre outras cousas porque non ten os seus anos?

Até que ponto o PP dirixido por Aznar é feito á semellanza de Fraga?

Aznar non foi ministro de propaganda de Franco nen ministro da Governación en Gasteiz e Montejurra e parte da sua credibilidade procede de que promete superar o fascismo de Fraga. É evidente que Fraga non lle perdoa que o ultrapase pola esquerda, porque sabe que no cerne do seu pensamento son iguais.

Sinala como unha liña de conduta que Fraga di unhas cousas e fai as contrárias, e conclue que ese elemento é unha marca fascistoide. Persoas como Miguel Angel Fernández Ordóñez aseguran que esa doblez é precisamente a política do PP en Madrid.

A xeración de Fraga governa a tiros, coa cadea e a represión. Abraza aos caciques en público. A de Aznar chega ao poder cun control moito máis refinado e extenso dos sistemas de comunicación e cunha capacidade mellorada de domínio clientelar. A diferéncia entre *Gescartera* e Rosendo Naseiro, o amigo de Fraga que insulta a Alberto Cortina por teléfono e lle di *o me das cien millones o te vas a enterar*, é a que vai do comboio de vapor ao tren de alta velocidade. Fraga fixo a guerra contra as nacionalidades coa proibición da Ikurriña entre outras torpezas; Aznar repete en todos os telediários que Arzalluz é un troglodita. Se isto serve como mostra, podemos estar diante da fase superior do fascismo que previa Giorgio Améndola. Claro que despois a maioria vota por Arzalluz.♦

Francia e os Estados Unidos queren que Madrid renuncie á defensa da autodeterminación

A manobra de distanciamento de Marrocos busca converter o Sahara nunha autonomía

JUAN ARIAS

Se ben desde Marrocos citáronse como causas da recente crise diplomática con España cuestións relacionadas coa inmigración, pesca, o control fronteirizo en Melilla, a falta de apoio á pretensión de incorporar ao Frente Polisario á lista de organizacións terroristas que prepara a UE, a celebración dun simbólico referéndum organizado por unha ONG andaluza reclamando a posta en marcha da consulta na antiga colonia, co aderezo dunha suposta actitude hostil da prensa española co reino alauí, o comportamento do país veciño responde indubidabelmente a unha calculada estratexia de tensión orientada a lograr apoios para a chamada *terceira vía* ou autonomía para o Sáhara Occidental baixo soberanía marroquina.

O rei marroquí, Mohamed VI, duante a sua vita ao Sahara hai dez dias.

Unha estratexia que, apoiada por Francia e Estados Unidos, ambos os dous países con grandes intereses económicos na zona, intenta conseguir que Madrid renuncie ao referéndum de autodeterminación do Sáhara Occidental contemplado no Plano de Paz da ONU, e acepte o Acordo Marco deseñado por París e impulsado por James Baker e Kofi Annan, encamiñado a un simple proceso de ratificación da soberanía marroquina sobre un territorio que no seu día ocupara pola forza das armas.

España, que mantén tradicionalmente no conflicto saharaui unha postura axustada ás decisións da ONU, ven adoptando de facto unha pertinaz neutralidade que fai deixación do papel que como potencia administradora do territorio lle corresponde segundo a Carta de Nacións Unidas –aínda que o secretario xeral da ONU otorgue sibilinamente a Marrocos esta consideración nos seus últimos informes cando nin tan siquera ocupa a totalidade do territorio–, papel que, en moitos casos, produciu a frustración dos saharauis, ao considerar que a antiga potencia colonial debería xogar un papel moito máis activo no enfrontamento.

Papel da ONU

A posibilidade de acceder á chamada *terceira vía* que contempla a última resolución do secretario xeral da ONU, foi interesadamente interpretada polo governo de Rabat como un recoñecemento internacional a súa soberanía sobre o Sáhara Occidental, esquecendo a súa posición de potencia ocupante, que en ningún caso supón traslación do título de soberanía, nin cambia o estatuto colonial do Territorio. E é o caso que, baixo esta premisa, o seu rei levou a cabo unha visita cargada dun gran significado político ás por el chamadas provincias do sur, a primeira que un monarca alauí realiza á zona trala firma do alto o fogo, diante da pasividade da comunidade internacional e as ferventes protestas non escoitadas dos representantes saharauis.

Os contratos petrolíferos asinados recentemente entre Marrocos e dúas firmas estranxeiras, francesa e norteamericana, que lles habilitan para levar a cabo prospeccións nas cidades saharauis de Dajla e Boujdour, e a visita do rei, xunto co anuncio dunha próxima disminución de persoal de Nacións Unidas na zona, complican extraordinariamente o proceso de paz, xa frádxil polos numerosos obstáculos presentados por Marrocos desde o comezo do proceso.

O Acordo Marco ofrecido polo secretario xeral da ONU no seu último informe, que acolle as expectativas feitas públicas por la parte marroquina -como así o recoñeceu o mediador na crise James Baker-, choca frontalmente coas aspiracións dos representantes saharauis, arremete contra a letra e o espíritu do Plano de Paz asumido e asinado no seu día por ambas as dúas partes en conflicto, e viola o dereito á autodeterminación do povo saharaui consagrado polo Tribunal Internacional de Xustiza, o Consello de Seguridade e a Asemblea Xeral de Nacións Unidas.

E así é porque estamos a falar dun suposto acordo enmarcado na máis sutil das mentiras: ¿Cómo interpretar, se non, a pretensión de que o Sáhara Occidental forme parte da integridade territorial de Marrocos, se mesmo Nacións Unidas segue a considerar o territorio como un asunto de descolonización, susceptible de discusións periódicas no seo do seu Comité de Descolonización?

¿Forma parte tamén da integridade territorial do reino alauí, xa que logo, a zona situada fora dos muros, actualmente baixo control da República Árabe Saharaui Democrática?

¿Non deixa o suposto acordo vía libre ao fraude mediante o establecemento na zona de colonos marroquinos durante o ano anterior á celebración da consulta deseñada para establecer o estatuto definitivo do Sáhara Occidental?

¿É posible, finalmente, defender a opción independentista cando se atribúe a Marrocos a competencia exclusiva para a preservación da súa integridade territorial contra intentos secesionistas que proveñan do interior ou do exterior do territorio, tal como contempla o suposto acordo?

A vía que apunta o Acordo Marco sobre o estatuto do Sáhara Occidental predetermina, en definitiva, o futuro dos saharauis e o estátus xurídico do territorio sen consultar nin contar cun povo que, despreciado e traicionado no seu lexítimo dereito a decidir libremente o seu futuro, terá razóns máis que convincentes para xustificar calquera reacción que estime oportuno levar adiante. ♦

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS
ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

NA PAZ ESTÁ A LIBERDADE

XAVIER VAZQUEZ FREIRE

A morte non é certo.
Uxio Novoneira

A verdade é uma terra sem caminhos.
Jiddu Krishnamurti

Perante o ataque violento de 11 de Setembro de 2001 contra objectivos estadounidenses, contra pessoas e bens materiais, justificado desde sectores integristas islamistas, assim como também perante o uso da violência exercida pelas forças armadas estadounidenses, legitimada desde grande parte dos governos e meios de comunicação do chamado "Primeiro Mundo" (e não só), contra bens materiais e pessoas nos territórios do Estado de Afeganistão, parece-me oportunamente necessário escrever as seguintes linhas falando das raízes e do significado –tão esquecido e/ou desconhecido– da palavra *Paz*, desde uma perspectiva não partidista (a paz não é património exclusivo de nenhum partido político, nem de nenhum governo, nação ou religião, nem de nenhuma pessoa em concreto), pedindo o cesse da violência (dos diversos tipos de violência) por parte de quaisquer dos bandos (ainda lembrando que existem outros tipos de violência com os que se submete a milhões de pessoas no Mundo actual, tais como a fome provocada por um sistema desigual, desproporcionado e injusto de distribuição da riqueza material do Mundo, exploração sexual e laboral, etc.), assim como também uma reflexão profunda por parte de todas e todos –especialmente por parte daquelas/es que governam o Mundo– sobre os problemas dos quais deriva a situação actual mundial, no marco de um necessário diálogo pacífico entre todas as partes.

Primeiramente, em torno do problema da violência, a principal questão é se estamos em contra da violência em si ou apenas da violência que possam exercer contra "nós". Se realmente estamos em contra da violência estaremos em contra de qualquer tipo de violência (violência militar, cultural, linguística, económica, laboral, sexual, etc.). É mais: se de verdade estamos em contra da violência estaremos em contra *sobretudo* da violência que nós possamos exercer contra outras pessoas, isto é, da violência que Eu (qualquer *eu*) posso exercer contra qualquer outra pessoa, que, em grande medida, nom é mais do que a violência que eu creio exercer contra outros e realmente exerço também e sobretudo contra mim próprio, distorcendo e destroçando o meu sistema de percepção da realidade: "os outros" ou "as outras" merecem a resposta da minha agressividade, da minha agressão que considero justa e legítima, acolhendo-me a *razões* (mesmo às vezes a *razões* aparentemente muito meditadas mas erróneas de raiz por justificarem a violência: som *razões* dependentes da ideia de que cumpre justificar a violência contra "o terrorista", "o infiel", "o espanholista", "o comunista", "o etarra", "o israeli", "o palestiniano", "o capitalista", etc.) para "o castigo", "a vingança", etc., que mais que *razões* não são senão *escusas* para o uso da violência. Se realmente estamos em contra da violência será porque estimamos a vida da outra, do outro, e, portanto, temeremos *sobretudo* a violência que possa surgir de nós, de mim, não tanto a violência dos outros, das outras, que verdadeiramente não pode fazer-me nem fazer-nos dano. Mas o que acontece é que identificamos quase totalmente o que somos com este corpo físico que também somos, mas que não conforma nem totalmente nem em grande parte o que Somos (como não vai ser assim -infelizmente- numa sociedade onde até se chega a identificar o que somos em função das nossas pertenças, do posto de trabalho que ocupemos, da casa e do carro que tenhamos, da estima que nos tenham outras pessoas, etc.) e tememos mais a agressão aparente do que a agressão de nós próprios contra nós próprios (a justificação da violência quando esta provém de nós próprios, de mim próprio, a distorção da realidade, em benefício supostamente de mim, ou de um nós qualquer, quando verdadeiramente o benefício próprio *nunca* se contrapõe com o benefício dos outros, das outras, questão esta que resulta especialmente difícil de perceber para aquelas e aqueles que vivem ávidas e ávidos de riquezas materiais, escravas e escravos da sua própria imagem ou vaidade, dependentes do reconhecimento social -em qualquer sociedade ou micro-sociedade- ou da afectividade "das outras", "dos outros").

> 'A verdade mostra-se-nos quando decidimos amar, nunca quando decidimos o contrário"

Estamos afeitas e afeitos a ouvir pessoas dizendo e repetindo-se com frases como "Olha, eu bem pacífico que sou" ou "Eu bem que odeio a violência" e depois acrescentam "mas se me provocam não respondo dos meus actos", e na realidade são pessoas que só sabem "ser pacíficas" se as estimam e valoram, se as respeitam ou querem da maneira em que desejam ser queridas, isto é, se lhes dão "o que elas querem" (com certeza, e muito habitualmente, apenas o que elas acreditam querer), pois à mais mínima incompreensão ou desprezo tratam de lhe *devolver a pelota* "ao outro", "à outra", para lhe fazerem chegar que elas/es também a/o desprezam ou não a/o querem, etc. O processo não pode ser mais dependente: na medida em que tu me amas, eu amo-te; e na medida em que tu me odeias, eu odeio-te. Onde fica então a nossa liberdade? Somos realmente livres se respondemos à violência com mais violência? Só seremos livres quando decidamos ver que é realmente aquilo que somos e actuando em consequência. E, verdadeiramente, se somos seres (já não digo agora "seres humanos", mas simplesmente seres), é porque a nossa característica essencial é a de termos vida, estarmos vivos, Sermos. Portanto, se a vida é a matéria essencial de que estamos feitos os -agora sim- seres humanos, façamos com que sejamos mais e mais *Vida*, amemos a vida em todas as suas manifestações e comecemos por nos preocupar de nós próprios e os nossos semelhantes e por tudo aquilo que seja bom para nós e para eles. O contrário é a morte. Se um se quer a si próprio não poderá nunca odiar outros seres. Resulta incompatível. É impossível. A verdade mostra-se-nos quando decidimos amar, nunca quando decidimos o contrário. Não digo que seja fácil, mas é o único caminho certo, real, a única terra sem caminhos.♦

AS TORRES GÉMEAS DE KABUL

CELSO ALVAREZ CACCAMO

Regresso dos EUA logo de um mês de sofrer o carbúnculo mental e as rodas desinformativas do Pentágono expostas na CNN e na FOX News, Coca-Cola e Pepsi-Cola respectivas (ou vice-versa) para a nossa induzida sede mediática. A maquinaria económico-informativa desse país tem conquistado o pensamento público. O discurso sobre o "terrorismo" foi sequestrado habilmente polo poder para instaurar o medo e a vigilância mútua, o qual para nós não é nada novo. A consciência crítica é uma ilha esmagadora, e só se encontra na internet (onde aprendo os meus dados) ou na conversa. A CNN produz explícitas circulares internas onde se instrue aos informadores a desactivarem qualquer notícia sobre "danos colaterais" em Afeganistão com expressões do tipo "Porém, os talibã causaram mais de 4.000 mortes no maior atentado da história", ou "Porém, a responsabilidade última destas mortes recai na rede assassina de Ben Laden" etc. etc. O Pentágono mercou por milhões de dólares os direitos de todas as imagens da região tomadas polo satélite civil *Ikonos* (muito mais preciso do que os satélites espias), para impedir a sua compra e difusão polas cadeias de TV. A imprensa reproduz fielmente as palavras do governo e infielmente as dos "terroristas". Aqui (aqui é todo o mundo) também é assim, não nos enganemos: morre mais gente em Rússia ao ano de carbúnculo e *El País* não enche as suas páginas multimédia sobre como não apanhá-lo de uma cabra russa que nos chegasse por correio. Terror, sim: sobretudo o da mentira e o disciplinamento.

O sociólogo dos média Robert McChesney explica como os meios informativos foram de pouco a pouco passando do profissionalismo das primeiras guerras fotogénicas à submissão nesta mal denominada "guerra contra o terrorismo". Umberto Eco confirma em *Der Spiegel* as palavras de Berlusconi sobre a "civilização ocidental" frente ao "Islã", reproduzindo mesmo contra as suas melhores intenções as dicotomias oficiais entre Nós os cristãos velhos e Eles os muçulmanos, que viriam a utilizar as "nossas" escolas.
Ninguém comenta que os acontecimentos actuais são resultado directo de a gente acreditar em deus e no mercado. Ortega, Beiras, escutem, por amor desse deus: no capitalismo as eleições sempre se perdem.

> 'Estamos num ponto de inflexão na história da humanidade. Estamos provavelmente no momento mais perigoso desde a invenção do machado de pedra."

Apesar da submissão geral, alguns intelectuais advertem do perigo duma possível e devastadora guerra mundial. Eis o elemento crucial que distingue este episódio do continuado conflito de Oriente Médio e Ásia Central. É evidente que se trata de violência polo controlo económico, do gás e das reservas de petróleo: calculam-se 50.000 milhões de barris em Kazhikstã (superiores aos 30.000 milhões da Arábia Saudi), que deverão ser conduzidos por um oleoduto cujo traçado mais directo passa por um Afeganistão dócil. Também se trata dum combate pola imposição dum dado modelo de "globalização", e, como sempre, pola sujeição das mentes das pessoas à lógica da morte. Mas o preço a pagar é muito alto, tanto que poderia exceder os cálculos do *establishment* ocidental. Colin Powell, que orquestrou a Guerra do Golfo, aparece agora como "moderado" tentando impor contenção; por isso mesmo está desaparecido. Uma eventual extensão dos ataques a Iraque (quer dizer, a intensificação dos já vigorados desde há dez anos) poderia ser a escusa que procurasse o outro integrismo económico, o árabe, cuja rede de interesses na região excede toda descrição. Ou o nazismo judéu, que já prometeu responder com armas nucleares se o regime de Iraque atacava Israel com bactérias ou venenos. E no elo pré-tecnológico da cadeia, os anciãos paxtuns que cruzam a inexistente Raia seca desde Paquistão para se unirem aos paxtuns afegãos não o fazem em apoio do regime talibã: fazem-no contra um inimigo genérico, como o fizeram contra os impérios britânico, zarista e soviético, na procura da dignidade e a preservação da sua longa história. Não estou a ser essencialista das identidades, porque aborreço que no seu nome se cometa qualquer guerra, que supõe o máximo culto ao corpo (matarcorpos alheios para conservar o próprio). Tento simplesmente explicar porquê atiram velhos fuzis kalaxnikof contra opulentas bombas BLU: sempre a mesma máscara da morte.

Estamos num ponto de inflexão na história da humanidade. Penso sinceramente que aqui o "nós" é pertinente, e não se refere a qualquer entidade nacional ou grupo cultural, como "ocidente" ou "o islã", essas falácias. Refiro-me aos humanos. Estamos provavelmente no momento mais perigoso desde a invenção do machado de pedra. E não há dous lugares neste duelo, não há duas opções. Às vezes —confesso e admito— nas guerrinhas diárias, há dous lados, sobretudo um o do papel, onde se escrevem cousas de palavras, e outro o das balas, onde se mata totalmente. Mas diante desta guerra só há um lugar possível, uma única opção, a que habita no pensamento ético (marca primordial do humano), a opção que ilumina a nossa utopia razoada. Todo cérebro pode imaginar essa utopia da razão: isso é suficiente para persegui-la. A outra opção, a inconcebível, não é opção: é o vazio. Pode que o vazio atómico não devore todo mundo, e os restantes ressurjam ou ressurjamos após do fungo nuclear dos búnqueres da consciência com mais terror nos olhos e uma ingénua vontade suprema de não repeti-lo. Mas isso mesmo afirmou muita humanidade depois de Nagasaki e Hiroxima, os maiores atentados terroristas da história. E, já vêem: bomba sim, bomba também, a história é uma náusea infame que se repete. É hora de mudá-la, de sequestrar a Deus e os seus sinónimos antes de que nos abrasem a todos nestas torres gémeas de Kabul, neste cárcere de lume onde escrevemos poesia cegada pola *burka*, onde cozinhamos tristes alimentos e esquecemos, cada vez esquecemos o futuro que levamos na cabeça, por um pouquinho de moedas ou de aplausos.♦

Os EE UU siléncian con bombas a cadea televisiva Al-Jazira en Afganistán

Os ataques aéreos persisten mália a retirada dos talibáns das principais cidades

CÉSAR LORENZO GIL

O avance da Alianza do Norte trouxo consigo saqueos e vinganzas, alén de música e papaventos.

Todas as televisións de Occidente proclaman o ocaso do réxime talibán. O acidente aéreo en Nova York frustrou o relato triunfal da estratéxia de ataque contínuo contra os centros de poder dos integristas. Hoxendia, a vitória da Alianza do Norte parece imediata. Só queda por saber quen governará Afganistán e onde se agocha Osama Ben Laden. De momento, os EE UU calaron con bombas a voz de Al-Jazira, única televisión que emitia con permiso do réxime do Mulá Omar.

Aquela famosa milícia talibá, adestrada no frio extremo e capaz de lanzarse ao suicídio no combate parece que desapareceu da face de Afganistán, alomenos das suas principais cidades. A Alianza do Norte ocupou xa máis da metade do território e cabalga sen oposición cara ao Sul. Ao feche desta edición, parecia iminente a caída de Kandahar. Todo iso, sen a penas gastar munición.

A crónica da ofensiva da alianza é máis victoriosa ca un desfile militar. Só algunhas escaramuzas –nas que faleceron vários xornalistas– alteraron a marcha sobre Kabul. Se lles facemos caso ás análises apresuradas dos analistas bélicos, a toma de Mazar i Sharif precipitou a retirada en masa dos poucos efectivos talibáns, principalmente milicianos, cara ao abeiro das montañas do Sul. Se hai menos dunha semana, a cabaleria da oposición puido máis ca unha coluna de blindados, nas restantes conquistas, non fixo falta loitar.

Por fin, a CNN e demais televisións ocidentais teñen imaxes que emitir, histórias que contar, testemuños que narrar e sorrisos que filmar. Curiosamente, xa non hai información desde o bando dos fundamentalistas. A isto contribuíu moito o bombardeo que sufriu a oficina de Kabul da cadea de televisión Al-Jazira, de Qatar, convertida grácias á sua presenza baixo o réxime talibán, na estrela mediática dun conflito que se xoga moito nos salóns dos fogares de todo o mundo.

Primeiro, o presidente George Bush ameazou con boicotear as suas imaxes, despois intentou negociar para comprar publicidade nos seus informativos. Agora preferiu silenciala pola brava. Bota de conta o Pentágono que se o correspondente da cadea en Kabul, Taiseer Aluni –con toda a sua família en Granada– non pode informar, non haberá imaxes que loiten en primacia polas que brindan as axéncias ocidentais. A guerra da propaganda, nestas horas de ambiente vitorioso, xa se fai ao xeito que os EE UU queren.

A 'democrácia' da Alianza do Norte

"Os homes poden barbearse por primeira vez en cinco anos. As mulleres xa tiraron a *bhurka*. Os nenos voan papaventos no aire e os mozos escoitan música en todas as ruas de Kabul". Estes elementos centran a crónica da "liberación" da capital afgana. A chegada da Alianza do Norte parece un auténtico triunfo da democrácia, a xustiza e os valores ocidentais.

Pero isto non é asi. Arestora, en todas as cidades tomadas, os soldados da alianza acompañan os seus cantos de vitória con saqueos e asasinatos, disfarzados de execucións sumárias contra "supostos" talibáns. O próprio portavoz opositor garantiu xa máis de 600 mortes, mentres decretou que os xornalistas ocidentais permanezan aloxados en hoteis e só poden filmar durante unhas poucas horas ao dia.

A toma de Kabul non parou os bombardeos estadounidenses. O responsábel militar na zona, o xeneral Tommy Frank, anunciou que se continuará a lanzar bombas nas serras e cordais para destruír "totalmente" a resisténcia de Ben Laden. Mais, ao tempo, xa desde Washington se fala de governo de reconstrución e de negociacións sobre o futuro do país.

No caso de que a Alianza do Norte tome o poder, moitos van estar descontentos en Afganistán e países viciños. Ninguén esquece que os mercenários uzbekos e taíkos xa dominaron Kabul entre 1992 e 1996 e que Anistia Internacional denunciou máis abusos dos direitos humanos pola sua parte que pola parte talibá. Agora, se os EE UU non asumen a responsabilidade do reparto do país, parece improbábel un acordo entre o rei Zahir, da étnia pashtun, coa alianza. Ademais, Pakistán teme que Irán influa decisivamente nunha das faccións, de tendéncia xiíta e acabe por governar o país. Entrementres, as corporacións petroleiras pergúntanlle a Bush con quen teñen que negociar para iniciar a construción do oleoduto desde o Cáspio. Non hai que esquecer que a actual administración estadounidense é a que máis vencellos ten coa indústria do cru desde a etapa Reagan. Tanto o presidente como a conselleira de Seguridade, Condoleeza Rice e o vicepresidente, Dick Cheney, traballaron en corporacións deste sector. ♦

Medo en Nova York

Os triunfos dos aliados en Afganistán coincidiron coa caída dun Airbus 300 de American Airlines sobre o bairro neoyorkino de Queens. A especial sensibilidade sobre os atentados do 11 de Setembro provocan ainda hoxe certos temores sobre as causas do sinistro. O governo rapidamente se adiantou e considerou o feito como un simple acidente, inoportunamente ocorrido na mesma cidade, dous meses despois da traxédia das Torres Xemelgas e sobre un lugar habitado principalmente por famílias xudias e latinas.

En Santo Domingo, cidade da que procedia a meirande parte das vítimas, non se cre esta versión e son vários os que pretenden iniciar, pola sua conta, investigacións que expliquen por que caeu un dos motores en pleno despegue. O único certo é que o valor bursátil das compañias aéreas segue en caída libre e a empresa europea Airbus comeza a sufrir as primeiras consecuéncias na sua lista de pedimentos. ♦

CHEGOU O CÁMBIO
QUE AGARDABAS

"Tiñamos un problema e xa está solucionado
J.M. Aznar

A represión volve ser a de antes: a pancadas na cabeza. Fraga aporta un matiz de tempos pasados: "Os manifestantes estaban instigados **dende** fóra!"

Ouro de fóra, conspiración extranxeira para sementar violéncia e xustiza exemplar como a que reclama o presidente en funcións e exprofesor de **Direito**: "xa a pagarán!"

Para Arsénio Fernández de Mesa, non houbo carga senón separación do público para praticar unha entrada ás autoridades. Completamente falso: a porta principal **estaba** franca.

Fernández é da escola xesuítica de Diz Guedes pero non dá altura do histórico "non houbo carga senón **desprazamento** da masa manifestante".

Un pareado santiagués para o Fin da História: *Pilar Castillo é **filla** do Caudillo!*.

Aire fresco en Kabul, por fin! Pero por que estaba viciado o aire de Kabul? Os mesmos que agora entran de ventiladores impuxeran non hai moito a *burka* e afusilaran **budas** e televisores!

Británicos e rusos avisan: "a traizón é unha arraigada tradición afgana". Os norteamericanos sábeno mellor ca eles porque tiveron que pagar a Alianza por construir o que **agora** combaten.

"As campañas de publicidade que perduran, son as que son permanentes". A frase é de Xosé Luis Barbosa, presidente da Asociación de Hosteleiros de Pontevedra (ASEHOSPO) e fai referéncia á **promoción** do turismo.

Celso Currás inaugura o Museu Pedagóxico Galego. Tras dunhas imaxes dos tempos de Franco, a TVG comenta que por fin poderemos lembrar a escola dos **felices** anos corenta.♦

Nacionalización de *El Correo Gallego*

¿Lembran aqueles tempos, heroicos sen dúbida, nos que e consideraba a prensa cuarto poder? Aqueles tempos. Mesmo Napoleón afirmou que resultaba máis témero un xornal en contra que dez divisións armadas. O xornalista era un personaxe que cuestionaba a realidade, que interpretaba o mundo para darlle a volta, quería que os seus lectores reflexionasen sobre os tempos que os asolagaban, turraba na vangarda da historia e sempre, sempre, se afastaba do poder establecido. Probablemente, no xornalismo, calquera tempo pasado presentouse menos malo. Pero, a capacidade de abraio perante as cousas non coñece estremas. Indefectiblemente, como voltan as escuras anduriñas cada primavera, *El Correo Gallego*, periódico local de Compostela, xuntarase con quen se debe xuntar. O poder. Non só manipulará estética e eticamente todas as informacións que reflicten as protestas estudiantís máis importantes da historia da cidade, senón que os seus ilustres opinadores semellan nacer xa con opinión coma con embigo: imposto, irrenunciable e inmutable.

O día sete Carlos Luís Rodríguez, o día oito, Luís Pousa e, repetindo obsesións e posicións, o día nove, Carlos Luís Rodríguez, centraron os seus esforzos en amolecer o indiscutible impacto que o cantazo da loita estudiantil está a provocar nos alicerces do goberno estatal. Toman partes polo todo, obvian a máis da metade do estudiantado compostelán en marcha por un ensino público e ofician de altofalantes de San Caetano. Sabemos que *El Correo Gallego* non publicará esta carta. Sabemos que *El Correo Gallego* non deixará sentir nas súas páxinas o ecoar que brada masivamente contra o seu lixo informativo nas mobilizacións contra a L.O.U. Sabemos que os articulistas de *El Correo Gallego* sempre escribirán dende os pazos (Raxoi, San Caetano, San Marcos) e non dende a terra.

A Asemblea de Estudiantes de Xornalismo, a día nove de novembro de dous mil un, propomos á Xunta de Galicia a inmediata nacionalización de *El Correo Gallego*.

Polo tanto, nós, Asemblea de Estudiantes de Xornalismo, a día nove de novembro de dous mil un, propomos á Xunta de Galicia a inmediata nacionalización do mentado xornal. Respostarán deste xeito ás teimas máis atávicas da súa pluma estrela, Carlos Luís Rodríguez, facendo oficial o que todos percibimos como *Pravda, Granma* ou, mellor aínda *El Imparcial*. E amais, rematará a confusión do touciño coa velocidade, é dicir, *El Correo Gallego* co xornalismo.♦

ASEMBLEA DE ESTUDIANTES DE XORNALISMO

Defensa de Foz

Como visitante habitual de Foz quereria opinar sobre a depuradora de augas residuais. Todos sabemos que é preciso sanear as rias pero o saneamento das rias galegas ten un retraso de anos respeito ao que esixe a U.E., por iso os responsábeis da Xunta, en Augas de Galiza, botaron as mans á cabeza ao lles lembraren desde Bruxelas que non tiñan feito os deberes e como os malos estudantes queren facelos ás presas, e claro, van atrapallados. Para poderen apresentar algo feito presionan aos concellos, onde se non houber un alcalde e uns concelleiros con critérios claros do interese público tragan co primeiro plano que lles poñan diante.

Nas Rias Baixas temos moito exemplo disto. Ben perto da miña casa,en Ogrobe, vila que como Foz ten carácter turístico, non temos un parque público (tampouco Foz) pero, iso si, alguns teñen clube privado de golf.

Em Vila-Garcia de Arousa fixeron un recheo na ria para montar un Mac Donalds. O colmo para os galegos, estragan-nos os bancos de marisco para nos venderen hamburguesas americanas(!).

Animo à xente de Foz para que non deixe estragar a sua linda ria.

Por iso animo à xente de Foz para que non deixe estragar a sua linda ria, teñen que ser eles quen defendan os intereses de Foz pois aos señores da Xunta tanto lles ten que a depuradora cheire mal ou pior,e sexa un horror para a vista,en Santiago nen a ven nen a cheiran.

Se conseguirmos que este sexa un espazo público de uso lúdico non só o agradeceremos os visitantes mais tamén os viciños de Foz e os seus fillos.

MIGUEL PINHEIRO LOSADA
SAN XENXO

A mocidade galega no cala

Desde que o Partido Popular acadou maioria absoluta nas Cortes do Estado, está levando adiante unha política totalmente regresiva e de recurte de direitos, dando deste xeito pasos de xigante cara atrás en determinadas conquistas sociais, o que afortunadamente ten provocado a reacción defensiva de amplos sectores da sociedade galega.

Un dos máximos expoñentes deste xeito de facer política é a actual Lei Orgánica de Universidades (LOU) e o anteproxecto de Lei de Calidade en ensino médio, leis que nascen feridas de morte, pois ao igual que outras reformas do Partido Popular -tan só hai que pensar na recente Reforma Laboral-, non son froito do diálogo, senón dunha visión única e prepotente que non responde ás necesidades e demandas do sistema universitário. Boa mostra disto é que por primeira vez en moitísimos anos unha reforma une a toda a comunidade universitária (alunado, profesorado, persoal non docente) e ao conxunto da cidadania na demanda de que o governo rectifique a sua postura producindo-se as maiores mobilizacións de ámbito estudantil da história da Democrácia no estado.

Xa cando a señora Ministra apresentaba o 29 de maio o anteproxecto de Lei, o deputado do BNG nas Cortes, Francisco Rodríguez, advertia dos dous tópicos propagandísticos cos que se tentaban vender socialmente a reforma: o combate contra a endogámia universitária e a aposta pola mobilidade do profesorado e alunado como garantias de competividade e calidade.

Para nacionalismo galego, estes tópicos propagandísitcos conducen-se desde a intencionalidade claramente recentralizadora, que reduce a autonomia universitária e subordina as competéncias das Comunidades Autónomas en matéria de ensino universitário, síntoma dunha obsesión por estruturar un sistema universitário xerarquizado, de tipo piramidal que asegure dependéncia e control estatal ao servizo dunha visión moi determinada de España, que leva a esquencer que o estado español responde a contextos nacionais diferenciados. A LOU cria un modelo uniformador que non responde á diversidade do Estado Español.

Esta reforma, consagra o sistema de taxas e o finanzamento privado coma as principais vias de ingresos das Universidades sen dar resposta real ao aumento do finanzamento público do que precisa o noso sistema universitário. Neste sentido, cómpre lembrar que o estado español coloca-se á cola dos paises da OCDE en canto a gasto médio por aluno/a.

Ademais, esta reforma impón unha pexa máis para o acceso á Universidade. O nacionalismo galego historicamente mantivo unha postura de firme rexeitamento contra a Selectividade, mais o sistema *"alternativo"* que quere vender á sociedade o Partido Popular é ainda pior que a própria, pois as probas de aceso serán definidas en cada Faculdade ou Universidade, podendo dar-se o caso -e de seguro que se dará- de ter que realizar probas de aceso baixo critérios arbitrários e desiguais e non garantindo o direito fundamental de toda persoa a poder estudar.

Outro dos grandes logros desta reforma, segundo palabras da própria Ministra, é o chamado "distrito aberto". Con isto teremos que competir co resto dos e das estudantes do Estado para acceder a unha carreira. Isto provocará que moitos e moitas teñamos que marchar fóra de Galiza para poder estudar.

Desde Galiza Nova, a organización xuvenil do Bloque Nacionalista Galego (BNG), demandamos que se paralise o proceso de aprobación desta Lei e que escomece de novo o proceso, abrindo o diálogo social con todos os sectores implicados, tanto no ensino médio como da comunidade universitária, para que elavore unha lei que se axuste ás demandas e necesidades reais da sociedade galega.

Queremos amosar a nosa solidariedade con toda a Comunidade Universitária, especialmente co estudantado, que nestes dias se está a mobilizar para denunciar esta reforma, e mesmo está a sofrer unha desmesurada resposta por parte das forzas policias baixo orde da Delegación do Governo.

Queremos rematar realizando un chamamento á participación activa da mocidade galega nas mobilizacións que se leven a cabo, especialmente nas do dia de hoxe, na defensa dun ensino verdadeiramente público, galego e de calidade.♦

RUBÉN CELA DIAZ
SECRETARIO XERAL DE GALIZA NOVA

Fernando León de Aranoa
'Un documental pode provocar unha campaña reivindicativa'

FRAN ESTÉVEZ

Escolleu Vigo para a que será a sua terceira película despois de *Família* e *Barrio*. Fernando León de Aranoa leva cinco semanas rodando nas ruas e no porto da cidade un filme coral que recria histórias de parados e de persoas que viven unha situación laboral de explotación. A sua preséncia é coñecida en Vigo e son moitos os que nestes dias se lle achegan para contarlle as suas particulares situacións co fin de que el as recolla na longametraxe. Entra dentro da maneira que ten este director, guionista e escritor de entender o cine, como crónica social do tempo no que vive. No medio da rodaxe, Fernando León asistiu ao festival de Valladolid, onde se estreaba o seu documental *Camiñantes*, baseado na loita dos zapatistas.



Como nace o seu documental *Camiñantes*?

Trátase realmente dunha história sobre camiñantes. En Xaneiro deste ano o Exército Zapatista de Liberación Nacional convocou á sociedade civil mexicana a unha caravana a Cidade de México demandando a aprobación dunha lei sobre cultura e direitos indíxenas. A lei fora redactada nos acordos de San Andrés de 1996 e nela participara o governo federal e formaba parte dos acordos de paz. Ese proxecto nunca se puxo en marcha e a caravana reclamaba que se cumprira ese acordo xa consensuado. Para elaborar o documental, en lugar de seguir a caravana o que fixemos foi buscar o ponto de vista dunha comunidade indíxena pequena por onde ia pasar. Instalámonos con eles e esperamos a comitiva zapatista para ver como facian os preparativos e comprobar as suas ilusións ou o seu escepticismo.

Como respondia a xente á marcha zapatista?

Estaba moi ilusionada. Tentabamos buscar todo tipo de reaccións, persoas que confiaban plenamente na iniciativa e outras máis dubidosas pero, polo menos nesta comunidade, era moi difícil dar con alguén que sostivera unha postura crítica a respeito da caravana. Sentian que esa viaxe até o Congreso mexicano tamén lles afectaba a eles. Sinten que a marcha foi útil e, ainda que non se conseguiu o obxectivo, si serviu para darse conta da capacidade de mobilización dos povos indíxenas, da forza que poden ter.

Canto tempo durou esa convivéncia?

Pasamos ali un mes ainda que o tempo de rodaxe real foi de dez dias. Quixemos chegar antes pero, de todos xeitos, teríame gustado estar máis con eles. A intención de materializar un traballo sobre o movimento zapatista viña xa de moito atrás. Eramos un grupo de amigos relacionados co sector aos que nos apetecia e nos atraia o tema. Seguiamos todo o relacionado co movimento zapatista e liamos canto se escribia sobre eles, seguindo a situación política. A iniciativa da caravana era a excusa perfecta para ir ali e concluir este traballo.

É ben recibida esa solidariedade internacional?

Cando chaman á xente á mobilización, como neste caso, falan sempre da sociedade internacional. Afirman que sen o apoio *de ustedes*, como din eles, da xente de fóra, serian moito máis débiles.

Un membro daquela comunidade estivo na estrea de *Camiñantes* en Valladolid.

Estivo connosco Juan Chávez, que é un dos entrevistados no documental. Estaba en España para buscar acreditacións sobre a tenéncia das terras e tivo que vir ao Arquivo de Índias. Coincidiu co Festival e veu explicar o alcance da caravana a Valladolid. Finalmente, conseguiron falar no congreso e aprobouse unha lei pero modificada. Os zapatistas dixeron que non era o que buscaba e agora estase facendo oposición para reclamar os seus direitos.

Vostede está involucrado en temas de denúncia social, como por exemplo no seu papel de guionista de *A espalda do mundo*. Tratou o tema dos desprazados, dos kurdos, dos latinoamericanos e os reclusos. Como aparece o seu interese por Latinoamérica?

En *A espalda do mundo* participei como guionista e traballei na rodaxe dunha das tres histórias que se contan ali. Vivín en Centroamérica, en Guatemala, cando era máis novo e sempre sentin unha afinidade e un interese especial por todo o que ali acontecia. Son países moi ricos e, ao tempo, moi maltratados.

Dese documental xurde unha campaña contra a pena de morte.

Unha das tres partes trata da pena de morte en Estados Unidos. O preso que aparece no documental estaba e continua condeado a morte. Todo sigue igual e o único cambio é que xa ten data de execución que está prevista para o 29 de Febreiro do ano que ven. O que se fixo foi tratar de mobilizar á xente, de buscar fundos para facer unha defensa máis sólida. Moitas veces os xuíces só aceitan revisións das condeas se veñen avaladas por unha firma de prestíxio, se están asinadas, como sucede na maioria dos casos, por avogados descoñecidos non teñen forza. É dicer, con cartos hai máis posibilidades de que se anule a condea. O preso que aparece na película e ao que entrevistamos hai tres anos chámase Thomas Miller. Agora estanse buscando fundos para evitar que o maten en catro meses e para iso Amnistia Internacional está a promover unha campaña cunha conta corrente aberta para revisar o caso e declaralo inocente. El dicíanos na entrevista que non era culpábel pero non é iso o que importa senón a loita contra a pena de morte. Seguimos o que está pasando a través da sua muller que é unha activista contra a condea máxima e tenos informados de como transcorre o proceso.

Cinco semanas xa de rodaxe en Vigo. Responde a cidade as suas expectativas?

Vai todo como estaba previsto, cambiando os planes polo tempo pero cos contidos adecuados ao que buscamos. Os viciños responden de xeito moi amábel á nosa preséncia.♦

De distáncias

PILAR PALLARÉS

O noso é, disque, un país conformista, apático e que desconfia das mudanzas. Mais até a prensa -ou a TV- que só o ten en conta para falar de narcotráfico, crimes rurais, famosos triunfadores en Madrid -sempre, e ainda, os "gallegos a la española"- e celebrazóns gastronómico-folclóricas, recolle as imaxes e as consignas dunha Compostela que abandeira no ámbito universitário a loita contra a LOU. Non se lembravan mobilizazóns asi desde o 79, o ano da loita dos pisos. E se entón se falava da necesidade de construir unha Universidade paralela, ou máis ben alternativa, fazendo-a sair á rua de mans dadas coa realidade, agora iso deixa de ser unha proposta máis e as aulas danse efectivamente nas prazas. Telefona-me Marilar Aleixandre no fin de semana e conta-me que o luns, o xa pasado dia doze, é ela unha das que ten que impartir clase maxistral fora dos muros das faculdades.

Os xovens son cada vez máis individualistas, pasotas e irresponsáveis, só agardan o xoves ou venres, segundo as idades, e os dias de marcha que veñen a seguir. Mais de camiño cara ao instituto, xa tarde, o bus ten que deter-se longo tempo por mor dunha manifestazón de estudantes. Cando chego por fin, os de Bacharelato non están, porque tamén se sumaron á folga. Moitos como eles deixaron de ir votar nas últimas eleizóns ou deixarán de o fazer nas próximas. Parecen indiferentes ao que pasa ao seu redor. Mais ainda que non o digan en voz demasiado alta, falas con eles e non son poucos os que consideran totalmente inxustificável a guerra dos USA contra Afganistán e o servilismo dos países occidentais. Saben, apesar da censura dos meios de comunicazón, que detrás hai como sempre intereses económicos e que en tanto uns bombardeos son terrorismo -os donos do capital son tamén os donos das palavras–, outros son filantrópicas manifestazóns de alta civilización.

Mais continuará-se a dizer que o país é conformista e a mocidade -a nosa dobremente- indiferente. Os tópicos inamovíveis suplantan unha realidade en constante mudanza, e cada vez é maior a distáncia entre as supostas verdades que transmiten os média e os "asuntos importantes" dunha política institucionalizada e paralisante, apenas simulacro da verdadeira política, e as preocupazóns dos seres humanos de carne e oso. Son preocupazóns incómodas, case impertinentes nesta perpétua campaña eleitoral en que se está convertendo a cousa pública.

Que pouco fotoxénicos os conflitos nun cartaz de propaganda...♦

Xavier Villaverde.

■ Xavier Villaverde dirixirá a vida do Marqués de Sargadelos

O soño do razón é o título da película que vai emprender a produtora Continental e que narra a vida de Antonio Raymundo Ybáñez, Marqués de Sargadelos. A película, que se apresentou no Consello da Cultura o Mércores 14 de Novembro, estará dirixida por Xavier Villaverde, cuxa última longametraxe foi *Fisterra*. O proxecto materializarase nunha película de 100 minutos e unha minisérie de dous capítulos para televisión. Posteriormente a apresentación da película, desenvolveuse un debate no que participaron Luis Hueso, Xosé Ramón Barreiro, Ramón Villares, Isaac Diaz Pardo, Francisco Campos e Alfredo Conde, autor da recente novela *Azul Cobalto* que recria a biografia do fundador de Sargadelos. ♦

■ Prémios San Martiño para Vidal Bolaño e Virxílio Vieitez

O vindeiro 1 de Decembro entregaranse na Estrada os prémios *San Martiño* de Normalización Lingüistica, que chegaron á sua 11ª edición. No ámbito galego o galardon recaiu en Roberto Vidal Bolaño, "polo seu labor de defensa da lingua en todo momento e moi especialmente no ámbito do teatro onde destaca como dinamizador, actor, director e mestre de varias xeracións de actores criados e formados no noso idioma". O Prémio "Toda unha vida" foille concedido ao fotógrafo de Terra de Montes, Virxílio Vieitez que "co seu labor artístico recolleu con exactitude costumes e formas de vida na nosa terra". Tamén se concedeu o prémio á difusión da língua na comarca de Tabeirós-Terra de Montes ao Recreo Cultural da Estrada que "polo seu exemplar emprego da língua galega, como sociedade centenária, ven exercendo nos últimos anos un labor de potenciación e defensa da língua e cultura galegas". ♦

■ Palabras de lembranza para Francisco Mantecón

Foron moitos os que non se quixeron perder a homenaxe póstuma ao artista vigués Francisco Mantecón, falecido este mesmo ano. Amigos e compañeiros de profisión subiron o Xoves 8 ao escenário do Centro Cultural Caixanova para falar en breves intervencións da vida e do traballo do pintor e deseñador. Xunto aos familiares, estiveron presentes, entre outros, Anxel Huete, Gonzalo Navaza, Xosé Luis Méndez Ferrín, Carlos Casares e Antón Goyanes. ♦

Anaco de *Natureza morta con curry*, de Manuel Vilariño

■ *O anxel* de Manuel Vilariño na galeria Bacelos

Ten a morte animal sabores especiados e cores luminosas nas fotografias de Manuel Vilariño. O fotógrafo ven de inaugurar a mostra "O anxel necesario", na galeria Bacelos de Vigo, série de naturezas inanimadas que precisan da morte para recobrar a sua eséncia. O curry, o pimentón, o chocolate, a cúrcuma aderezan ás aves e as serpes que perderon o alento. O paxaros de Vilariño xa non voan. Explica o crítico Alberto Ruiz de Samaniego que "o instinto poético deste fotógrafo áchase entre a reptación e o vo, entre a ave e a serpe, entre o sideral e os inferos, a aniquilación e o renacemento. Instinto de elevarse por riba da sua condición, pero que, á vez, o ata e arrastra á terra". ♦

■ *Zoom, a história dun chantaxe*, premiada no Festival de Ourense

O xúri premiou *Zoom*. O público, a arxentina *Herencia*. No Festival de Cine de Ourense a Calpúrnia á mellor longametraxe recaiu nun filme alemán, *Zoom*, dirixido por Alexander Jahrreis, que narra como un viciño introvertido decide gravar o que acontece nun piso próximo. Ali unha prostituta recebe aos seus clientes. O viciño grava e, despois, chantaxea. Non foi o único galardón para *Zoom*; levou tamén o de mellor actor para Florian Lukas, e o de mellor fotografia para Hannes Hubach.

A canadiense *Protection*, de Bruce Spangler, recebeu unha mención especial do xúri. As suas duas protagonistas, Nancy Sivak e Jillian Fargey compartiron o galardón á mellor actriz. A intérprete da película arxentina *Herencia*, Rita Cortese, recebeu unha mención especial, mentres que a Calpurnia ao mellor director europeu foi recair en Richard Parry polo filme *South West Nine*. Aida Begic veu como a sua curtametraxe *First Death Experience*, coprodución italo-bosnia era premiada dentro do seu apartado. O Prémio Eixo Atlántico de Curtas recebeuno *Boris e Jeremias*, do portugués Pedro Caldas e o traballo finés *Pizza Passionata*, de Kari Huunosen, foi distinguido cunha mención especial. Ao público a película que máis lle gostou foi *Herencia*, da arxentina Paula Hernández e, en canto a curtametraxes, *Treitum*, de Javier Ruiz.

Despedíase o 6º Festival de Cinema Independente de Ourense o Venres 9 co acto de entrega dos prémios no Teatro Principal e cos parabéns do alcalde Manuel Cabezas. Jose Luis Cuerda, Assumpta Serna e Scott Cleverdon estiveron presentes nunha cerimónia conducida por duas actrices ourensás, Ledicia Sola e Miriam Gallego, coñecida através da série televisiva *Periodistas*. ♦

■ Lola Oviedo expón os seus tapices

Son tapices elaborados con cordas de iute tinguidas a man pero tamén con lá, sedas e algodóns. A artista Lola Oviedo expón na mobleria Boom de Vigo os seus tapices nos que verque toda a ampla gama de cores que lle permite o tratamento artesanal dos materiais. Con fios, cordas e calabrotes tece Lola Oviedo distintas composicións, baseadas en criacións próprias e tamén en adaptacións de obras de artistas coñecidos. Entre as suas preferéncias destacan as suas versións en tapices de coñecidas pinturas de Kandinsky, Klee, Klim ou Luis Seoane. Lola Oviedo naceu na Coruña e estudou Pedagoxia na Universidade de Santiago. Co tempo habíase de formar no tecido, en especial no obradoiro textil de Ramón Álvarez e neste momento tamén ela imparte cursos de elaboración de tapices. ♦

■ A Guarda recebe a educadores galegos e portugueses polo paz

Unha sesión de xogos cooperativos inaugura o dia 16 de Novembro o *XV Encontro Galego* e *VIII Galego-Portugués* de educadores pola paz que se celebra no Hotel Novo Muiño de A Guarda. Máis de cento cincuenta profesores participan un encontro no que se vai falar de convivéncia e inmigración. Mercedes Garcia, de Mulleres Progresistas de El Ejido, Ibrahima Nian, da Asociación para a Integración e o Desenvolvemento de Vigo, e Manuel Correia, da Frente Antirracista de Lisboa, toman parte dunha mesa redonda. O programa do encontro inclue seis talleres para a tarde do Sábado 17 e o Domingo apresentarase o programa educativo municipal de Vigo "Aprender a convivir". Esta cita está promovida polos Educadores pola Paz-Nova Escola Galega, cuxo coordenador é Xesus R. Jares, e conta coa colaboración do departamento de Pedagoxia e Didáctica da Universidade da Coruña, o Movemento de Educadores para a Paz de Portugal, a concellaria de Educación e Muller de Vigo e Caixanova. ♦

■ Cáccamo leva o primeiro prémio Arume de poesia para nenos

O pasado domingo dia 11 entregouse en gres o I premio Arume de Poesia para nenos, un certame único no seu xénero, que recae en Xosé Mª Alvarez Cáccamo pola sua obra *Lúa de pan*. No acto falaron Anísia Miranda, vicepresidenta da Fundación, Miguel Anxo Fernán Vello e recitaron poemas de *Lúa de Pan* duas nenas e catro nenos da bisbarra. ♦

■ Os galegos de Barcelona prémian a Manuel Rivas

O Centro Galego de Barcelona acolle o dia 15 de Decembro o acto de entrega das insígnias de ouro que concede anualmente esta entidade. Unha delas vai para Manuel Rivas, polos seus labores periodístico e literário. A outra insígnia concédese a Katy Carreras-Moisy, rexedora do distrito Ciutat Vella e de relacións cidadáns do concello de Barcelona "polo seu interese e amparo á promoción da cultura galega". Asimesmo entregaranse os diplomas de honra e o busto de Castelao ás adegas Terras Gauda e a Manolo Piñeiro, director do porgrama radiofónico Morriña, emitido nas ondas de Radio Unión de Barcelona. ♦

■ O património cambadés declarado *Ben de Interese Cultural*

O concello de Cambados anunciou que a Xunta ven de declarar o conxunto histórico e artístico de Cambados como Ben de Interese Cultural, tras a aprobación no mes de Xuño do expediente por parte da Dirección de Património. A declaración recoñece de maneira oficial que hai que protexer e coidar conxuntos patrimoniais como o monte da Pastora, a igrexa de Santa Mariña e a praza Fefiñáns. Segundo o concello, esta declaración permitirá o desenvolvemento de proxectos de conservación e restauración. ♦

Pazo de Fefiñáns

Leituras

Poesia do corpo

Título: Desterrada do meu corpo
Autora: Verónica Martínez Delgado
Edita: Letras de Cal, Santiago de Compostela, 2001



Nunha destas coidadas edicións de Letras de Cal chegou hai uns meses ás librarias o que foi o accésit do primeiro certame de poesia convocado por esta peculiar editora, xa referencial no campo da poesia galega.

Significativamente, esta obra de Verónica Martínez Delgado ten como deseño de portada un traballo de Folloni onde un corpo nu de muller, sen trazos humanos na cabeza, aparece suspenso no escuro. Na lapela, a escritora define-se constatando: "Sei que son o producto inevitable dun instante de desexo incontrolado de hai case vintecinco anos. / Esa paixón sen medida que domina todo o meu ser é a herdanza que obtiven dos meus pais e con ela quedo." Como vemos, antes de entrar nos poemas, xa o público relacionará a obra coa liña da poesia galega última en que as mulleres, especialmente as máis novas, escreben subversivamente sobre o seu corpo e a sua vivéncia do sexo. Tamén as citacións son ben indicativas dos referentes en que se inscrebe este libro: o exílio aniquilador de Lois Pereiro, a poesia da experiéncia de Antón Tovar, unha referéncia de José Luís Peixoto sobre o corpo e, por último, unha sintomática reflexión da Clarice Lispector d' *A Hora da Estrela*: "Não sou um intelectual, escrevo com o corpo."

Através duns poemas minimalistas, rastrexa-se a existéncia dunha especificidade corporal feminina, para a cal non se deixa de invocar o imaxinário xa existente ao respeito, como pode ser vincular a sexualidade das mulleres e a reprodución: "Císcase / a miña intimidade / por esta habitación / (...) / rebordando os muros de contención / como cando rompes augas" ou "Tocábasme / o ventre / coma un deus toca o seu mundo. / Eu non estaba preñada, / pero medroume un mar / de desexos / que durou unha vida."

A cotidianiedade dunha relación de parella reflecte-se en pequenos aconteceres íntimos, dos cais muda a percepción conforme pasan as páxinas, levando-nos a percorrer o camiño da crise afectiva. O sentimento da viaxe non é só interior, senón tamén exterior, sexa pola invocación de topónimos como Lisboa, Coimbra, Madrid..., pola referéncia aos mapas, ou pola sensación de morriña e, sobretodo, de desterro que se nos transmite.

Através duns poemas minimalistas, rastrexa-se a existéncia dunha especificidade corporal feminina

O itinerário da paixón vai desde o máis convencional (a heterosexista vinculación coa reprodución xa indicada) até a ruptura co estabelecido como *normal*. Asi, hai insinuacións, ainda que plurisignificativas, que nos levan á idea do trio, do sexo fóra do "amor", etc. A vivéncia da sexualidade con tal forza leva á necesidade de procurar referentes que impidan a desestabilización: daí veñen os trazos culturalistas deste poemário. O libro conclue cunha reflexión metaliterária vinculada ao antedito: a necesidade de escreber "sobre / esta encrucillada."

CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES

conta de libros

Un asasinato na posguerra

Un asasinato macabro en tempos de posguerra. Este feito é o ponto de partida da novela **O Jalisco**, asinada polo xornalista Fernando Salgado, que entrelaza criación e investigación para construir estas páxinas. O resultado final, unha trama policiaca que se fixo co prémio de novela por entregas convocado polo xornal *La Voz de Galicia* durante o verán. Publicada por Ir Indo. Con ilustracións de José L. Matalobos. ♦



A merla do Merlín

A nai de Antón Cortizas foi costureira e quizais sexa esta a razón de que unha costureira sexa unha das protagonistas da novela **A merla de trapo**, obra coa que gañou o último Prémio Merlin de Literatura Infantil de Xerais. Cortizas di que é un conto de fadas, pero sen fadas, no que unha costureiriña faise amiga dun merlo de ferro. O ferrolán Antón Cortizas, que xa recebeu o prémio Barco de Vapor, é mestre de profisión. Conta para esta novela coas ilustracións realizadas por Xosé Cobas. ♦

Xardín de poesia

Di Luisa Villalta que **Un xardín no tempo**, o último poemário de Xosé M. López Ardeiro "oferece unha mostra de vida vivida poeticamente, isto é, en construción: construción do espacio e construción do tempo para fundir estas duas dimensións na testemuña de que é posíbel habitar un pouco máis alá, no edifício tan asequíbel como arriscado da poesia". López Ardeiro naceu, vive e traballa en Negreira; gañou prémios poéticos como o Cidade de Ourense, o Celso Emilio Ferreiro e o Eusebio Lorenzo Baleirón. Pública este último poemário en tresCtres. ♦

Confusión e violéncia

Existe unha história intelectual dogmática que nos oprime. Asi o cre o pensador basco Joxe Azurmendi, que considera preciso destruir esa tradición de razoar con argumentos doutros séculos. **La violencia y la búsqueda de nuevos valores**, compéndio de artigos de Azurmendi publicado por Hiru, afronta o tema da violéncia social dun xeito apaixoado traéndoo tamén á actualidade de Euskal Herria. ♦

PREMIO XERAIS DE NOVELA 2001

NARRATIVA
Marilar Aleixandre
Teoría do caos

Teoría do caos
Marilar Aleixandre

Novela coidadosamente construída en forma de traxedia e estructurada sobre tres planos que se van intercalando, Teoría do caos *propón, ao xeito da* Rayuela *de Cortázar e o* Paradiso *de Lezama Lima, múltiples lecturas do enfrontamento dialéctico de dúas xeracións e a confrontación de formas de entender a conquista do paraíso, de recuperar a levidade, de vivir a vida.*

XERAIS
xerais@xerais.es · http://www.xerais.es

O coRdeL

O Povo de Guimarães

Nº 1155. 2 de Nov. de 2001. Prezo 100 escudos.
Dirixe: Álvaro Nunes
Edita: Instituto de Estudios Miñoranos

As notícias máis interesantes da rexión norte de Portugal, tratadas desde a óptica da zona de influéncia de Guimarães. Víctor Oliveira

entrevista o escritor angolano Pepetela, pseudónimo de Artur Pestana. O III Congreso Histórico acolleu diferentes relatórios sobre a época do rei Manuel I (1495-1521), ponto e á parte na construción da identidade portuguesa moderna. Ademais, dáse conta da construción dun novo polideportivo, a entrega de chaves de várias vivendas sociais e a actualidade política e deportiva.♦

BioCultura

Novembro de 2001. Prezo 800 pesetas.
Dirixe: Montse Arias e Ayda Ardila
Edita: Vida sana

Este número faise eco da falsidade manifesta de moitos produtos que aluden á sua condición ecolóxica baixo a etiqueta de "bio". Iogures, queixos, leites e incluso aceites que se autodenominan asi, realmente non se diferéncian dos outros.
Vários informes analizan o negócio

farmacéutico da ganderia intensiva; as mentiras do uránio retardado; a experiéncia das ecoaldeas; os usos terapéuticos do cánnabis e pedras e xemas que curan.
Para obter esta publicación, pódese chamar ao 935 800 818 ou pedila no enderezo C/ Clot, 39, baix. 08018 Barcelona.♦

Siete de Aragón

Nº 346. 22-28 de Outubro de 2001. Prezo 200 pts.
Dirixe: Lorenzo Lascorz

Un debate sobre a metade da lexislatura de Marcelino Iglesias, como presidente da Junta de Aragón axunta a Víctor Viñuales, director da Fundación Ecología y Desarrollo, Antonio Peiró, da Universidade de Zaragoza e Plácido Díez, director de Informativos de Radio Zaragoza. A Chunta Aragonesista uniu os alcaldes de Santaliestra, Artieda e Biscarrués para que falasen dos graves problemas que o Pacto da Água suporá para as zonas de montaña. No suplemento escrito en catalán *Ara* publícase unha entrevista co escritor Francesc Serés. O novo filme de Carlos Saura *Buñuel e a mesa do rei Salomón*, foi apresentado en Zaragoza.♦

Leituras

Os zapatos vermellos de Antón Lopo

Título: *Prestidixitador*
Lugar: Sala Galán. Compostela

Antón Lopo interrogou con sinxeleza á realidade, no seu último espectáculo oral e poético. A min gustoume moitísimo. Asistin emocionada a todo o que decia e facia. Foi todo moi intenso, moi divertido, moi contido, moi orixinal, moi bonito. Como sacar as feridas do corpo. Como abrir cun coitelo todo e romper por un momento todo o que non nos gusta. O título era "Prestidixitador" e o lugar a maravillosa sala Galán de Santiago. Antón descubreu para nós lugares ocultos e escuros de todos nós, de el mesmo. Abreuse na carne. Mostrouse na carne. Como unha bailarina rota que che conta absolutamente todo. Como unha puta dos meus poemas contenta de ser ela mesma. Contentos Antón e eu de ser malos, impúdicos, pecadores. Contentos de xogar coas palabras nun recinto baleiro. Nun campo imenso. Antón Lopo, con este espectáculo, vístenos a todos de poesía e cárganos de forza para ser, estar,vivir. Ainda non morreu todo, ainda nos quedan cousas. Antón xoga co *body-art*, co seu corpo, un corpo natural, salvaxe, libre. Ábrese a nós como se quixera entregar o amor todo que garda, que é moitisimo. Cando el se abre abrímonos nós, o público, e asistimos contentos a tanto desbordamento de sangue. Asistimos coas pupilas dilatadas e pintadas de cor azul. Ás veces cáelle sangue dos ollos e a nós tamén. Elévase nuns zapatos roxos de tacón facendo unha figura impresionante. Impresiona Antón con este novo traballo. Chega ao límite do amor. A oralidade é importante. Que non haxa máis intermediarios entre el e nós, entre el e eu. Que todo xurda como unha vaca pacendo na tarde. Sen condimentos virtuais, enfermos, apóstrofes. Que todo sexa liberación, unha liberación grande. Desatarnos e esquecer todo o que nos ata e agarra no mundo. Volver a unha illa de palabras vivas e comprensión. Limpar, lavar a palabra, iso faino maravillosamente Antón. Como un príncipe de ollos lívidos, cansos, fermosos. Como unha muller que escapa do seu sexo e confunde as tensións para superalas. Hai crítica pero non é unha crítica marcada nen dirixida, todo é moi sutil e moi suave e moi tenro. Todo invita a reflexionar deixándose levar. Deixándose sorprender por tanto exercício de contorsión. Como a bailarina dun *ballet* que se retorce e corre. Como un mago de palabras fermosas e libres. Como un amante na cama, amando todo o tempo.


Antón Lopo

Facendo teatro íntimo e transgresor, facendo maravillosos mapas de música e plasticidade que nos achegan á illa que todos somos, que el tamén é. O poeta avanza, progresa. Deixa de ser un ciño e pasa a ser carne, pornografia, violéncia. A violéncia de estar cerca e estar vendo todo e mesmo ouvir o nome próprio nos beizos do amigo poeta. Para min o espectáculo foi unha catarse plena. Unha experiéncia única de descubrir os rostros, espir a palabra, descarnar a vida. O poeta como un amigo que se nos achega e que nos dispara e que nos sentimos todos ben sendo disparados. Porque da morte nace a vida. Do amor nacen os poemas. Antón prestidixita, lánzase ao baleiro moitas veces, e sobre todo xoga, divírtese, facendo cancións novas, reinventando a creación, rompendo as marxes, escupindo, vomitando todo, como nun prostíbulo de moitos cortinaxes encarnados. Como nun bonito paraíso no que nace todo. Parece que cousas como a poesía están en crise a nível social, pero Antón convéncenos de que vale a pena ainda seguir escribindo e loitando. Ainda que só sexa para rir un pouco, para desencaixar os músculos e a cara agarrotada, para ir a unha festa da aldea con Antón e redescubrir o seu rostro de pintura índia. O seu rostro liberado que entra no meu rostro gastado de muller. Para que as putas saian dos cárceres e vivan o sexo e o amor e gasten moitos cartos en moda. Como quen soña con círculos que se rompen felizmente e que nos deixan sós na carretera co accidente que nos rompe as pernas. Rompemos as pernas nos coches que corren moito e despóis recompoñemos o corpo mirando a Antón. Recompoñemos a vida e volvemos a correr como tolas felices na cidade. E saimos e os homes bícannos e bicamos aos homes. E todo é máis profundo e claro e misterioso. Todo é como reventar e amar de novo. Todo é ir ao pozo dun mesmo e soñar con laberintos que non existen. Todo é estar ilusionados de novo e compor unha canción máxica e intensa, chea de vida. Anton di poemas como quen sementa espellos na terra, na maravillosa terra, espellos nos que nos miramos todos, cristais finos que non se rompen, fotos dun home maravilloso e tolo, estupendos *sketchs* ou secuéncias de cine que nos irrompen e nos abrazan. Máxia para recuperar a vida. Verdadeira vida vivida. Todo é moi real e verdadeiro neste xogo de luces que fixo Antón. Luces impresionistas de caleidoscopio borracho. Luces de miradas orientais e galegas que se miran a si mesmas. Un verdadeiro pracer este poemário oral que naceu e morreu quedando fixado en todos nós, rompendonos as cinturas, abríndonos as gorxas, berrando en nós, quedando en nós para sempre, servíndonos para continuar a existéncia. Eu quero recoller ese pulo de Antón e seguir sangrando. Eu quero seguir. Eu quero gozar avanzando cara adiante e cara atrás, como unha tómbola. Como unha puta cos zapatos roxos de Antón Lopo.

> Impresiona Antón con este novo traballo. Chega ao límite do amor.

LUPE GÓMEZ

conta de discos

A Bahia de Carlinhos Brown

Título: Bahia do mundo. Mito e verdade
Autor: Carlinhos Brown
Edita: EMI

Leva xa desde o verán nas tendas o último disco do brasileiro Carlinhos Brown, que actuou na Galiza no mes de Agosto, durante as festas de Vigo. "O Brasil é un *remake* de si mesmo e do mundo e por iso pode absorber o que quer con identidade própria", sinalaba o baiano na apresentación dun disco marcado por unha mestizaxe que defende categoricamente. Para Brown, non existiria nen o funk, nen o trance nen o drum and bass sen o carnaval e a samba do Brasil. Os galegos que acudiron a sua actuación no parque de Castrelos tiveron oportunidade de escoitar alguns deses trece temas, que combinou con outros de traballos anteriores como *Omelete man* e *Alfagamabetizado*. Este *Bahia do Mundo* é o primeiro disco en solitário, que el mesmo produciu e gravou no seu próprio estudio. Brown, que adoitou o nome artístico na memória de James Brown, o seu ídolo, considera que con este disco continua a facer contracultura, ainda que alguns críticos teñen dito que é menos rico que os anteriores debido á dispersión do mesmo. Sen embargo hai explosións como a que abre o disco *Pegadas de areia* ou mesturas de funk e timbalada en temas como *Crendice* que situan a Brown no lugar que lle corresponde.
Nacido no bairro de Candeal, en Salvador de Bahia, Brown promoveu o grupo vocal e de percusión *Timbalada* nos anos oitenta. Desligariase del tras sete discos xuntos para emprender unha carreira en solitário. Escrebeu letras e música para xentes tan diversas como Caetano Veloso, Marisa Monte ou o grupo Sepultura. Decidiuse a gravar o seu primeiro disco como cantante en 1996, *Alfagamabetizado*. Di que a sua relixión é a da terra, o ceu e os mares, e non lle importa definirse como "o home da filla de Chico Buarque".♦

Animal arxentino

Título: 6
Grupo: A.N.I.M.A.L.
Edita: Warner Music



Outros que xa visitaron Galiza son os membros do trio arxentino *A.N.I.M.A.L*, que voltan cun novo traballo de metal latino tras dous anos de xira por todo o mundo. Este album, cun son máis duro que os anteriores, está mesturado por Chuck Johnson, o mesmo que xa colaborarara con *Korn* e *Deftones*, entre outros. Despois de animar no pasado album a usar toda a forza, agora convidan a non esquecer a história co seu primeiro single *Gritemos para no olvidar*.♦

Arte

Paseo pola obra de Laxeiro

Título: Colección Laxeiro de Caixanova
Lugar: Instalacións portuárias Ferrol
Data: Até o 18 de Novembro

A Autoridade do Porto de Ferrol en colaboración con Caixanova e a Fundación Laxeiro, veñen de inaugurar unha exposiciòn nas instalacións portuárias de Ferrol coa obra que do artista ten a colección permanente de Caixanova. Esta exposición estará aberta ate o 18 de novembro. Significa para Ferrol unha ocasión única de ver a obra de un dos grandes pintores galegos contemporáneos, a obra de Laxeiro (1908-1996).

Exposición didáctica por canto apresenta cadros que van dende 1931 até 1977 o que supón que na obra exposta nos están a ensinar a traxectoria estética do Laxeiro. Estética que na exposición vemos como se axusta ao que dende 1950 se estaba a criar non só nos EE.UU senón en Europa.

Laxeiro recolle a tradición dos renovadores que buscaban unha estética galega, inspirada no románico e no barroco galegos. Son as súas pinturas dos anos trinta e corenta das que se nos apresenta un dos seus cadros máis conocidos como é *Trasmundo*, no que a imaxinación rebosante do artista amósanos a porta do Inferno con diversidade de criaturas. Todo feito nas suas cores típicas desta época como eran os terras e os ocres. Cando nos EE.UU Willem de Kooning estaba a traballar a figuración coa linguaxe do expresionismo abstracto, Laxeiro tamén sabe utilizar esta ferramenta como nos mostran na exposición co cadro *Autorretrato* (1952) onde unhas grosas pinceladas, que teñen moito de xestual, deixan entrever un rostro.

Sería este un cadro-eslabón no que se nos mostra o paso que Laxeiro vai dando da figuración ao campo da neofiguración. Esta corrente estética que se da ata o ano 65 sería tamén o tránsito a outras fórmulas estéticas. Daquela a pintura de Laxeiro deslizaráse a fórmulas postcubistas; a liña siluetará as figuras, case sempre en tonos negros e grosos. Isto lembra tamén unha etapa da obra de Luis Seoane,na que as figuras atópanse recortadas por unha liña grosa.

Autoretrato e Laxeiro

Desta etapa colgan vários cadros na sá. De todos os xeitos paréceme unha mostra equilibrada, e na que podemos ver os diversos tipos de pintura que Laxeiro fixo ao longo dunha dilatada vida de criador.♦

XESUS A. LÓPEZ PIÑEIRO

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. **CONTOS DA CORUÑA**
Xurxo Souto
Xerais

2. **TEORÍA DO CAOS**
Marilar Aleixandre
Xerais

3. **FISTEUS ERA UN MUNDO**
Lupe Gómez
A Nosa Terra

4. **O JALISCO**
Fernando Salgado
Ir Indo

5. **A HISTORIA ESCRIBESE DE NOITE**
Bieito Iglesias
Galaxia

NON FICCIÓN

1. **LITERATURA GALEGA. S. XX**
Vários autores
A Nosa Terra

2. **A MEMORIA DA NACIÓN**
Camilo Nogueira
Xerais

3. **POLA LIBERDADE. A LOITA ANTIFRANQUISTA DE LUÍS COSTA**
Juan Garcia Durán
A Nosa Terra

4. **O GALEGO (IM)POSÍBEL**
Valentim Rodrigues F.
Laiovento

5. **ESPAÑA UNIFORME**
José I. Lacasta-Zabalza
Laiovento

Librarias consultadas:
Cartabón (Vigo). *Couceiro* (A Coruña). *Michelena* (Pontevedra). *Pedreira* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense).

Doce títulos en pos do Colón de Ouro

Anthony Quinn e Francisco Rabal serán lembrados en Huelva

MIGUEL CASTELO

Doce títulos inéditos, procedentes de nove países, compoñen a programación do Festival de Cine Iberoamericano de Huelva, que entre o 17 e o 24 do presente mes materá abertas as portas da sua vixésimo sétima edición.

Arxentina, con catro fitas, é o país máis representado. Entre elas figura a segunda entrega de *El lado oscuro del corazón*, de Eliseo Subiela, quen, adorado por uns e vilipendiado por outros, deixara unha forte pegada co seu primeiro traballo do mesmo título.

A participación española será da conta de *Arderás conmigo*, primeira incursión no ámbito da longametraxe de Miguel Angel Sánchez. Brasil, Colombia, Chile, México, Puerto Rico, Venezuela e Uruguay son, cun título cada un deles, os outros países que optan ao Colón de Ouro, prémio maior desta sección, ao que a partir deste ano se suman os galardóns á mellor fotografia e ao mellor guión.

Visión Europa

A máis recente produción do Vello Continente, baixo o epígrafe Visión Europa, reunirá trece títulos, entre os que figuran *The navigators*, do británico Ken Loach, *Le chambre des officiers*, do francés François Dupeyron, *Domani*, da italiana Francesca Archibugi, e *Geography of fear*, do finés Auli Mantilla.

Con carácter estrictamente informativo, a sección Rábida ofrecerá unha escolma das mellores e máis recentes obras do cinema de fala hispana da outra beira atlántica, que por diversas razóns non tiveron cabida na Sección Oficial.

Visión América, sección destinada a revisar a filmografia dun autor, dedica este ano o seu espazo á obra cinematográfica do chileno Alejandro Jodorowsky, un dos máis completos e versáteis intelectuais da América hispana.

Al-Andalus ocupará-se de mostrar a última fornada da produción andaluza, de diversas metraxes e xéneros, e Asalto al Corto, igualmente non competitiva, con doce títulos que acompañarán a cada longamentraxe da Sección Oficial, lembrará, outra volta, a importáncia do cinema de metraxe curta e a necesidade da sua programación en salas.

Xuventude e marxinación

Juventud y Marginación en Iberoamérica, ciclo iniciado na edición anterior, concluirá nesta ocasión coa proxección doutros filmes temáticamente representativos (*La virgen de los sicarios*, *Fuga de cerebros*, *La vendedora de rosas ou La ciudad y los perros*, entre outras) e a publicación do estudo completo, a cárrego do xornalista Rodomiro Spottorno.

Anthony Quinn e Francisco Rabal recibirán senllas póstumas homenaxes. Proxeccións dos títulos máis representativos das suas filmografias e actos diversos que contarán coa presenza de familiares, amigos e compañeiros dos dous actores e outras persoalidades constituirán o merecido recoñecimento do festival.♦

MEU SANTO, MIÑA SANTIÑA

FRANCISCO ANT. VIDAL

Santa Cecilia, a que rezaba cantando

O día da súa voda, cando os músicos deleitaban a festa con cancións de amor e picardía, Cecilia ergueuse e, poñéndose a carón deles, cantou unhas cancións. Non eran cancións alegres as da noiva, como sería perceptivo nunha voda; as súas eran oracións cantadas, conversacións con Deus, solicitudes que, os invitador, ouvíndoas, non podían crelo, e taparon a boca coas mans para rir para dentro. Pedía, no día da súa voda, que Deus lle dese forza para permanecer virxe.

Cecilia era filla duna nobre familia que, procurando asegurarlle o futuro, buscoulle un rapaz de avoengo, Valeriano, un mozo con futuro, quen, despois de ouvíla, xa comezaba a arrepentirse; sen embargo, acabado o banquete e cumprimentados os invitados, a parella, collida da man, retirouse ao leito nupcial.
Valeriano xa se esquecera da desafortunada cancionciña, e espiuse lixeiro para agasallar á súa esposa, quen, sentindo a proximidade e as intencións do mozo, ameazouno con severidade:

–Advírtoche que, un anxo do ceo está namorado de min, e non lle permite a ninguén que toque o meu corpo. Advírtoche que se ese anxo nota en ti o mínimo intento libidinoso, desgráciate.

Valeriano, como vos podedes imaxinar, non sabía que cara poñer: a mesma noite de vodas, a propia esposa decláralle sen titubeos que outro hai primeiro ca el.

– E ese anxo só pode velo quen estea en gracia de Deus.

A curiosidade, sen dúbida, levou a Valeriano a solicitarlle que lle facilitase as cousas para poder ver ao seu contrincante, e ela, sen dubidalo, presentoulle ó bispo de Roma, a Urbano, para que o bautizase.

Mansamente, o rapaz accedeu a todo o proposto por Urbano, e volveu á casa agardando ver por fin a ese contrincante seu. E cando entrou nos aposentos de Cecilia viu, diante de si, á esposa ao lado dun fermoso rapaz que lles ofrecía cadansúa coroa de rosas e azucenas, exhortándoos a manter a virxinidade.

Que dicir ten que Valeriano convenciuse de que aquel era un anxo do señor, e daquela chamou a seu irmans para que testificase que a visión non era cousa de tolos e se convertese con el para, xuntos, dedicarse a protexer á comunidade cristiá.

Enterado o xuíz do seu distrito da actividade en que se meteran Valeriano e o seu irmáns Tiburcio, mandounos prender e, por negarse a respetar aos deuses de Roma, segundo un proceso que non é pra contar hoxe, sentenciounos a morte e confiscoulles as propiedades.

Quedaba Cecilia, a viúva que, unha vez condenado o seu esposo, debia ser interrogada para delimitar a parte de culpa que tiña na renuncia de Valeriano ás normas do imperio.

Cecilia tamén se declaróu cristiá, asegurando que a súa fe estaba amparada polo único Deus verdadeiro, un Deus de bondade, e xeneroso cos crentes, e ousou comparalo cos deuses de Roma, que eran uns malnacidos, uns arroutados, vingativos, asasinos de parentes, violadores de nais, fillos e irmáns, e, en resumo, o exemplo de todas as maldades, vicios e trampas do diañó. E daquela o xuíz alporizouse, como se alporiza calquera crente a quen lle insultan ás súas divinidades, e mandouna prender na propia casa e que a metesen nun baño de auga a ferver ata que morrese.

Pero non funcionou o sistema, algún dos anxos que vixiaban a súa virxinidade tamén coidou que a auga fervendo do baño non lle fixese mal, e cando ao día seguinte a foron buscar, Cecilia permanecía tan fresca.

Daquela, para deixarse de remilgadas torturas que desen pé a declarar milagriños, mandoulle a un verdugo que lle cortase a cabeza diante de todos.

Sen emabrgo, o nerviosismo por ter que matar a unha rapaza tan nova, o medo ao Deus dos cristiáns ou á rica familia da reo, o que fose, incluíndo que a espada non estivese ben afiada, fíxolle tremer o pulso ó verdugo, quen tivo que asestar tres golpes no pescozo, sen que con ningún dos tres llo fendese, aínda que os tres xuntos foron mortais para a doncela.♦

Madrid descobre o granito galego

O Círculo de Belas Artes acolle unha exposición sobre António Palacios

"Cada edifício require formas adecuadas e procedimentos construtivos próprios. Sen embargo unha ollada non moi torpe descubrirá facilmente en edifícios moi distintos a man do mesmo arquitecto; o que eu, graficamente, chamo as pegadas dactilares". Edifícios coa pegada de António Palacios (1874-1945) marcaron a construción do Madrid das primeiras décadas do século XX. Agora unha magna mostra no Círculo de Belas Artes, construción deseñada polo porriñés, nomea a Palacios "o arquitecto de Madrid".

Non foi compracente a crítica do seu tempo con António Palacios. Cando se abrian paso as estruturas funcionais, o arquitecto porriñés apostaba por construccións babilónicas, ornamentadas e, sobre todo, moi persoais. Non eran poucos os que nomeaban a Casa de Correos e Telégrafos como "Nosa Señora das Comunicacións". Grandiosidade que o Madrid de princípios de século XX agradecia nese paso de vila a grande urbe que estaba a protagonizar.

Dese xeito é imposíbel circunscribir esta mostra "Antonio Palcios, construtor de Madrid" ao espazo físico do Circulo de Belas Artes. Visitas guiadas a outros edifícios emblemáticos do arquitecto, como o citado Palacio das Comunicacións ou o Hospital de Maudes, completarán a exposición. Desde o ministério de Fomento, cuxo edifício orixinal foi asinado polo porriñés, até a Xunta de Galiza, pasando polo Metro de Madrid, cuxa rede tamén ten a sua pegada, están implicados no financiamento desta exposición. A sua biografia, as suas maquetas ou os obxectos que dotaban de intensidade a vida das suas obras forman o universo desta exposición, aberta até o 2 de Xaneiro, cuxos comisários son Gonzalo A. Alcántara e Jacobo A. Chauton.

"Unha das cousas que chama a atención na traxectória de Palacios é a dedicación crecente cara a sua arquitectura máis imaxinaria, máis afastada das circunstáncias da realidade concreta", apontaba Adolfo González Amezqueta con motivo da mostra que se lle adicou ao arquitecto nos anos 1998 e 1999 na Galiza. Escalas distorsionadas, exceso de elementos de ornamento, espazos esaxerados. Queria trascender aquel galego que obtivo o seu título de arquitecto no ano 1900? Os especialistas na sua obra si que coinciden en que o do Porriño tiña un conceito idealizado do seu traballo, da laboura dun arquitecto á hora de definir unha cidade. Nun espazo que se pode percorrer en media hora o visitante atópase en Madrid co edifício de Correos, obra descomunal para un arquitecto principiante, o antigo Banco do Rio da Prata, agora Central Hispano, o Círculo de Belas Artes, o Banco Mercantil e o Hospital de Maudes, hoxendia sede da consellaria de Ordenación do Território en Madrid.

Antonio Palacios na terraza do edificio de Correos de Madrid.

Granito, cerámica e luminosidade

Para optar ás obras do Círculo de Belas Artes, pugnou Palácios con outro arquitecto, Secundino Zuazo, que tiña unha conceición máis administrativa do que debia ser o edifício. Para o porriñés, sen embargo nesta obra non tiñan cabida as repeticións e concebiuna, tal como descrebe Iñaki Ábalo, "como unha explosión vertical de espazos diferenciados que loitan por atopar a sua posición (...) un amago de rañaceos, o primeiro de Madrid, no punto no que converxen os sistemas urbanos máis metropolitanos do princípios de século". Como lle aconteceria noutras ocasións, a obra de Palácios non recebeu un apoio unánime, a sua idea dun magno edifício que situara ás artes por riba dos restantes elementos da cidade non foi entendida. Hoxendia, sen embargo, o Circulo, inaugurado en 1926, é emblema de Madrid, cunha torre dominadora na que Palacios imprimiu cor através doutra das suas teimas: cerámicas que deran luz ás fachadas.

Despois de exportar o granito porriñés e "construir" Madrid, o arquitecto do Porriño sinte a chamada da terra e comeza a que será a sua etapa máis poética. Etapa, se cabe máis persoal e heterodoxa, na que se sentiu reconfortado polo ambiente galeguista da década dos 20. Lembra Xosé Ramón Iglesias Veiga que no campo busca as señas de identidade galega e na cidade plasma a sua experiéncia metropolitana.

"Cada vez me afirmo máis en que o engrandecemento da nosa pátria galega só se logrará ao axigantarse as suas tres grandes cidades do litoral: Vigo, A Coruña e Vilagarcia", dicia o arquitecto, cuxos planes urbanísticos quedaron no papel. Pero esta é xa outra história; a inlfuéncia de Palácios na construción do Madrid urbano é a que se lembra até o vindeiro Xaneiro.♦

Xohana Torres reune en *Ferrol corazón de navio* os poemas da sua cidade literária

O Concello acolleu a presentación como homenaxe da cidade á escritora

Ferrol é a cidade literária que agroma nos poemas de Xohana Torres. O libro *Ferrol corazón de navio* recolle, da man da própria autora, todos aqueles versos que a convirten no imaxinário da sua escrita, no referente obrigado polo que pasa toda a sua criación poética. O pasado venres dia 16 apresentábase o libro no salón de actos do Concello, coa preséncia do alcalde Xaime Bello e un grupo de poetas que celebraron a publicación recitando os seus poemas.

O libro *Ferrol corazón de navio*, editado por A Nosa Terra, recolle os poemas de Xohana Torres coas fotografias de Xan Carballa formando nunha especial guia literária. Trátase da homenaxe da escritora á cidade na que pasou a sua nenez e xuventude e que deixou pegada en toda a sua obra literária. Ferrol —ou Lorref, en moitos dos seus poemas— é para Torres o "corazón de navio" pero tamén o "dique grande de todos" ao que a escritora convida a visitar a través da sua poesia. A relevância que para a autora de *Do sulco, Estacións ao mar* ou *Tempo de ria* ten a cidade quedaba tamén á vista no discurso de entrada na Académia que a escritora pronunciou no edifício da rua Tabernas o pasado dia 27 de Outubro. As referéncias a Ferrol peneiraban todo o texto, con lembranzas de ruas, prazas e paisaxes e tamén de episódios da sua vida vencellados para sempre coa cidade da que nunca se ausentou. Na sede da Académia Galega estaba naquel dia o alcalde de Ferrol, Xaime Bello para quen o acto se convertiu, segundo sinalou na apresentación, nun dos máis emocionantes do tempo que leva á fronte da alcaldia.

O discurso de Xohana Torres era, de certo, unha homenaxe a Ferrol e, do mesmo xeito agora o Concello queria celebrar á escritora coa apresentación do libro no salón de actos do edifício municipal. "Nunca Xohana Torres desapareceu de Ferrol; estivo e estará sempre aqui. O dia 27 demostrou que Ferrol está no seu corazón", dixo o alcalde mentras

O alcalde de Ferrol, Xaime Bello, xunto a alguns dos poetas que apresentaron o libro de Xohana Torres.

escollia algun dos fragmentos do discurso da escritora para oferecer ao auditório a mesma sensación que el sentiu na rua Tabernas.

Festa de poetas

Foi o poeta Cesáreo Sánchez Iglesias o encargado de facer unha semblanza da escritora a través dunha carta que a ela dirixida. Botou man dun verso da própria autora que modificou para dicer que pouco se sabia dela pero "quizais non deberamos saber máis porque ti daste total inteira nos teus poemas", engadiu. "Lévasnos da tua man con *corazón de navio* por Ferrol para descifrar o signo e as suas profecisas", afirmou o poeta.

Era tamén o acto unha festa poética que reuniu na cidade a Chus Pato, Miguel Anxo Fernán Vello, Pilar Pallarés, Xúlio Valcárcel, Luisa Villalta e Laura Pérez Landeira, poetas todos que mostraron a sua satisfación por participar na homenaxe a unha das máis destacadas autoras da nosa literatura. Todos e todas recitaron os versos de Xohana Torres, protagonistas deste encontro que rematou coa leitura do emblemático poema no que Penélope refuga continuar co novelo para poñerse tamén ela a navegar.♦

Tolkien pasea a cachimba por Hollywood

Xerais edita a primeira parte de O *Señor dos Aneis* pouco antes da estrea do filme

CÉSAR LORENZO GIL

Este Nadal vai ter como protagonista cinematográfico a John Ronald Reuel Tolkien. A adaptación da sua obra O *Señor dos Aneis*, por parte de Peter Jackson, trae dos nervos os millóns de admiradores da novela do sulafricano. Como achega á época "hobbit" que vivirá Ocidente, Xerais edita a primeira parte do libro, xusto a que basea o primeiro filme da triloxia da Terra Média.



J. R. Tolkien converteu a sua afeizón filosófica nun fértil mundo literário.

Frodo Bulseiro, Aragorn, Gandalf e Galadriel son nomes moi familiares para moitos leitores de todo o mundo. A obra O *Señor dos Aneis*, publicada en 1955, foi un rotundo éxito de vendas e hai traducións do libro a máis de 50 idiomas. A edición galega acaba de ver a luz na colección *Fora de Xogo*, de Xerais. De momento, esta editorial só publicou a primeira das tres partes das que consta a novela, A *irmandade do anel*.

Xustamente, a maquinária da indústria do cinema prepara a promoción prévia á estrea, o 19 de Decembro, da película de Jackson. O director neocelandés xa rodou tres longametraxes que compoñen as tres partes do libro de Tolkien. A produtora do filme, seguindo o exemplo doutras sagas, como a de A *guerra das galáxias*, programou estrear cada unha das tres entregas en anos consecutivos.

Elijah Wood, como Frodo; Ian McKellen, facendo de Gandalf; Viggo Mortensen, como Aragorn, Cate Blanchet, como Galadriel e Liv Tyler, no papel de Arwen, compoñen o plantel de actores que pasaron os últimos meses en Oceania simulando a batalla do Ben da irmandade de elfos, homes e ananos contra o Mal, personificado nos trasnos de Mordor.

A expectación que criou este primeiro filme está xustificada na importáncia comercial e cultural da obra de Tolkien nestes últimos vinte anos. Fora dos circuítos habituais da literatura "de alta cultura" pero distinta aos libros de xénero, a bibliografia do profesor de filoloxia engaiolou mozos dos cinco continentes e provocou multitude de adaptacións e estudos sobre os seus personaxes e mundos.

Desprezado polos estudos críticos de literatura por ser un autor de fantasia, como o seu compañeiro e amigo C. S. Lewis, a fortaleza mitolóxica da Terra Média converteuno nun ben prezado para as editoriais. A sua obra nunca precisou de grandes campañas publicitárias nen estivo nas mans das poderosas multinacionais –caso de Harry Potter, o último gran éxito do mercado de libros xuvenis–. Grácias ao boca en boca e á relación do mundo de Tolkien con certos xogos de rol, a comunidade dos seus admiradores fíxose imensa. Logo de morrer Tolkien, seu fillo Christopher compilou manuscritos, notas, cartas e calquer outro orixinal de seu pai para abastecer un mercado que precisou novidades chegadas da xeografia inventada por este vello británico de perenne cachimba.

O poder dos mitos

Tolkien cumpre perfectamente o mito do escritor que narra, durante toda a sua vida, a mesma história. Nacido en África do Sul, morou case toda a sua vida en Oxford, onde daba clases de filoloxia. Entrementres editaba dicionários e repasaba a mitoloxia xermánica e céltica, criou un mundo. Nos seus libros máis populares, O *hobbit*, O *Señor dos Aneis* e O *Silmarillion* conta o nacimento e morte dunha terra encantada na que viven criaturas nacidas no maxin popular europeu, como trasnos ou elfos, ananos ou trolls, que conviven cos humanos e coa máxia.

Tolkien, na sua perfección académica, fabricou unha língua e unha escrita absolutamente orixinais (ainda que mantén reminiscéncias do inglés antigo), deseñou mapas completísimos das aventuras dos seus personaxes e incluso debuxou as paisaxes nas que transcorre a história.

Por debaixo do mundo de fantasia, grandes ermos, fragas profundísimas, enormes arañas asasinas e pozos que feden a xofre, Tolkien expresou as suas grandes obsesións. O poder sempre corrompe. Ese anel que converte o seu portador en invisíbel vaille restando humanidade até facelo mesquiño. O vello profesor preferiu pintar de cores e sons míticos o difícil século do que foi testemuña desde a cheminea na que entraba decote na Terra Média. ♦

a forma máis pura do movimento

ESPIRAL MAIOR EDICIONS

ler é ser

LEA LIBROS

Á venda nas mellores librerías

TEMPO DE POESÍA



BANZADOS
Xosé Vázquez Pintor
I Premio Uxío Novoneyra



PEDINCHE LUZ PRESTADA
Marica Campo
I Premio Fiz Vergara Vilariño

REFUTACIÓN DA MUSA
Manuel Forcadela
VIII Premio Aula de Poesía de Barcelona



ANIMAIS ANIMAIS
Juan Abeleira

As editoriais dispútanse os libros das escritoras latinoamericanas

Allende, Mastretta, Serrano, Esquivel ou Poniatowska asinan éxitos de vendas

C. VIDAL

Marcela Serrano proclámase finalista do Planeta no mesmo ano que Elena Poniatowska faise co Alfaguara, as duas editoriais que pugnan polo mercado das escritoras latinoamericanas. O interese non é gratuito. Autoras como Isabel Allende, Ángeles Mastretta, Marcela Serrano, Laura Esquivel, Elena Poniatowska ou Gioconda Belli son tan solicitadas polas empresas editoriais como requeridas por milleiros de leitores que fan que moitos falen dun novo *boom* latinoamericano, desta volta de xénero feminino. A saida dos novos libros de Laura Esquivel e Marcela Serrano coincide coa estrea no cineme de *Clara y Elena* e *Antigua vida mia,* baseadas en títulos de Mastretta e Serrano.

Isabel Allende

Gabriel Garcia Márquez, Mario Vargas Llosa, Julio Cortázar, Miguel Angel Asturias ou Augusto Roa Bastos son alguns dos nomes -case todos masculinos- que deron lugar ao chamado *boom* latinoamericano. Ás razóns literárias que deron lugar á explosións sumábase outra de tipo comercial que marcaba á maior parte dos autores: o moito que se vendian os seus libros. Neste cámbio de milénio estase a falar dun novo *boom* latinoamericano que estaria indubidabelmente protagonizado por mulleres e abonda ver as cifras para comprobar como un grupo de escritoras daqueles países son demandadas por máis leitores.

A milleiros véndense os seus libros. Entre todas elas, unha de xeito especial está a ser quen de competir en librarias co mesmo Garcia Márquez. O primeiro libro da chilena Isabel Allende, *La casa de los espíritus*, leva xa vendidos arredor de 30 millóns de exemplares en todo o mundo. Cifras perseguidas por calquer editor consiguen títulos seus como *Los cuentos de Eva Luna*, *Paula*, *Afrodita: cuentos, recetas y otros afrodisiacos*, *La hija de la fortuna* ou *Retrato en sepia*, a sua última obra da que se distribuiron só en latinoamérica 200 mil exemplares na sua saida.

Elena Poniatowska e Marcela Serrano

Tamén por millóns se vendeu a primeira novela de Laura Esquivel, *Como agua para chocolate*, publicada en 1989. Traducida a 33 idiomas, conseguiu manterse durante un mes na lista dos máis vendidos do *New York Times*. Como aconteceu coa primeira novela de Allende, o libro de Esquivel foi tamén levado ao cinema con grande éxito, baixo a dirección de Alfonso Arau. O libro con CD e comic da autora mexicana *La ley del amor*, acadou tamén na sua saida vendas que superaban os 600.000 exemplares e traducións imediatas a 13 línguas, éxito que repetiria co seu tratado de cociña *Íntimas Suculencias*. A traxectória de Laura Esquivel explica o lanzamento mundial da sua recente novela, *Tan veloz como el deseo*, a história de Júbilo, o protagonista que fai de intérprete entre a sua avoa paterna, de orixe maia, e o español que fala a sua nai. Júbilo consegue no seu papel de tradutor cambiar a relación tensa que existe entre as duas mulleres.

A procedéncia do ámbito do xornalismo e o rápido pase das suas novelas ao cinema son alguns dos rasgos que comparten boa parte destas escritoras. Os dous cúmprense en Ángeles Mastretta, a autora de *Mujeres de ojos grandes*, a novela na que está baseado o filme *Clara y Elena* que percorre agora as carteleiras. Títulos como *Arráncame la vida*, *Mal de amores* ou *El mundo iluminado* fan de Mastretta unha das escritoras máis lidas e tamén máis recoñecidas do panorama latinoamericano, con prémios como o prestixioso Rómulo Gallegos.

"Somos mulleres, as que nos len son mulleres, asi que somos un fenómeno secundário" afirmou Marcela Serrano (Chile, 1951), outro dos puntais da literatura latinoamericana que se deu a coñecer coa novela *Nosotras que nos queremos tanto*. Héctor Oliveira dirixe o filme recén estreado *Antigua vida mia*, interpretado por Cecilia Roth e Ana Belén e baseado nunha das suas novelas. A estrea coincide nun momento no que Serrano inunda as librarias co título finalista ao Prémio Planeta, *Lo que está en mi corazón*. O forte grupo empresarial catalán conseguia a medio do galardón ter entre o seu fundo editorial unha popular escritora vencellada na distribución mundial a Alfaguara, editorial que imprimia os títulos de Serrano en distintas empresas latinoamericanas dado o volume de vendas da autora. En *Lo que está en mi corazón* recria a história dunha muller chilena que viaxa a Chiapas e se atopa co movimento zapatista. Autora ademais de obras como *El albergue de las mujeres tristes*, *Nuestra señora de la soledad* ou *Arráncame la vida*, Marcela Serrano continua defendendo unha posición feminista e de esquerdas en cada unha das suas manifestacións públicas.

Pugna entre Planeta e Alfaguara, ventaxa de Txalaparta

Se Planeta se fai na sua carteira con Marcela Serrano a medio dun prémio, Alfaguara tamén consigue o lanzamento dunha muller latinoamericana concedéndolle o galardón de novela do selo. A xornalista e escritora mexicana Elena Poniatowska faciase co prémio coa obra *La piel del cielo*, a história do astrónomo Lorenzo de Tena, e comezaba asi a sua xira polos catorce países latinoamericanos nos que o libro se publica. Con 68 anos e sendo xa un referente cultural en México, a escritora narrou nas suas obras episódios centrais da história recente do seu país como *La noche de Tlatelolco*, no que dá conta da represión da matanza estudiantil de 1968, recriou a voz feminina da revolución mexicana en *Hasta no verte Jesus mio*, e narrou a história de personaxes de grande atractivo como a fotógrafa Tina Modotti en *Tinísima* ou de Diego Rivera en *Querido Diego, te abraza Quiela*. De Elena Poniatowska ven de editar Txalaparta o libro *Las siete cabritas*, no que a autora relata a história de sete mulleres mexicanas que deixan pegada nela como Frida Khalo ou Nellie Campobello.

Á marxe da pugna dos grandes grupos, a editorial basca Txalaparta apostou desde hai anos pola nova literatura escrita por mulleres latinoamericanas e asi conseguiu para o seu fundo títulos da mexicana Poniatowska, da chilena Marcela Serrano ou da nicaraguana Gioconda Belli, de quen publicou a exitosa novela *La mujer habitada*. A colaboración con editoriais independientes latinoamericanas permítelle a Txalaparta continuar ampliando o seu catálogo con voces daqueles paises como a cubana Sonia Rivera-Valdés ou a chilena Isadora Aguirre, de quen veñen de publicar *Santiago de diciembre a diciembre*. ♦

Anacos de Borobó

Tanto teño escrito sobre seu pai, don Anxo, seu irmán, don Ramón, e tamén do seu avó –o boticario e alcalde de Padrón que velou por Rosalía–, e aínda dalgúns dos seus sobriños, que me parece pouco, en comparanza, o par de páxinas que no primeiro dos meus libros segredos, *El Fantasma de Valle Inclán* (Edicións do Castro, 1986), adiquei ao Dr. Antonio Baltar Domínguez. Tales parágrafos iniciais, por outra parte foran reproducidos da edición principe de *Revoeira, homes, feitos, verbas* (Patronato da Cultura Galega, Montevideo 1971); anecdotario composto por Xosé Núñez Búa e reeditado recentemente.

Copiada no meu libro a anécdota referente ao xeneroso xesto de Manolito Otero, ao que aludín no exemplo que aqui puxen daquil cónsul arxentino *sui xeneris*, quen xa en Bos Aires abonou as taxas académicas pra revalidar o titulo do transterrado médico santiagués no momento en que iste sufría os inicíais rigores económicos do exilio.

O *Cañoto* (coma o alcumaba Castelao) nomeaba ao mecenas porteño/cesureño "Manuel Otero Acevedo, fillo de padronés", lapsus que eu rectificaba, ao decir que o desprendimento de Manolito, o millonario artista, sería, "en silencioso homenaxe, imaxino, á memoria de seu pai, Manuel Otero Acevedo, coetáneo de don Anxo Baltar nas aulas de Fonseca, e o mais extravagante alumno que tivo a facultade de Medicina en catro séculos de existencia; Núñez Búa otorgaba ao fillo na súa anécdota os apelidos de seu pai, cousa habitual por ser Acevedo máis sonoro e distinguido que García".

■ **Un artigo de Diaz Pardo.** Poucos dias despois de editar Isaac Díaz Pardo o meu volume, escribía un longo e sentido artigo *Lembrando a Antonio Baltar, exiliado*, na serie que sobre as *Figuras da Universidade Compostelana* coordinaba, en *El Correo Gallego*, o meu "eterno amigo", Antonio Cadarso. Pois así se consideraba o, pra min, inesquencible colaborador, que moito amaba a *Minerva Galega*, da que seu pai fora magnífico e insuperado Rector.

O exemplo de Antonio Baltar Domínguez

O artigo de Isaac aparecía no nº 18 de tal serie (5–VII–1986), consagrada á inxel figura de D. Anxo Baltar Cortés, o ciruxano maior do Real Hospital... e de toda Galicia, dúas páxinas enteiras de apretada letra ocupaba o ensaio xornalístico do extraordinario artista, adrede de seu xa finado camarada (23–IX–1970). Comenzaba recordando que "poucos dias logo de chegar a Arxentina no ano 1955 –acababan de botar a Perón, doutro xeito eu non ía, sinala Isaac– coñecin a Antonio Baltar nunha reunión na casa de Marika Gerstein e de Lorenzo Varela. Maside tíñame falado con moita admiración de Antonio, admiración que facía compartir con Rafael Dieste, Luis Seoane, entre outros exiliados. A lealtade de Maside cara a Baltar, a Dieste e a Seoane era tanta que os nomeóu albaceas testamentarios e puxo de presidnete a Antonio Baltar"... e de vicepresidente a Borobó (anque non o recordaba Isaac).

Reproduce integramente Díaz Pardo na *Lembranza* do excelente galeno transterrado a semblanza que dil fixo Núñez Búa en *Revoeira*, titulada *Un galego entrañábel*; na que además da anécdota de Manolito Otero aporta interesantes dados. Debeu pasar desapercibida polos intelixentes rapaces, e raparigas que achegan o *Repertorio bibliográfico*, do exilio galego, onde non se menciona. O mesmo que sucedeu co traballo de Isaac Díaz.

■ **A fermosura de Mireia.** Ademais teñen en conta, igual que no de outros personaxes exemplares tratados aqui ultimamente –Luis Seoane, Arturo Cuadrado, Juanito del Valle, Valeriano Pastrana–, *As Décadas de T.L.*, as monumentais memorias de Lois Tobío, que veu ser, penso, a millor fonte

biográfica pra as fichas do *Repertorio*. Co agarimo tan singular que mostra o venerable intelectual, ao retrqatar fermosamente aos innumerables e belidas donas que desfilan polas súas *Décadas*, recorda que unha filla de Eduardo Dieste (o ilustre escritor e cónsul uruguayo, irmán de Rafael), Mireia, estaba casada con Antonio Baltar, médico, meu vello compañeiro do bacharelato, exiliados tamén na Arxentina. "Mireia era unha rapaza perfecta en todo, pola súa fermosura, a súa sensibilidade, a súa intelixencia e cultura e a súa xentileza e bondade, estar con ela era unha regalía".

Se ben Núñez bua describe con maior detalle a admirable traietoria profesional do esposo de Mireia. Dados que completa Díaz Pardo con moita precisión na súa extensa lembranza xornalística. Transcribir os pormenores biográficos que do seu bo correlixionario no exilio facilitan Cañoto e Isaac, exceden a amplitude dista plana, a poderia constituir un preciso material pra quen escriba, o dia menos pensado, a cabal vida e obra, que merece Antonio Baltar. Co fin de orientar a quen a emprenda incurrín no galimatias bibliográfico que precede a istas liñas.

■ **A familia Baltar.** Contra o meu costume, pois prefiro poñer por escrito os recordos personais que restan no meu miolo da relación, maior ou menor, que tiven con cada un dos protagonistas distes exemplos. Non foi moita a que mantiven con Antonio Baltar. Non así a médica –a través de don Victor– e de parente dos parentes que conservo coa conspicua familia. Sen pertencer a ela, como coidan algúns, a causa da identidade dun común apelido. Pero os Baltar vencelláronse cos Domínguez de Mahía e a Terra de Iría, mentres que Borobó descende dos Domínguez, de Cequeril, no concello de Cuntis; a aldea de canteiros, de onde tamén procedían Xoán Xesús González, Enrique Lister e os Ruza.

Tratéi adrede da vella amistade da familia Baltar coa do guieiro da galeguidade na inauguración da placa que lle dá nome de rúa de Castelao á que vai paralela ó Espolón padronés, e autoplaxieime ao pouco tempo repetindo o que alí dixen, ao dialogar con *Uriel* (outro heterónimo meu) acerca de don Anxo Baltar, "o padronés máis inxel e querido do seu tempo", na serie coordinada por Antonio Cadarso. E volvín a dialogar con *Uriel*, acerca de don Ramón Baltar, no nº 19 da mesma serie. Seguín praticando tal intertextualidade no meu penúltimo libro segredo, *Daniel, o noso* –e aínda noutro lecer– no que incurro de novo nas ocurrencias respeito da íntima relación dos expertísimos ciruxanos, pai e fillo, co xenial rianxeiro e a súa familia.

■ **O derradeiro encontro.** Nen embargantes, quédome sen dialogar con *Uriel*, o fenomenal marxistólogo sordomudo, a mantenta do outro fillo e irmán, Antonio Baltar. Transterrado iste dende o fatídico 36, non tivera ocasión de facelo con el denantes, malia a nosa proximidade santiaguesa. Ata que volvéu por segunda vez, a España, no ano 1965. E foi en Madri–Galicia, dias antes de retornar a Arxentina, pra sempre, Mireia e Antonio; invitáronme a xantar con iles, e pasamos revista as nosas comúns lembranzas.

Pero quedóu constancia nun *anaco* publicado no *Diario de Pontevedra* (17–XI–65) do meu derradeiro encontro con Antonio Baltar; nunha cea de despedida a Laxeiro, que tamén regresaba a Bos Aires. Consistiu nunha chourizada servida no *Gran Breogán*, un efimero restaurante galego, sito na rúa onde moraba Ben–Cho–Shey, anque non se enterou da larpeirada.

"Aquela noite recordamos xunto a Laxeiro –apuntaba no *anaco*– ao arquitecto vigués Agustín Pérez Bellas e a súa esposa, a pintora Mercedes Ruibal, ao escultor, tamén vigués, Valverde e a súa dona, a ceramista Elena Colmeiro; ao compositor arxentino Isidro B. Maiztegui, os rapsodas Novoneyra e Carlos Oroza, e o escritor Alberto Míguez Alvarello. Xa estabamos na empanada que sigueu á chourizada, cando chegaron o Dr. Antonio Baltar e a súa muller Mireia Dieste.

"Foi unha cea un tanto xocosa, con certa dimensión intelectual e un matiz de nostalxia, celebrada a catro pasos da Plaza de España, coma igual podería verificarse a duas cadras da Avenida de Maio. Posto que a mitade dos ali reunidos, non moitos anos antes, coincidiran meses e meses nos bares de Bos Aires (no café Richmond, na rua Esmeralda, normalmente)".

"Outros, que nunca atravesamos o charco –concluía–limitámonos a ser testigos do intercambio de recordos comúns entre Baltar, Maiztegui e Laxeiro, Mireia, Elena e Mercedes. Se ben, pra que a saudade da outra ourela –que tamén sinten os galegos que estiveron alá– non sentimentalizase excesivamente a reunión, Laxeiro pronuncióu unha elocuente conferencia no seu *checoslovaco* (parangonade ao italiano ou o alemán de Bulgaria) e Mercedes Ruibal cantou un tango arrabalero, onde se manifesta súa gracia natal de Xeve".♦

didáctica · sotelo blanco · estudios e investigacións

O libro dos xogos populares galegos
Paco Veiga

Xogo popular galego
Paco Veiga



Nestas dúas obras o lector atopará o estudio e as fichas técnicas de tódolos xogos populares galegos.

Sotelo Blanco Edicións
San Marcos, s/n. • 15820 Santiago de Compostela
Teléfono 981 582 571 • Fax 981 587 290
http://soteloblanccoedicions.com

LeCeR
A NOSA TERRA

• PÁXINAS COORDENADAS POR EVA MONTENEGRO PIÑEIRO •

O Trinque

Galiza-Xapón, via cinema

Foi o director Eloi Lozano o encarregado de unir, através do cinema, a sua própria sensibilidade artística coa obra do Nobel xaponés Iasunari Kawabata. Este filme, *As belas dormentes*, gábase de ser feito integramente na indústria galega. É unha boa ocasión para escoitar falar en galego na sala, cunha história universal e chea de lirismo.♦

***El caballero de Olmedo* será representada o Xoves 15 en LALIN e o Venres 16 en BURELA.**

Allariz

■ **EXPOSICIÓNS**

EDUARDO MONFORT
As suas pinturas podemos ollalas no centro *O Portelo*.

Branford Marsalis

Ven co seu jazz até o C.C. *Caixanova* de **VIGO** o Domingo 18; e até o *Pazo da Ópera* da **CORUÑA** o Luns 19. Máis información en www. caixanova.es.♦

O Barco

■ **EXPOSICIÓNS**

ROBERT DOISNEAU
Seguindo as teorias do *Momento decisivo* de Cartier-Bresson **Ánxel Trillo** pretende coa fotografia captar, os tipos de vento, os retratos, as emocións... Unha visión do invernal. En *Caixanova* até o 30 deste mes.

DO EXTERIOR
Fotografias de **David Hernandez,** na sala de exposicións *Caixanova* até o 30 deste mes. Baixo unha unidade de forma e concepto desenvólvese unha aproximación a tempos e espazos.

Betanzos

■ **EXPOSICIÓNS**

ALFREDO PIQUER
A sua obra gráfica na *Fundación CIEC* (O Castro 2) até finais de Novembro.

Boiro

■ **TEATRO**

UN VIEJO
VUELTO A CANTAR
Da man de **Títeres Cascanueces** o Xoves 15 na *Casa da Cultura*. E o Venres 16 **La Tirita de teatro** con **Te lo cuento** no mesmo local.

O RETRATO
DE DORIAN GRAY
Uvegá Teatro levará a cena esta obra o Sábado 17 na *Casa da Cultura*.

Bueu

■ **MÚSICA**

SAMESUGAS &
STREET FIGHTER
A taberna *A Barbuxa*, en Cela, acolle o concerto destes grupos compostelláns o Venres 16 a partir das 10 da noite. Street Fighter é un cuarteto que lle pega ao punk-hardcore-metal a cada máis forte e compacto en directo. Os punk-rock de Samesugas, antes en grupos como *Fame Neghra*, *Dirty Barriguitas* ou *Por Teléfono*, xa levan máis de 10 anos no asunto.

Burela

■ **TEATRO**

EL CABALLERO
DE OLMEDO
Al Suroeste Producciones vai cenificala na *Casa da Cultura* o Venres 16.

Cambados

■ **TEATRO**

ESPANTOSO
Mohicania será quen poña en cena esta obra o Domingo 18 na *Casa da Cultura*.

Cangas

■ **MÚSICA**

JAZZ
A **Orquestra de Jazz do Morrazo** vai dar un concerto o Sábado 17 no *Auditório Municipal*.

Carballiño

■ **EXPOSICIÓNS**

METEORITOS
Na sala de exposicións do *Auditório* podemos ollar esta mostra que consta de maquetas, deseños, fotografias, gráficos, vídeos e meteoritos, claro, até o 30 de Novembro.

Bueu

■ **EXPOSICIÓNS**

VÍCTOR M. GUERRA
Xunto con **Alejandro Cardoso** mostran as suas esculturas na sala *Domínguez Bua*.

Cambados

■ **TEATRO**

CARTAS DE AMOR
Lagarta, Lagarta será quen poña en cena esta obra o Domingo 11 na *Casa da Cultura*.

Cedeira

■ **MÚSICA**

ORQUESTRA DE
CÁMARA ARCOS
Vai estar na *Casa da Cultura* o Sábado 17 baixo a dirección de **António Seixo.**

Celanova

■ **EXPOSICIÓNS**

IMAXES DA MEMÓRIA
Fotografias achegadas por persoas maiores da comarca que participarán nun encontro baixo o título de *As suas histórias* no que contarán histórias que lle foron transmitidas de vello por outros antergos. Na sala de exposicións do *Antigo Cárcere* até o 30 deste mes.

Chantada

■ **EXPOSICIÓNS**

FOTOGRAFIA SUBMARIÑA
Escolma de 50 intres en branco e preto e cor recollidas nos sete campionatos galegos que se levaron a cabo nas rias galegas en 2000. Na *Casa da Cultura* até o 30 de Novembro.

A Coruña

■ **CINEMA**

CGAI
Esta semana arranca co ciclo de ***Cine Fantástico e de Terror Xaponés***, no que as fitas que se proxectan cobren un arco temporal de corenta anos e que alternan o cinema de xénero e o de autor; as características e estilizadas películas de pantasmas cos monstros xurdidos nos anos cincuenta do terror nuclear. O Xoves 15 ás 20:15 proxectarase **A história sobrenatural de Yotsuya, na rexión de Tokai, (Nobuo Nakagawa,** 1959). O Venres 16 ás 19:45 e o Sábado 17 ás 17:45 **Kwaidan. O máis alá, (Masaki Kobayashi,** 1964). E o Xoves 22 e Venres 23 ás 20:15 **Godzilla contra os monstros (Inoshiro Honda,** 1964). E dentro do ciclo adicado ao director **Joseph L. Mankiewicz** proxectarase o Martes 20 e Mércores 21 ás 20:15 **Xulio César** (1953).

■ **CONFERÉNCIAS**

ESCOLA DE PARIS
Con motivo da exposición que leva este mesmo nome, a *Fundación Barrié* acolle no seu auditório un ciclo de charlas. O Xoves 15 ás 20 h. **Mª Teresa Ocaña**, do *Museu Picasso de Barcelona*, vai falar sobre **Unha exposición: París-Barcelona.** O Xoves 22 **Eugenio Carmona**, da *Universidade de Málaga*, abordará o tema **Pintura froita. Madrid-Paris-Madrid (1926-1932).**

A VIOLÉNCIA
NA XUVENTUDE
O Luns 19 na aula sóciocultural *Médico Rodríguez* ás 18 h.

ISABEL DE ÁUSTRIA
Sissi e a imaxinación moderna é o título da charla que vai dar **Vicente Molina Foix** en torno a este tema, e que vai ter lugar o Xoves 15 ás 20 h. no Centro de Estudos *Ronda de Nelle*.

■ **EXPOSICIÓNS**

OLGA REINOSO
Pintora que sorprende e destaca pola extrema elegáncia da sua linguaxe expresiva e altamente poética, coa que nos presenta a sua visión da vida. Partindo do realismo aborda os temas con grande meticulosidade. Na biblioteca *Miguel Glez. Garcés* até o 27 de Novembro.

CC OO. MEMÓRIA
DEMOCRÁTICA
Con esta mostra quérese significar a importáncia do papel que xogaron os traballadores e traballadoras na trsición política, na recperación das liberdades e do sistema democrático, na defensa das condicións de vida e traballo das clase máis desfavorecidades e no asntamento do sitema democrático no Estado. Co título de CC OO. *Memória democrática, proxecto solidário. XXV aniversário da Asemblea de Barcelona 1976-2001* poderemos visitala no *Fórum Metropolitano* (Parque Europa)

ISTO É DIÑEIRO:
DAS ORIXES AO EURO
Co obxectivo de achegar ao público a importáncia do diñeiro é da sua história a *Fundación Barrié* acolle unha mostra de máis de 400 pezas que ao longo da história foron utilizadas a xeito de diñeiro facendo especial fincapé na história da peseta. Até o 30 de Decembro.

LUÍS CARUNCHO
Na galeria *Atlántica* podemos ver unha mostra das suas esculturas.

XILOGRAFIAS
Até o 4 de Decembro poderemos visitar, na galeria *Pardo Bazán*, esta mostra de **Luís Seoane.**

AS MULLERES AFGANAS
Mostra poético-fotográfica que organiza a fundación *Alexandre Bóveda* no seu local e que podemos ollar até o 30 de Novembro.

PEDRO MORLÁN
Baixo o título ***De torres e peóns*** a sede do *Colexio de Arquitectos* de Galiza acolle a sua mostra de escultura e pintura.

XOGOS DE MANS
Da suíza-arxentina Matilde Marín, que podemos ollar na *Fundación Luís Seoane* (Durán Loriga 10) durante Novembro. Traballa fundamentalmente no volume sobre papel e, duns anos para aqui, na fotografia, o vídeo e o gravado. Nesta colección fotográfica, resplandor dunha imaxe, resoan os ecos do pasado; a sua novidade, a actividade, a imaxe poética ten uns ser próprio, un dinamismo próprio.

PARIS, PARIS, PARIS
Onde poderemos coñecer obras de vinte artistas entre os que podemos atopar nomes tan destacados como **Pablo Picasso, Joan Miró, Maruxa Mallo, Colmeiro, Juan Gris,** ou **Luis Fer-**

Orquestra Filharmónica de Halle

O Luns 19 interpretarán obras de **Wagner, Mendelson** e **Hindemith** no teatro *Principal* de **OURENSE.** No C. C. *Caixanova* de **VIGO** ás 20:30 h. estarán o Martes 20. En **PONTEVEDRA** poderemos escoitar a sua música o Mércores 21 no *Pazo da Cultura*.♦

Susana Seivane

A coñecida gaiteira apresentará o seu novo disco ***Alma de Buxo*** o Sábado 16 no auditório municipal *Gustavo Freire* de **LUGO;** e o Venres 23 no teatro *Rosalia de Castro* da **CORUÑA.**♦

Carteleira

☞ **CLARA E ELENA.** Triste, moi triste é esta película interpretada por Carmen Maura e Verónica Forqué. Baseada na obra "Mujeres de ojos tristes" de Ángeles Mastretta, o film recria a especial unión de duas irmáns. A relación intensa entre as duas mulleres resiste os tempos máis difíciles e os momentos máis tráxicos. Para moito chorar.

☞ **LUCIA E O SEXO.** A protagonista da película emprende un viaxe para descubrir o misterioso pasado do home ao que o ama. Disfrutarán os incondicionais do cine de Julio Medem: flash backs, simbolismo e moito azar.

☞ **AMELIE.** A vida pode estar chea de supresas e a de Amélie é bo exemplo. As persoas son todas singulares e en cada casa hai unha história que contar. Amélie é unha maga moderna, unha muller que busca de maneira invisíbel conseguir a felicidade de quen o precisa. Comédia entretida, divertida por veces, empalagosa en momentos. Recupera o máxico da vida cotiá e iso, como se nota nas taquillas, gusta.

☞ **PACTO DE LOBOS.** Nos anos prévios á revolución francesa e por orde do rei, un naturalista libertino vai a províncias para embalsamar unha besta que atemoriza unha rexión e que previsibelmente será cazada de imediato. Pero as cousas non son tan doadas.

☞ **O CUARTO DO FILLO.** Premiado en Cannes, Nanni Moretti reflexiona desta volta sobre a morte e o dó nas sociedades urbanas. Lembranza de Chico Buarque: "a saudade é arrumar o cuarto do fillo que xa morreu". Emocionante.

☞ **MOULIN ROUGE.** Satine é a primeira cabareteira do *Moulin Rouge* e namórase mentres ensaia un musical trasunto da sua vida real, co que pretende saltar á fama, pero o seu mecenas tamén procura o seu amor.

☞ **A MALDICIÓN DO ESCORPIÓN DE XADE.** Un detective de seguros de métodos anticuados pero intuitivo cando está a piques de perder o traballo é hipnotizado e realiza vários roubos de alfaias. Comédia.

☞ **A PARELLA DO ANO.** Unha parella de actores, que no pasado estiveron casados, teñen que promocionar unha película, pero entre os dous ainda hai suspicácias. Comédia romanticona.

☞ **E A TUA MAMÁ TAMÉN.** Para afogar as penas, Luísa marcha de vacacións con dous mozos, un deles curmán do seu home. Na viaxe, por un México cargado de tipismo, xorden enfrentamentos entre os mozos, polo amor da muller. Comédia tráxica con diálogos sen subtítulos.

☞ **A OUTRA CARA DO CRIME.** Un mozo métese en lios por entrar a traballar na sección comercial dunha corporación industrial que emprega a chantaxe, o soborno e a sabotaxe para facerse co mercado. A outra face do capitalismo norte-americano.

☞ **INTELIXÉNCIA ARTIFICIAL.** Un neno robot ao que inculcaron sentimentos como o amor, é expulsado da família na que vive e, para que o queira a sua nai humana, vai á procura dunha fada que o convirta nun verdadeiro humano. Levar almofada.

☞ **OS OUTROS.** Unha nai e os fillos, que padecen fotofóbia, viven nunha residéncia illada. Os novos servintes mostran unha atitude estraña e por riba sospeitan da presenza dunhas pantasmas que queren comunicarse con eles.

☞ **NINGUÉN É PERFECTO.** Ex policia, socioloxicamente fascista, sofre unha parálise da metade do corpo. Unha *drag queen*, a quen despreza, daralle clases para a sua reabilitación. Comédia amarga.

☞ **O BOSQUE ANIMADO.** A tranquilidade que reinaba na fraga esváese coa presenza do home, que secuestra as toupas para facer un abrigo de pel. O Furacoios, coa axuda duns ratos e unha gata, encarregarase de liberalos. Fábula naturalista.

☞ **THE SCORE.** Un ladrón de luba branca recebe unha oferta para roubar dentro do seu país, algo que non acostuma facer. A insisténcia dun perista e dun xoven delincuente lévano a organizar unha operación para roubar un cetro de grande valor. Previsíbel.♦

La Traviata

A compañía **Ópera 2001** porá en cena esta ópera dentro dos actos que pretenden comemorar o centenário da morte de Verdi, o seu autor. Nesta ocasión vai ser interpretada pola **Pleven Philarmónic Orchestra** baixo a dirección musical de **Manuel Ivo Cruz** e a dirección artística de **Pier Francesco Maestrini.** Poderemos asistir a este espectáculo en **VIGO** no C.C. *Caixanova* o Xoves 22; en **OURENSE** no *Principal* o Venres 23; en **PONTEVEDRA** no *Pazo da Cultura* o Sábado 24; e en **LUGO** no *Gustavo Freire* o Domingo 25.♦

nández entre outros, na *Fundación Barrié*.

■ **TEATRO**

MEIN KAMP
Tantarantana Teatre vai pola en cena o Sábado 24 no teatro *Rosalia de Castro*.

O PEQUENO CÉPOU
Ou *Polgariño na grande cidade*, polo **Théatre du Mouvement**, o Sábado 17 ás 19 h. no *Fórum metropolitano*.

A Estrada

■ **EXPOSICIÓNS**

JOSÉ SOLLA
Até o 18 de Novembro, a sala de exposicións *Caixa Nova* vai acoller a mostra do pintor marinense.

■ **TEATRO**

OS PAPALAGÜI
Teatro do Aqui será quen leve a obra o Domingo 18 ao teatro *Principal*.

CHEIRO DE ESTRELAS
O Sábado 17 da man de **Fulano, Mengano e Citano** no *Principal*.

Fene

■ **EXPOSICIÓNS**

DEBUXAME UN CONTO
Até o 5 de Decembro na *Casa da Cultura*.

Ferrol

■ **EXPOSICIÓNS**

KIKO DELGADO & OVIDIO ALDEGUNDE
Mostrarán as suas fotografías, na galeria *Sargadelos*, até finais de mes.

LAXEIRO
A colección permanente de Vigo poden ser olladas na sala de exposicións do Porto até o 18 de Novembro.

SUSANA BERMEJO
As suas pinturas están colgadas no *Ateneu*.

IRRUPCIÓNS
O CC *Carvalho Calero* pretende que os novos artistas teñan un lugar de exposición. Acolle até o 17 de Novembro a **Diego Vázquez.**

MIRADAS VIRXES
No CC *Torrente Ballester* podemos coñecer as pinturas de **Belén de Felipe.**

■ **TEATRO**

XOVES TEATRAIS
Até o 13 de Decembro todos os Xoves ás 20:30 no C.C. *Torrente Ballester*, cunha entrada de 200 pts. a Concelleria de cultura ofere ce este ciclo, no que se contará coa representación de obras como **Sexismunda** o Xoves 22, ou ***Os Papalagüi, Cartas de Amor, Coplas de Cego*** e ***Alta Comédia***.

A Fonsagrada

■ **EXPOSICIÓNS**

DIVINO-HUMANO
Vários escultores contemporáneos, que traballan na Galiza, mostran alguns dos sentimentos que vive o home actual, relacionados cos mesmos ou parecidos sentimentos que en tempos pasados se expresaron a médio das imaxes relixiosas. Esculturas modernas xunto con outras tradicionais, procedentes dos fundos do Museu Comarcal, onde se atopa a mostra.

Gondomar

■ **TEATRO**

CONTRÁTENOS, POR FAVOR
A **Cia. Pilar Pereira** poráa en cena o Sábado 17 no *Auditório Municipal*.

Lalin

■ **EXPOSICIÓNS**

ANTÓN IGLESIAS
O museu *Ramón Mª Aller* acolle unha mostra da sua pintura.

■ **TEATRO**

EL CABALLERO DE OLMEDO
A obra de Lope de Vega vai ser cenificada no *Auditónio Municipal* o Xoves 15.

ÑIQUI ÑAQUE
Ollomoltranvia leva a cena esta obra o Xoves 22 na *Casa da Cultura*.

Lugo

■ **CINEMA**

OBSESIÓN E PODER
A *aula sócioçcultural* acolle esta série de fitas desde o Luns 19 en diante coa proxección de **A pleno sol.** O Martes 20 poderemos ver **O graduado;** para o Mércores 21 está prevista a fita **Cans de palla.** O Xoves 22 proxectarase **Desaparecido** e para rematar o Venres 23 farase un pase de **Os gritos do siléncio.** Todas as sesións ás 20 h.

■ **CONFERÉNCIAS**

A IGREXA NA GALIZA
O Venres 23 ás 20:30 o escritor **Xosé Chao Rego** e o sociólogo **Bernardo Garcia Cendán** falarán sobre a sua situación actual no local da Asociación Cultural *Alto Minho* (Ramón Montenegro 12).

■ **EXPOSICIÓNS**

Mª CARME RODRÍGUEZ
No pub *Goleta* están expostas as suas pinturas.

PEPE ÁLVEZ
Na sala *Almirante* temos unha mostra das suas fotografias.

***Contrátenos por favor* é a obra que a *Cia. Pilar Pereira* representa o Sábado 17 en GONDOMAR.**

CARTELISMO COMERCIAL
Mostra que pretende dar a coñecer as tendéncias do deseño gráfico no Estado español no periodo comprendido entre o 1870 e 1960. No *Museu Provincial*.

CELSO VARELA
O artista galego ten unha mostra na *Biblioteca Municipal*.

MARCOS LONGARELA
No café do *Pousadoiro* podemos ollar unha mostra da fotografia deste artista.

MEMÓRIA ELÉCTRICA
Baixo este título **Romay Corredoira** apresentanos unha selección das suas pinturas, que poderemos coñecer na sala *Bacabú*.

CARME GALLEGO
No *Círculo de Belas Artes* ten unha mostra de pinturas sobre madeira.

HERDANZA DE SÉCULOS
... património de todos, é o título da mostra que podemos coñecer estes dias no *Museu Provincial* e no edifício da *Xunta*.

LUÍSA PAZ M.
O centro de gravado *Augatinta* acolle unha mostra desta artista.

MEMÓRIA VISUAL DE LUGO
161 Anos de fotografia e grafitis é o subtítulo da mostra que podemos coñecer na sala *Uxio Novoneyra*.

■ **LEITURAS**

CONTOS DA CORUÑA
O Sábado 17 ás 21:30 a apresentación deste libro contará coa actuación-performance de **Xurxo Souto,** e despois unha festa-repichoca na que haberá queimada e castañas. No local da Asociación Cultural *Alto Minho*.

LUCENSIA
Apresentación do número 23 desta revista de cultura e investigación o Xoves 15 ás 18:30 na aula cultural de *Caixa Galicia*.

■ **MÚSICA**

XI FESTIVAL DE JAZZ
O Xoves 15 **Fuasi & Ensamble** ás 20:30 no salón réxio do *Círculo das Artes*; o Venres 16 **Kenny Garret Quartet**; e o Sábado 17 **Carolyn Breuer Quartet,** os dous á mesma hora, e no mesmo lugar. Polo *Clavicémbalo* van pasar até o Sábado 17 diferentes grupos e realizaranse repichocas.

ALBERT PLA
O cantante catalán estará en concerto na sala *Clavicémbalo* o Xoves 22 e Venres 23 ás 23 h. Venda de entradas adiantadas (1.600 pta) en discos *Skoita, Tipo* e no próprio *Clavicémbalo*.

■ **TEATRO**

ORFEO
A compañia boloñesa **La Baracca** cenificará esta obra desde o Martes 20 até o Venres 23 no *Auditório Municipal*.

Mondariz

■ **MÚSICA**

DOMENICO CODISPOTI
Recital de piano no *Balneário* o Sábado 17 ás 20 h.

Monforte

■ **EXPOSICIÓNS**

A MIRADA CRIATIVA
Jesus Rodriguez Montero capta coa sua cámara obxectos cotiáns desde unha perspectiva abstracta que lles dá unha aparéncia totalmente distinta á que estamos acostumados. Na Casa da Cultura até o 30 de Novembro.

DINOSÁURIOS
Desde o Martes 20 e até o 13 de Decembro poderemos coñecer no Auditório Municipal esta mostra ideada polo *Museu Español de Ciéncias Naturais*.

A FELICIDADE DA NADA
No *Centro de Maiores* de *Caixa Galicia* teremos esta mostra até o 30 de Novembro.

GLÓRIA FERNÁNDEZ
Mostra en homenaxe a esta pintora no centro *Terra de Lemos*.

CARLOS SILVESTRE
As suas pinturas poden ser olladas nas *Casitas*.

■ **TEATRO**

OS PAPALAGÜI
Teatro do Aqui subiráa ao cenário da *Casa da Cultura* o Xoves 15.

Muros

■ **MÚSICA**

CORAL CASABLANCA
O Sábado 24 dará un concerto na vila.

■ **TEATRO**

FULANO, MENGANO E CITANO
Cheiro de Estrelas vai cenificala o Venres 16 no *Centro Cultural e Xuvenil*. E o Domingo 18 poderemos ollar **Te lo cuento** da man de **La Tirita de Teatro.**

Narón

■ **MUSICA**

MAGNIFICAT
Música relixiosa baixo a dirección artística de **Antón de Santiago** na Igrexa de *Sta. Icia* o Xoves 22 ás 20 h.

Ogrobe

■ **EXPOSICIÓNS**

FEDERICO FERNÁNDEZ
A sala *Lembranza* acolle a sua mostra de pintura e gravado até o Sábado 17.

Ortigueira

■ **TEATRO**

COPLAS DE CEGO
Nove Dous será quen cenifique esta obra o Venres 16 no teatro da *Beneficéncia*.

Ourense

■ **CINEMA**

A REDOR DOS DIREITOS HUMANOS
A aula sociocultural vai acoller un ciclo que xira en torno a este tema. O Martes 20 proxectarase **Doce homes sen piedade** para tratar o tema do direito á vida. O Mércores 21 o tema que se vai tocar éo do direito á igualdade coa proxección de **O grande dictador.**

■ **CONFERÉNCIAS**

HIPERTENSIÓN E CORAZÓN
O Dr. **Pérez de Juan Romero** será o encargado o Xoves 15 de oferecer esta charla na aula sócio-cultural de *Caixa Galicia*.

■ **EXPOSICIÓNS**

GALIZA, CATRO ESTACIÓNS, MIL CORES
Mostra fotográfica da autoria de **X.L. Vazquez** Iglesias na que podemos ollar a grande variedade cromática que ten o noso país ao longo do ano. No *Museu Municipal* até o 30 de Novembro.

FÉNIX
Mostra de **Xúlio Gil** na *Casa da Xuventude* até o 28 de Novembro, que intenta mostrar a través das suas fotografías o concepto de resurrección permanente, contrapoñéndoa a idea de resurrección determinista, da imortalidade presente en todas as relixións e crenzas idealistas.

UNHA OLLADA A MARROCOS
O andaluz **Francisco Menjivar** ten no edifício politécnico do Campus unha mostra fotográfica na que pretende ensinar imaxes da África que atopa máis ao seu carón. Até o 30 de Novembro.

BUSCANDO FOTOS
De **Antón Álvarez Formoso** que realiza un estudo do cotián, das ruas cheas de aristas, curvas, animais, publicidade, persoas estáticas ou en movimento. No local da A.C. *Auriense* até o 30 de Novembro.

FASCINANTE NATUREZA
Mostra fotográfica de **Joaquin González** Gómez que amosa os aspectos máis relevantes da natureza: paisaxe, fauna, flores en distintos espazos naturais da península Ibérica. No *Studio 34* até o 30 deste mes.

CAIXÓN DE PISTA
Esta mostra de **Espe Pons** é un proxecto formado por 27 fotografias nas que se reflicte o traballo dos artistas do circo até chegar á sua saida en escena, mostrando un especial interese nos detalles máis sutis, na fraxilidade das cousas. Na libraria *Eixo* até o Martes 20.

GALIZA EN FOCO
No *Ateneu* podemos ollar até o 19 de Novembro as fotografias deste certame convocado polo *Clube de Prensa de Ferrol*, que pretenden potenciar o labor dos fotoxornalistas que exercen na Galiza, que ademais son imaxes que resumen un ano da prensa galega.

UNHA PELÍCULA DE PEL
Por sétimo ano consecutivo a galeria *Marisa Marimón* ocupa o seu espazo con esta colectiva, desta votal adicada a dous artistas novos: **Manuel Vázquez** e **Joana Pimentel**. Os dous coinciden en desenvolver proxectos no contorno da arte dixital, apresentando fotografias de espazos interiores onde a nosa realidade máis cotiá se encara con conflitos que xorden do enfrontamento entre realidade e ficción. Até o 5 de Decembro.

CHRISTER STRÖMHOLM
Até o 30 de Novembro, no *Museu Municipal* podemos ollar esta mostra de fotografia do autor sueco que realizou a maior parte das obras no Estado español nas suas múltiples viaxes a finais dos 50 e princípios dos 60.

■ **TEATRO**

CARTAS DE AMOR
Lagarta, lagarta subiráa as táboas do *Principal* o Xoves 15 e Venres 16.

Ponteareas

■ **EXPOSICIÓNS**

SÓ IMAXES
A busca constante de **J.L. Pantoja** coa que trata de conseguir, sen manipulacións,



Desenvólvese en LUGO o XI Festival de Jazz.

Camerata ad libitum

Teremos actuacións en **MOAÑA** o Sábado 17 na *Igrexa parroquial*; en **CEDEIRA** van estar o Sábado 24 na *Igrexa de Nosa Señora do Mar*; e en **VERIN** o Domingo 25 na *Igrexa dos Padres Mercedários*.♦

Unha noite con Verdi: faio Verdi

Comemorando o centenário da morte de Verdi, *Caixanova* oferece este espectáculo dramático-musical no que se narra a vida do compositor servíndose das suas 6 principais óperas. Divídese en duas partes: a base musical da primeira está formada pola coñecida trilogía de ***Rigoletto, Traviata*** e ***Trovatore***; na segunda os fragmentos son de óperas de madurez: ***Don Carlo, Aida*** e ***Otello***. A dirección musical corre a cargo de **Alfonso Saura**, e a cénica a cargo de **Gustavo Tambascio**. O espectáculo estará en **SANTIAGO** o Luns 12 no *Auditório de Galiza*; e en **OURENSE** o Martes 13 no *Principal*.♦

La ramita de hierbabuena

Teloncillo Teatro vai estar en **OURENSE** o Xoves 15 e Venres 16 no *Conservatório* para cenificar esta obra para escolares. En **VIGO** farao do 26 ao 30 no C. C. *Caixanova*.♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

imaxes que transmitan plasticidade e na que utiliza a cor para descubrir a sensibilidade do visitante. No *Museu Municipal* até o 25 de Novembro.

Pontevedra

■ ACTOS

PROXECTO AULA 60
Actividade formativa pensada para xente con ganas de aprender e opinar sobre a situación actual e futura do país organizada pola Fundación *Galiza Sempre* entre o 12 e o 16 de Novembro no *Pazo da Cultura* de 18 h. a 20 h. O programa consta das seguintes actividades: conferéncia e debate sobre história contemporánea, actualidade a debate, visita guiada pola vila, entrevista a un deputado do Parlamento galego, e finalmente debate e conclusións. Participarán na actividade o historiador **Francisco Carballo,** o profesor de Línguas Clásicas **Xosé Abilleira,** o deputado polo BNG no Parlamento galego **Bautista Álvarez** e o secretário da Fundación **Xabier Macias.** Máis información na OMIX do Concello (pza. de España s/n).

■ CINEMA

FESTIVAL
O teatro *Principal* acolle do Luns 19 até o Domingo 25 este festival cinematográfico.

A SOMBRA DUNHA DÚVIDA
Hitchcock retoma o tema da dúvida sobre a inocéncia ou culpabilidade dun personaxe, acadando a outra cara da moeda de *Sospeita*. A chegada a unha pequena cidade de províncias dun membro dunha família e o seu sospeitoso comportamento, fan que a sua sobriña pense que é un asasino perseguido pola xustiza. O Mércores 21 ás 20:15 e ás 22:15 en Caja Madrid, organizado polo cine-clube.

■ EXPOSICIÓNS

EDUARDO BAAMONDE
A sua pintura pode ser ollada na galeria *Sargadelos*, onde ten unha mostra que permanecerá até o 28 deste mes.

CASTRO
Poderemos ver unha mostra da sua obra nunha exposición colectiva que acolle o teatro *Principal* xunto con **P. Cebreiro, López Ferreiro** e **Rey** até o 20 de Novembro.

CONTRA A IDENTIDADE
Colectiva de fotografia que podemos ollar na galeria *Anexo*.

FINLÁNDIA. VANGUARDA EN VIDRO
No edifício *Sarmiento* do *Museu de Pontevedra*.

Convocatórias

CURSO DE GRAVADO
O Centro de Artesanato e Deseño de Galiza organiza este curso, do 12 até o 30 de Novembro, na sede do centro na travesa da rua de Chantada s/n de Lugo. Estará impartido por Isabel Somoza e terá unha duración total de 58 h. O horário dserá de 16 a 20 h. Para inscribirse ou receber información contactar co cadg@cadg.org ou telefonar ao 982 210 066.

SIMPÓSIO MANUEL L. ACUÑA
A Sociedade para o Desenvolvimento Comarcal da Terra de Trives organiza esta xornada o Venres 30 de Novembro, con 12 horas de duración que serán homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística. O simpósio, que terá carácter gratuito, contará coa participación de persoeiros da literatura coma Ramón Nicolás, Carlos López Bernárdez, Xoán Carlos Domínguez, etc. que falarán, entre outros, de temas como o activismo cultural de Manuel Luís Acuña, da sua obra e estilo poético, do percorrido literario do escritor pola comarca, etc. Para inscribirse ou receber máis información hai que telefonar ao 988 331 005 ou contactar co fttrives@cetadec.net.

CERTAME ANTÓN ZAPATA G.
III Edición deste prémio de poesia, que anualmente organiza a agrupación cultural e deportiva *Ria de Laxe*, no que se poderá participar con poemas ou conxuntos de poemas cuxa extensión máxima sexa de 100 versos e a mínima de 50. Deberán ser orixinais, inéditos e non premiados anteriormente, e estar escritos en galego. Os traballos hainos que enviar antes do 4 de Decembro á sede da asociación na r/do Cantón, 11, 15117, Laxe (A Coruña). Enviaranse nun sobre fecho sen remitente e no interior incluira-se outro sobre con todos os dados do autor. Os prémios consistirán en 50.000 pta. para o 1º, haberá un 2º prémio de 10.000 e estabelécese unha categoria infantil para os menores de 15 con lotes de libros para os tres primeiros. Os premios fallaranse o Sábado 15 de Decembro no *Salón de Actos* de Laxe. Máis información no telf. 639 870 331.

ESPIRAL MAIOR DE POESIA
A X edición deste prémio, que se vén celebrando xa desde o ano 1992, consiste na publicación da obra gañadora na colección de poesia *Espiral Maior*. Poderán participar calquer persoa sen límite de idade, con ou sen obra publicada. Os traballos terán un mínimo de 400 versos e apresentaranse por triplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo plica, sen remite, co título da obra acompañado dun lema identificador. En sobre aparte incluiranse todos os dados do autor e no seu exterior indicarase o lema. As obras deberán ser remitidas a Edicións Espiral Maior, Ap. 192, 15080, A Coruña, antes do 30 de Novembro. Para máis información dirixirse ao telf. 981 171 088.

OBRADOIRO SOBRE A ACTUALIDADE DA PINTURA
Eduardo Arroyo vai impartir, do 19 até o 23 de Novembro, este curso práctico no CGAC co obxectivo de analisar os diferentes elementos plásticos que conflúen na criación pictórica. De carácter eminentemente participativo, está dirixido a xóvenes artistas e estudantes de Belas Artes que teñan interese en reflexionar activamente sobre a criación pictórica a través de charlas, debates, etc. Ao mesmo tempo, o artista vai reflexionar sobre a sua traxectória e evolución e os participantes terán a oportunidade de ensinar as suas próprias criacións coa axuda de diapositivas ou un dossier. O horário no que se impartirá será de 11 a 14 h. e de 16 a 19 h. e a inscrición haina que formalizar no CGAC. O prezo será de 8.000 pta. e de 6.000 para a Asociación de Amigos do CGAC. A Universidade de Santiago de Compostela, asi coma as faculdades de Humanidades, Ciéncias da Educación, Belas Artes e Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo conceden un crédito de libre configuración ao presentar o certificado de asisténcia que se concederá aos 15 participantes do obradoiro. Máis información no telf. 981 546 602♦

Rubén Carpeta ten unha vídeo instalación, da que ollamos unha imaxe, na *Igrexa da Universidade* de Santiago, onde, tamén, fai o próprio Isaac Cordal.

■ LEITURAS

A XERACIÓN DE CRISTAL...
E o antigo café Moderno. **Duas Xeracións** dará un recital poético no *Café Moderno* o Xoves 15 ás 20:30 entre outros como **Maria J. Payo Boullosa** (poetisa), **L.A. Gigado** (filólogo) e **Maria Dolores A. Vidal Caramés** (soprano).

■ MÚSICA

TEBRA
E tamén **Ala que vai** e **Ansar** no coléxio *Froebel* o Sábado 10 a partir das 22 horas como concerto inaugural das *Noites Abertas* do concello.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALIZA
Dentro do ciclo de grandes orquestras, poderemola escoitar o Xoves 22 ás 21 h. no *Pazo da Cultura* con repertório de **Mozart** e **Rachmaninov.**

A Póvoa do C.

■ EXPOSICIÓNS

X. CONDE CORBAL
Ten unha mostra dos seus gravados no *Museu Valle-Inclán*.

Ribeira

■ MÚSICA

CORAL DO R.C. NÁUTICO
Dará un concerto o Sábado 17 na Igrexa Parroquial.

Ribadávia

■ EXPOSICIÓNS

TRIPEIROS
Fotografias de **Ricardo Martínez** coas que non pretendia facer retratos convencionais, nen mostrar arquetipos humanos, senón mostrar simplesmente intres cotiáns. No *Museu Etnolóxico* até o 30 de Novembro.

O Rosal

■ MÚSICA

XOSÉ MAQUIEIRA
Levará o son da sua arpa celta á Igrexa Parroquial o Sábado 24.

A Rua

■ EXPOSICIÓNS

SEGADORES EN CASTELA
Reportaxe de **J.L. Nogueira Campos**, feita sobre as persoas da bisbarra que ian a terras castelás ás segas a finais do s. XIX e na 1ª metade do XX. No CC *Avenida* até o 19 de Novembro.

■ MÚSICA

POLIFÓNICA DE PONTEVEDRA
A coral estará o Sábado 17 no C.C. Avenida.

Santiago

■ CINEMA

DRAGÓNS E MAZMORRAS
Fita de **Courtney Salomón** que vai ser proxectada o Xoves 15 e Venres 16 na aula sócio-cultural de *Caixa Galicia*.

ROSETTA
No marco dun programa municipal de co-educación na prevención da violéncia de xénero, vaise proxectar na *aula sócio-cultural* esta fita do Luns 19 até o Xoves 22.

■ CONFERÉNCIAS

GALIZA *20 ANOS DESPOIS: Unha revisión da autonomia política*, este é o título da conferéncia que a cargo de **J.L. Barreiro Rivas** oferece o clube nacionalista *Alén Nós*, o Xoves 15 ás 20 h. no hotel *Meliá-Araguaney*.

■ EXPOSICIÓNS

RUBÉN CARPETA
O coro da *Igrexa da Universidade* serve de marco para *Apunten*, unha vídeo-instalación deste autor, pero tamén para outra de **Isaac Corral.** Dentro de *Procesalia 01* de arte contemporánea, até o 2 de Decembro deste ano.

SANTIAGO MAYER
Os seus óleos poden ser ollados na galeria *Citánia* (Agália de Abaixo 39) até o 11 de Decembro. A repetición dos motivos plásticos apreséntase como o argumento compositivo.

SUSO NOYA
Colga as suas pinturas na galeria José Lorenzo desde este Venres 16 até o 16 de Decembro.

NOLO SUÁREZ
Entre Augas é como titula a mostra de pinturas que sobre este elemento, de clara pegada na nosa cultura, poderemos ollar na galeria *Espacio 48* até o 7 de Decembro. Unha reflexión sobre a auga ao tempo que mostra unha preocupación polo estilo e por facer uso dunha linguaxe actual.

CRUCEIRO SEIXAS
Outras formas de bailar, voar, soñar e deambular é o nome da mostra que podemos ver no *Pazo de Bendaña* oferecida pola *Fundación Granell*.

■ MÚSICA

SOBER
Rock alternativo en directo desta banda madrileña o Xoves 22 ás 22 h. na *Nasa*.

AUDITÓRIO DE GALIZA
A *Tempada de abono* no auditório tráenos o Xoves 22 á **Real Filharmonia de Galiza,** baixo a dirección de **Antoni Ros Marbá.** E dentro do programa *Concertos didácticos* o Xoves 15 e o Venres 16, ás 10 h. e ás 12 h. a **Real Filharmonia de Galiza** baixo a dirección de **M. Zumalave** interpretarán ***Toca o noso conto***.

CAROLIN BREUER QUARTET
Noite de jazz no clube *Dado-Dadá* o Martes 20.

RIKY LÓPEZ
Espectáculo definido como de canta-humor, o Xoves 22 ás 22:30 no *Dado -Dadá*.

GALIZA 5 ESTREJAZZ
Ciclo de jazz que se vai desenvolver no *Dado-Dadá* e que ten como obxectivo dar a coñecer os mellores músicos e grupos de jazz de Galiza, e que constará de máis de 50 concertos e repichocas. En Novembro as actuaciión serán os dias 15, 19, 21, 27 e 29; e en Decembro o 4, 5, 11, 12, 18 e 19.

■ TEATRO

ESPERANDO A GODOT
Ultramarinos de Lucas apresenta esta traxicomédia en dous actos que é unha metáfora da vida como eterna espera sen esperanza. O Venres 23 e Sábado 24 no *Teatro Galán* ás 22 h.

JANSEL E PONSEL
Bucanero estrea esta obra na *Nasa*, o Xoves 15 e o Venres 16 ás 22 h. e o Sábado 17 ás 23 h. A un texto tan surprendente como divertido únese a posta en cena resolta coa máxima simplicidade da man destes dous tipos que apontan directamente ao estómago con desenfado e espontaneidade.

Tui

■ EXPOSICIÓNS

JOSÉ CARLOS GUERRA
Até o 7 de Decembro poderemos contemplar as suas pinturas na galeria *Trisquel e Medúlio*. En verbas de M. Viribay "a obra de Guerra está marcada por unha estética de liñas diagonais e formas cuidadas que producen un inevitábel sentimento de melancolia."

José Carlos Guerra mostra a sua pintura na galeria *Trisquel e Medúlio* de TUI.

Verin

■ CONFERÉNCIAS

ALZHEIMER
Sobre esta enfermidade e sobre a necesidade de voluntariado como axuda falarase o Martes 20 ás 20 h. na *Casa da Cultura*.

Vigo

■ CINEMA

A LARANXA MECÁNICA
Fita de **Stanley Kubrick** do ano 1971, que vai ser proxectada polo colectivo *Nemo* de fantasia e ciencia ficción no café Uf este Xoves 15 ás 21:30 h.

SOL DE OUTONO
Fita de **Eduardo Mignogna** (1996) que se vai proxectar o Xoves 15 ás 18:30 na aula sócio-cultural de *Caixa Galicia*.

Rosalia

O Centro Dramático Galego apresenta en xira a obra de **Ramón Otero Pedrayo** baixo a dirección de **Roberto Vidal Bolaño**. Otero oferecenos unha imaxe de Rosalia como símbolo e realidade dunha visión actual e histórica, como bandeira de futuro na encarnación dun sentir colectivo. Ao autor interesalle a figura de Rosalia como símbolo da Galiza e por iso fai unha recriación lírica a partir de feitos e dados biográficos da cantora do Sar, mais sen tratar de apresentar unha obra de rigor biográfico. A vida de Rosalia é o ponto de partida para retratar o sentir e pensar da época que lle tocou viver. Cunha posta en cena de altura e cun reparto de primeira, o CDG vai estar no *Salon Teatro* de **COMPOSTELA** até o 18 de Novembro con funcións os Mércores, Xoves e Domingos ás 18 h. e os Venres e Sábado ás 20:30 h. Na **ESTRADA** estará o Sábado 24 e o Domingo 25 no teatro *Principal*. No teatro *Pastor Diaz* de **VIVEIRO** poderemos vela o Mércores 28 e o Xoves 29. Información e reservas no CDG 981 581 111.♦

Cineuropa 2001

Até o 30 de Novembro no *Principal*, asi coma nos centros sócio-culturais de *Vite* e *Fontiñas* en **COMPOSTELA**. Grandes nomes do cinema europeu, producións de numerosas nacionalidades, xénero fantástico, terror, fitas polémicas, grandes clásicos... nas habituais seccións do festival, con películas coma ***Navigator*** de **Ken Loach**, ***Fucking Amal***, ***En construcción***, ***Bajo la arena*** ou ***Lucky break*** ente outras. Tamén haberá unha nutrida participación internacional con fitas coma ***Kandahar***, no que se narra a situación do actual Afganistán, xunto con outras coma ***Aceras de New York***, ***A bicicleta de Beijin*** ou ***Litle Senegal***. Para un público cada vez máis esixente inauguranse novas seccións: *Transgresións*, con fitas polémicas que escandalizaron a público e crítica; o *Dogma Ri*, en clave de comédia; *Cinefilias*, para recuperar os grandes clásicos e homenaxear a outros, como sucede desta volta con **Jack Lemmon** proxectando o ***O apartamento***. Moitos títulos son os que se poderán ver antes do tradicional maratón co que conclue o festival e onde os asistentes escollerán a fita gañadora do prémio do público dotado de un millón de pta.♦

Are More. Festival de Vigo

Esta edición, baixo o título de **Os *camiños do Amor: Deuses e humanos*** oferécenos, o Venres 16 ás 20:30 no *Fraga*, **Noite de Gala** coa soprano **Mirella Freni** acompañada ao piano por **Paola Molinari.** O Domingo 18 ás 20 h. na sala de concertos *Martín Códax* do Conservatório, **Paul O'Dette** en concerto. E o Xoves 22 ás 20:30 na mesma sala, recital de viola e piano a cargo de **David Fons** e **Emilio Boil.** O Venres 23 ás 21:30 concerto en homenaxe a **Moisés Alonso** na Igrexa-Concatedral de *Sta. María*, a cargo de **Alia Mvsica**, baixo a dirección de **Miguel Sánchez**, que interpretará **O *canto das auroras***, vixília e música na tradición mediterránea. Máis información no telf. 986 810 170 ou na páxina electrónica www.vigo.org.♦

Anúncios de balde

■ **Véndese piso na rua Llorente de Vigo.** Tres cuartos, garaxe e trasteiro. 18 millóns. Telf. 649 731 444.

■ Xa **funciona en internet o portal gallegos:** dados e fotografías de persoeiros da actualidade ou da história do país (galego, castelán, inglés). Pódese acceder a el a través de www.Galiciadixital.com ou www.Galiciadigital.com. Participa da iniciativa enviándonos os dados e fotos que estimes oportunos ou con algun artigo breve na sección de *Opinión* ou de *Tribuna Libre* (arte, comunicación, educación...) polos seguintes meios: correo a Galiciadixital, Nória 30, 27001, Lugo; fax 982 221 456; correo electrónico, interdix@galicia.com.

■ **Precísase señora para traballo de supervisora** desde a sua própria morada. Oferecemos preparación a cargo da empresa, importantes condicións económicas. Sr. San José, telf. 657 852 115.

■ Por motivos de expansión, empresa líder no sector de xoiaiaria, cosmética zapataria, etc. **precisa persoal para traballo agradábel como distribuidora e supervisora.** Importantes condicións económicas. Srta. Raquel, telf. 927 220 807.

■ **Os Bono-árbore 2001 para a repovoación forestal** da Ribeira Sacra, de *Xevale Ecoloxía*, xa están á venda. Envia 500 pta. ao Apdo. 35 de Chantada e plantaremos tres árbores autóctonas no teu nome.

■ **Véndese domitório de duas camas** xemelgas e máis tres mantas. Telf. 630 400 925.

■ O Ateneu Libertário *Francisco Iturralde* de Ferrol promove a **edición dun periódico libertário galego, de carácter aberto e independente.** Cultura, actualidade, entrevistas, opinión, cun enfoque crítico... Necesitamos persoas para o grupo editor, colaboradores/as, distribuidores/as e suscriptores/as. Máis información en apdo. 109, 15407 Narón (A Coruña); http://xaveras.tripod.com/aip.html ou novasalfi@yahoo.es

■ ***Sexto fetiche***, último poemário de **Antom Fortes Torres** (Premio Legais 2001), está á venda nas livrarias *Colom, Couceiro, Lume* e *Nós* da Corunha; *Souto* e *Trama* de Lugo; *Michelena* de Pontevedra; *A palavra perduda, Couceiro, Follas Novas, Sargadelos* e *Trasgo* de Compostela; *Andel, Cervantes, Sargadelos* e *Versus* de Vigo. Tamén o podes solicitar contra-rembolso a igalizasarria@hotmail.com ou fortetorre@hotmail.com (990 pts. + gastos de envio).

■ Carlos, 29 anos, 1.79 cm, 77 kg., cavelo claro e ollos azuis, non-fumador/bebedor, políglota, gosto da natureza, ioga, exercício e artes marciais, **quixera coñecer unha rapaza** de ollos e cavelo claro que teña intereses en comun. Tlf. 686 840 098.

■ **Alúgase casa con finca en Aguete (Marin),** en temporada escolar. Telf. 986 703 146.

■ **Véndese Ford Orion 1,6** inxección-guia. 90.000 Km. rodados. En bon estado e prezo. Telf. 986 703 146.

■ **Depois do 21-O ainda segue á venda Galiza CiB** (Herriak Sense Fronteiras), o primeiro livro livre até dous números. Distribue *Baia Edicións* telf. 981 174 296.

■ A **peña deportivista** *Pardo de Cela* **organiza saídas en auto-carro a Riazor** –prezos especiais para sócios/as– e xestiona a merca de entradas. Tamén distribuimos material coa simboloxia da equipa. Informate no bar *San Pedro*, Correlos 19, Mor (Alfoz). Tlf. 982 558 411.

■ O ***Centro Galego de Madrid* vai dar comezo aos cursos** de iniciación á língua galega, no centro dous dias por semana e pola tarde. As instáncias xa están á disposición dos interesados. Asimesmo xa comezaron as clases de gaita (Venres de 19 a 20:30 h. e Sábados de 11 a 12:30 h.); as clases de baile para adultos, os Venres de 19 a 20 h. e os Sábados o nível infantil ás 10:30 h. Tamén está aberto o prazo para asistir a bailes de salón por unha cuota de 3.000 pta./mes para sócios e 4.500 para quen non o sexa. Telf. 915 318 748.

■ **Véndese finca de 1.031 m² en Marin,** situada en zona de praias. Boas vistas ao mar. Telf. 986 703 146.

■ **Búscase mozo ou moza para compartir piso na Coruña,** zona do Peruleiro (a carón de Riazor). 18.000 pta. por persoa, moi bon estado. Perguntade por Iago no telf. 606 018 441.

■ **Precísanse mariñeiros para pesca de baixura en Mallorca.** Aloxamento facilitado pola empresa, 200.000 pta. de salário ao mes máis porcentaxe sobre a pesca. Máis información nos telf. 986 866 421 / 636 333 187.

■ A AC ***Ánxel Casal*** **de Arzua precisa,** para a sua Aula de Teatro Infantil, **monitor de teatro.** Para máis información chamade ao telf. 981 501 199.

■ **Véndese casa con muíño e fincas** en **Mundín-Chantada (Lugo).** Ideal para restaurar e adicar a turismo rural. Informes no tlf. 982 441 589.

■ A asociación cultural ***Fala Ceibe*** **do Bierzo anuncia a criación da páxina web en www.bierzoportal.com.** Trátase de facilitar o exercício da liberdade de expresión en galego perseguida na comunidade galego-falante da bisbarra e de informar axeitadamente dos nosos problemas lingüísticos. Visitádenos.

■ **Alúgase cuarto por noites ou mes completo** na zona da **Praza Roxa de Compostela.** Telf. 617 065 527.

■ **Música clásica para vodas.** Diferentes grupos de cámara e voz. Telf. 981 507 925 / 636 270 817.

■ **Vendo dúplex en Foz** totalmente amoblado, 216 m², moi céntrico. Perguntar por Licínio, ás meiodias, no telf. 982 200 912.

■ **Vendo piso en Cangas** de 4 dormitórios, de 144 m², por 17.000.000 pta. Telf. 986 328 557.

■ **Vendo terreo de 5.000 m² en Salceda** de Caselas. Telf. 629 849 791.

■ **Véndese piso en Bertamiráns (Ames)** pegado a Santiago. Tres cuartos, cociña amoblada, calefacción individual, trasteiro, 2 prazas garaxe, piscina comunitária, 13,5 millóns. Telef. 981 512 597.

■ ***"Mongólia. Umha entidade estatal rugosóide"***, último poemário de **Igor Lugris.** Pódelo atopar en: Compostela: bar A Sereia, pub Tarasca, livrarias Couceiro, Ártico, Palavra Perduda, Mª Balteira, Folhas Novas, Pedreira, Sargadelos, tenda A Mouga; Ponferrada: livraria Siena; Ourense: livraria Torga; Coruña: livrarias Sisargas, Couceiro, Nós, Lume e Colón; Pontevedra: livraria Michelena; Vigo: livrarias Andel, Cartabón, Librouro, Universitária Sur e Sargadelos; Ferrol: Fundaçom Artábria e Sargadelos; Madrid: Sargadelos. Ou ben solicitalo contra-rembolso a artefactoeditorial@hotmail.com (1.000+300 pta. para gastos de envio).♦

■ **CONFERÉNCIAS**

TRANSTORNOS ALIMENTARES NA FAMÍLIA
O Venres 23 e Sábado 24 ás 18:30 h. a *aula sócio-cultural* vai acoller o I Seminário Luso-Galaico de Transtornos Alimentares que vai aprofundizar neste tema.

IMPORTÁNCIA DOS CANTOS TRADICIONAIS
O Sábado 17 ás 20:30 h. no C.C. *Caixanova* da man de **Lembranzas Galegas.**

XL ANOS DE MICOLOXIA
A agrupación micolóxica *A Zarrota* estará, do Luns 19 ao Venres 23, na sala de conferéncias do C.C. *Caixanova.*

EMPRESA FAMILIAR
A primeira edición deste congreso analisa este tipo de economia na euro-rexión Galiza/Norte de Portugal e vaise celebrar o Xoves 22 e Venres 23 no C.C. *Caixanova.*

■ **EXPOSICIÓNS**

PORTADAS DE DISCOS GALEGOS
Grupos como *Milladoiro, Fuxan os Ventos, Na Lua*... solistas como *Bibiano, L.E. Batallán, E. Cao, A. Prada*... ou Os *Resentidos, Limones*, etc forman parte desta colección de portadas de discos galegos do xornalista **Roque Soto** que poderemos ollar na libraria *Andel* (Pintor Lugris 10) até finais de Decembro.

MÁRIO IGLESIAS
Mostra pictórica do pontevedrés na galeria *Visual Labora* até o 29 de Novembro.

VANGUARDAS ARQUITECTÓNICAS:
O racionalismo en Vigo. Até o 21 de Novembro na fundación *Caixa Galicia* podemos ollar esta mostra.

SABELA CANITROT & ANTÓNIO CALLEJA
Teñen unha mostra conxunta de pintura na *Casa das Artes*.

DIEGO DE OYA
Até o 1 de Decembro poderemos coñecer a sua pintura na sala *Euro Arte*.

LUIS GORDILLO
As suas pinturas estarán colgadas na galeria VGO até o 23 de Novembro.

O QUE VIGO LLE DEBE AO MAR
Mostra fotográfica de **Ángel Llanos** que pode ser visitada na *Casa das Artes*.

GONZALO QUICLER
A galeria *Alameda* oferece unha mostra da sua pintura.

■ **LEITURAS**

MONGÓLIA
Apresentación deste libro de poemas de **Igor Lugris** na libraria *Andel* o Xoves 22 ás 20:30.

■ **MÚSICA**

MOJINOS ESCOZÍOS
O Venres 16 no *Pavillón das Travesas* van estar a partir das 21:30 h. co seu traballo ***Las margaritas son flores del campo.***

SINFÓNICA DE GALIZA
O Xoves 15 ás 20:30 no auditório de *Caixanova* poderemos asistir ao concerto que vai oferecer baixo a dirección de **Ton Koopman** e acompañada do baixo **Klaus Mertens,** cun programa no que aparecen obras de Schubert, Bach e Mendelsshon.

BANDA DE CANDEÁN
Co gallo do 30 aniversário do CVC *de Valadares*, o Domingo 18 ás 19 h. no auditório deste centro viciñal, esta banda-escola de música dará un concerto con entrada libre.

POLE
Dub e música electrónica en directo desde Berlin o Xoves 22 no clube *Vademecum.*

TARTINI STRING QUARTER
A Sociedade Filarmónica de Vigo organiza este concerto na sala do CC *Caixanova* o Venres 23.

■ **TEATRO**

THE QUEEN IS DEAD
Da man de **Matarile Teatro** o Venres 16 no C.C. *Caixanova* baixo a dirección de **Ana Vallés.** Entradas no telf. 986 110 500.

Santiago Jorge mostra a sua pintura na *Casa del Libro* de VIGO.

UNHA VELLA TIÑA UN CAN
Sesión de conta-contos para crianzas o Sábado 17 na libraria *Cervantes* ás 12 h.

Vilaboa

■ **CONFERÉNCIAS**

MITOS CELTAS NA GALIZA
Na *Raiña Lupa*, en Santo Adrián de Cobres, o Venres 16 ás 21 h, **António de la Peña,** responsábel de arqueoloxia do *Museu de Pontevedra*, falará sobre este tema, tras o que haberá un colóquio e posteriormente un magosto.

Vilagarcía

■ **MÚSICA**

CORAL LICEU MARÍTIMO
Dá un recital o Domingo18 na sala de *Caixanova.*

■ **TEATRO**

OS VELLOS NON DEBEN
De namorarse, claro. a obra de Castelao cenificada polo **Teatro do Morcego** este Venres 16 na *Casa da Cultura*.

Vilalba

■ **EXPOSICIÓNS**

AS IMAXES DE CASTELAO
Na sala de exposicións do *Auditório* poderemos ver esta mostra na que atopamos a maior recopilación fotográfica sobre o escritor, artista e líder nacionalista Alfonso Daniel Rodriguez Castelao, até o 9 de Decembro.

■ **TEATRO**

SEXISMUNDA
Sarabela Teatro porá en cena esta obra no auditório *Carmen Estévez* o Venres 16.

Viveiro

■ **EXPOSICIÓNS**

CERTAME DE FOTOGRAFIA
As obras da IV edición deste certame organizado polo Concello están colgadas na sala *San Francisco*.

Xinzo

■ **EXPOSICIÓNS**

OUTROS CAMIÑOS
Mostra de **X.M. Castro** que nos achega a mundos oníricos de sensacións, e que podemos atopar na *Casa da Cultura* até o 30 de Novembro.♦

A Rede

CONSELLO DA CULTURA
www.consellodacultura.org

Sitio oficial do Consello da Cultura Galega. Inclue información sobre o centro de prensa, un salón de actos virtual, notícias, boletin de novidades, centro de ideas, axenda, xornadas e congresos, história do Consello, lexislación, composición, seccións, mediateca, convocatórias, sistema cultural en rede, exposicións e correos. Tamén proporciona acceso a outras páxinas do Consello.♦

Exodos, de Sebastião Salgado

Exposición que podemos ollar a un tempo en **VIGO** (CC *Caixanova*); **SANTIAGO** (*Colexio Fonseca* e *Igrexa da Universidade*); **OURENSE** (Aula de Cultura *Caixanova*); e **PONTEVEDRA** (salas *Caixanova Gagos de Mendoza* e *Pza. de S. Xosé*), e até o 2 de Decembro. O seu autor, o brasileiro **Sebastião Salgado,** plantexa a mostra como un intento por sensibilizar a quen se deteña a ollar as suas fotografías da necesidade de construir un futuro distinto. Retrata nesta magna exposición o dramático éxodo de emigrantes e refuxiados a través de 300 fotografías en branco e preto. Sebastião, considerado como o máis importante no fotoxornalismo de finais do s. XX e princípios do XXI, ten rexistado coa sua cámara as condicións de vida da periféria parisina, a integración dos imigrantes nas sociedades europeas, a resistência cultural dos índios de Latinoamérica e moitos máis proxectos, imaxes coas que tenta incitar á reflexión e o debate e, sen ser prioritárias, as suas cualidades estéticas fan destacar a sua obra sobre outros traballos fotoxornalísticos; a sua honestidade e beleza impáctannos e emociónannos.♦

Tono Carbajo colga as suas fotografías na sala do *Edificio da Xunta* en VIGO.

TONO CARBAJO
O *Colexio de Arquitectos* organiza esta mostra de fotografía titulada *V-2 040* que se inaugurará este Venres 16 na sala de exposicións do Edifício Intitucional da Xunta.

SANTIAGO JORGE
Mostra a sua pintura na libraria Casa del Libro (Velázquez Moreno 27) até o 24 deste mes.

CURRO GONZÁLEZ
Olvidando el Edén é o título da mostra que podemos ollar na galeria *Ad Hoc* e que reune unha série de debuxos de 153 x 85 cm. titulada *La canción del rio* que se inspira nun libro de poemas chinose un grupo de 6 obras realizadas con técnica mixta sobre tea de medidas diversas. Até o 15 de Decembro.

Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m²

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Afonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 15 DE NOVEMBRO • 2001 • Nº 1.008 • ANO XXIV • IV XEIRA •

8 400021 303104 01008





Á esquerda faro de Cabo Vilano, arriba faro de Fisterra e abaixo a *vaca* do mesmo faro.

Neria publica un libro coas torres que albergaban as lanternas da Costa da Morte

De cada faro, un museu

CARME VIDAL

Nin se sabe cantos naufráxios non evitarian os faros que inzan a Costa da Morte. Aquelas torres erguidas nos acantilados, presididas por unha lanterna que ilumina cara o mar forman parte da paisaxe tanto como a própria costa. Arredor deles naceron milleiros de história e a sua sombra deixou pegada en obras de artistas e escritores. A Asociación Neira ven de publicar o libro *Os faros da Costa da Morte,* da autoria de Xosé Mª Lema Suárez e Manuel Vilar Álvarez, unha publicación inscrita nun proxecto máis amplo que quere recuperar para museos e centros culturais estas míticas construcións.

Están na literatura de Robert Louis Stevenson e Virxínia Wolf pero tamén na escrita de Enrique Labarta Pose, Gonzalo López Abente, Xervásio Paz Lestón ou, na actualidade, nas páxinas de Miro Villar, Alexandre Nerium, Rafael Lema, Fran Alonso ou Marilar Aleixandre. Os galegos miraron especialmente para aquelas grandes lanternas que se espetaban en Fisterra, na punta do Roncudo, no cabo Vilán ou nas illas Sisargas. Agora Xosé Mª Lema Suárez e Manuel Vilar veñen de asinar o libro *Os faros da Costa da Morte,* no que se fai percorrido por cada unha destas torres marítimas e tamén se recolle toda a história e a lenda que os rodea.

O libro nace por iniciativa da Asociación Neria, unha entidade supracomarcal que actua desde Carnota a Cabana de Bergantiños e forma parte do proxecto *Descubrindo Milénios* que ten como obxectivo valorar o património da zona. A iniciativa completouse coa negociación coa Autoridade Portuária da Coruña —da que dependen a maior parte dos faros— para facer neles museus ou centros culturais. O reparto está xa feito, o de Vilán seria un museu sobre os próprios faros, o de Touriñán centrarias e na natureza da zona, o de Fisterra recriaria o mundo máxico do que se considerou o fin do mundo e o de Cee albergaria unha mostra que recorrese os castelos da Costa da Morte. A iniciativa de darlles novas funcións a estas grandes lanternas aparece despois de que a automatización dos sistemas levase a que dos edifícios se retirasen as maquinárias antigas e as vivendas dos fareiros.

> 'Os viciños opuxéronse á eliminación da vaca do faro de Fisterra, o nome que lle dan á luz que muxe cando hai néboa"

Pero teñen valor os faros como para conservalos? A Manuel Vilar, un dos autores do libro, a resposta sáelle de corrido: "todo o valor que se lle queira dar, somos nós quen llo damos". Para explicar máis polo miudo unha contestación nada concreta bota man dun exemplo. Nunha ocasión ao faro de Fisterra quixéronlle quitar a "vaca". Coñecíase popularmente co nome do animal do que Manuel Rivas di que hai máis de un millón no país á serea de névoa e a razón é que cando se puña en funcionamento facia un ruido similar a elas. Cando anunciaron que a vaca deixaria de existir foron os próprios fisterrás os que se opuxeron á sua desaparición, aquel estruendo en dias neboentos formaba parte xa das suas próprias vidas.

O programa de faros da Costa da Morte ven maiormente do reinado de Isabel II e foron as potencias estranxeiras as que reclamaron a sua construción. Mirando para edifícios míticos como o faro de Alexandria ou mesmo para a Torre de Hércules, o máis antigo do mundo en funcionamento, na Costa da Morte son os das illas Sisargas e o de Fisterra o que máis tempo teñen desde a sua construción na segunda metade do século XIX. Pero tamén outea o Atlántico na comarca o moderno de ponta Nariga que naceu en 1995 da man do arquitecto César Portela.

A máxia está en Fisterra

Manuel Vilar non elude facer a sua escolla entre todos eles. "O de Vilán pola sua impresionante torre pero, en especial, o de Fisterra pola simboloxia que ten e pola sua situación sobre os cantis a 144 metros sobre o nivel do mar. Durante moito tempo considerouse que ali estaba o fin do mundo e iso deulle toda a máxia que ainda conserva. Os faros teñen un indubidábel atractivo turístico e serian bo reclamo para que os visitasen os milleiros de persoas que cada ano pasan pola Costa da Morte", sinala.

Gardan moitas lendas os faros? "Todos teñen histórias", afirma. Algunhas aparecen no libro, como a do torreiro-pintor das Sisargas ou a do valenciano que recalou en Touriñán en 1900. Outras son máis tristes e veñen relacionadas cos naufráxios que sofreu unha costa tan difícil para a navegación. Sen embargo, vontade dos autores foi botar por terra as lendas negras que existen tanto aqui como en todas as partes do mundo.

Os fareiros chámanse agora técnicos de sinais marítimas. O sistema de GPS instalado nos barcos fai redundantes os sinais emitidos polas lanternas. Por que siguen funcionando? Manuel Vilar coida que continuan sendo necesários porque dan "seguridade simbólica" aos navegantes. Razón que evoca aquela oposición que os viciños de Fisterra mantiveron para conservar o muxido da luz de néboa. ♦

Patriotas

XOSÉ A. GACIÑO

Os ideólogos do franquismo, unha vez vencido o fascismo en Europa, inventaron aquilo da "democracia orgánica" para disfrazar a súa dictadura e apuntarse ao réxime político de máis prestixio.

Agora, os herdeiros da manipulación lingüística, adiantándose aos dubitativos socialistas, están a apropiarse da fórmula do "patriotismo constitucional", posta en pé polo filósofo alemán Habermas como unha maneira de intentar recuperar a dignidade patriótica nun país como Alemaña, onde, despois do nazismo, a palabra patria soaba a sinónimo de casa dos horrores. Tratan así de disfrazar o seu nacionalismo centralizador e ominante. Como teñen adicados tantos esforzos a desprestixiar os nacionalismos (enténdese aos nacionalismos da periferia española, baseados nas súas respectivas identidades históricas e culturais), xa non poden recoñecer abertamente que tamén eles son nacionalistas (naturalmente, nunha dirección moi diferente) e senten a necesidade de apoiar o seu sentimento patriótico no bastón do constitucionalismo. Neste caso, é o adxectivo o que lle dá prestixio ao substantivo. Explican, además, que forxaron a súa conciencia dos valores cívicos na loita contra o terrorismo (refírense, claro, ao terrorismo etarra: outros terrorismos anteriores, os do Estado dictatorial, non lles afectaron e non sentiron entón a necesidade de loitar polos dereitos cívicos dos demáis).

O problema é que estes patriotas vergonzantes parecen dispostos a enarbolar a Constitución como o novo dogma do poder e converter un punto de encontro, a partir do cal desenvolver o futuro, co-debate das diversas posibilidades, nunha nova imposición inapelábel. En mans destes novos patriotas, a Constitución pode pasar de ser un marco de liberdades a convertirse nun catecismo Ripalda que define como pecado mortal calquera mínima disidencia. ♦

VOLVER AO REGO

Aznar ten demasiados ministros con contas pendentes coa xustiza. Só o anxo da garda Cardenal salvou a Piqué do tribunal. Rato cabalga con chuleria para ventilar o fedor de Gescartera. Agora, o Parlamento balear vén de responsabilizar a Jaume Matas de comprar votos na Arxentina. Estes son daquel partido que ia limpar as corruptas cortes da política. ♦